



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma.
CORPORACIÓN PROVINCIAL o 27 de maio de 2022

ÍNDICE DOS ASUNTOS TRATADOS

ASUNTOS

Información e actas

<u>1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/2022, do 29 de abril.</u>	<u>7</u>
<u>2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de abril de 2022 ata o 20 de maio de 2022.</u>	<u>7</u>

Comisión de Benestar Social e Educación

<u>3. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2022 e do correspondente convenio de colaboración.</u>	<u>7</u>
<u>4. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos Rías Altas para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal e do correspondente convenio de colaboración.</u>	<u>15</u>
<u>5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña-CASCO para cofinanciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2022 e do correspondente convenio de colaboración.</u>	<u>22</u>
<u>6. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO para financiar a Substitución do tellado da Comunidade Terapéutica O Confurco e do correspondente convenio de colaboración.</u>	<u>30</u>

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

<u>7. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Mesia para financiar as "Actividades na Aula da Natureza-Museo Etnográfico das Brañas de Valga.</u>	<u>37</u>
---	-----------

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais

<u>8. Aprobación do proxecto DP 1107 Boiro a Cabo de Cruz. Actualización de mellora da capa de rodadura con mestura bituminosa en quente pq 0+000 ao pq 4+000 (BOIRO), integrado no Plan de Conservación de Vías Provinciais 2022, terceira fase igualmente obxecto de aprobación.</u>	<u>45</u>
--	-----------

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

<u>9. Aprobación das instrucións para tramitar a revisión excepcional de prezos en contratos de obras da Deputación Provincial da Coruña</u>	<u>46</u>
<u>10. Aprobación da rectificación do inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao ano 2021</u>	<u>51</u>
<u>11. Aprobación da transferencia da competencia de dominio público viario provincial e asemade o cambio de titularidade a favor do Concello de Ames de varios tramos das estradas provinciais: DP 0203 Bertamiráns a Augapesada , DP 0205 Bertamiráns á Ramallosa e DP 0206 Milladoiro a Biduido.</u>	<u>54</u>
<u>12. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora da Iluminación na Zona Rural -Fase 2.</u>	<u>55</u>
<u>13. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de rehabilitación do estadio municipal da Malata.....</u>	<u>64</u>
<u>14. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras do programa "Aldeas con vida propia".</u>	<u>75</u>
<u>15. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de renovación dun tramo da rede de abastecemento do camiño de Outeiro -Sombreiro</u>	<u>85</u>
<u>16. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coristanco polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da Estación depuradora de augas residuais en San Paio</u>	<u>95</u>

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

<u>17. Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 para a regulación do POS+Adicional 2/2022, para o financiamento de gastos correntes do exercicio 2022, investimentos financeiramente sostibles e revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais.....</u>	<u>104</u>
<u>18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación do paseo fluvial de Arteixo desde Sabón ata O Rañal" do Concello de Arteixo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0110.0.....</u>	<u>119</u>
<u>19. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Ampliación de centro deportivo e reforma de pista polideportiva exterior Rúa Belvís de Paleo", do Concello</u>	

de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0143.0, levantamento das condicións ás que quedou sometida e aprobación definitiva desta obra. **120**

20. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Abastecemento a Rodeiro e Trasanquelos. Estación de bombeo, impulsión e depósito regulador", do Concello de Oza-Cesuras, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0684.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento..... **122**

21. Aprobación da prórroga do convenio nº 95/2021 entre o concello de Mugardos e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas á "Pista de Pumtrack en O Baño TM Mugardos"..... **124**

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

22. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a proveedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a abril de 2022..... **126**

23. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Función Pública, da información da execución orzamentaria da Deputación provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao primeiro trimestre de 2022. **127**

24. Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Sada (TAXA SOLO). **127**

25. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios **128**

26. Dación de conta das entregas a conta de maio, xuño, xullo e agosto de 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios. **132**

27. Dación de conta do informe da Tesourería da posta en marcha da notificación electrónica. **132**

28. Aprobación da proposta da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do sexto mes de 2022. **132**

29. Aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo, cadre de persoal e organigrama 2022. **133**

Comisión de Transición Ecolólica, Emprego e Territorio Sostible

30. Aprobación da actualización do Plan de Emprego Local (2020/2023) na que se inclúen modificacións en PEL Concellos, PEL Emprende e PEL Pemes. **228**

**ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓN**

<u>1.Moción que presentan os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG sobre a habilitación de novos fondos para os concellos por parte da Xunta de Galicia.</u>	<u>252</u>
<u>2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica pola defensa da vivenda pública.....</u>	<u>268</u>
<u>3.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio aos traballadores e traballadoras do metal.</u>	<u>278</u>
<u>4.Moción do PSG-PSOE e do BNG sobre acceso e inclusión dixital.</u>	<u>285</u>
<u>ROGOS E PREGUNTAS</u>	<u>292</u>

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 27 de maio de 2022.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 27 de maio de 2022, reúñese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don José Francisco Santos Regueiro	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde País	PP

Excusada:

Dona Rosa Mª Gallego Neira	PP
----------------------------	----

O Sr. Leira Piñeiro entra unha vez comezada a sesión, no punto número 4.

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación

Deputación Provincial da Coruña

Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:06 horas, tratáronse o seguintes asuntos:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/2022, do 29 de abril.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 4/2022, do 29 de abril.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de abril de 2022 ata o 20 de maio de 2022.

Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Presidencia desde o 23 de abril de 2022 ata o 20 de maio de 2022.

3.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2022 e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 60.000,00 €, ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2022, cun orzamento subvencionado de 84.295,94 €, de acordo co texto do convenio que se achega.**

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no

outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 11 de maio de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio As Mariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2022.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Consorcio As Mariñas.

EXPOÑEN

Que a Excma. Deputación Provincial é competente para proporcionar apoio técnico económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, e o fomento da prestación unificada destes ao amparo do disposto na Lei de Bases de réxime Local, 7/85, art. 36, na Lei de Administración Local de Galicia 5/97 arts 109 a 119, así como na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 , art 63 a cal establece que as deputacións proporcionaranllas asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Consorcio As Mariñas**, con CIF: P1500011J, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria

Deputación Provincial da Coruña

para o financiamento parcial do *Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2022*.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Consorcio As Mariñas.

O Consorcio as Mariñas desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

DATOS POSTO	CUSTOS SALARIAIS	TOTAIS	
NOME DO POSTO	SOLDOS E SALARIOS	COTA PATRONAL	GASTO TOTAL ANUAL
ASESOR/A XURIDICO/A	22.909,20 €	8.313,10 €	31.222,30 €
ASESOR/A XURIDICO/A	22.909,20 €	8.313,10 €	31.222,30 €
AUXILIAR ADMTVO./A	16.209,06 €	5.642,28 €	21.851,34 €
		TOTAL GASTO	84.295,94 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 71,18 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 71,18 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio As Mariñas obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumplimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio As Mariñas.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio As Mariñas, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxección ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as actividades do Consorcio As Mariñas no ano 2022, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

O logotipo da Deputación Provincial da Coruña debe figurar na paxina web de inicio do Consorcio As Mariñas.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obliga do Consorcio As Mariñas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Consorcio As Mariñas do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar.

O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2021.

* **Orzamento da entidade** para o exercicio 2022, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos da **aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do Consorcio As Mariñas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio As Mariñas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro

prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Consorcio As Mariñas para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio As Mariñas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio As Mariñas.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Consorcio As Mariñas terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Consorcio As Mariñas deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Consorcio As Mariñas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio As Mariñas deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio As Mariñas poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio As Mariñas queda sometido aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio As Mariñas serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio As Mariñas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio As Mariñas, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Correspondelos aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

(Entra no salón o Sr. Leira Piñeiro).

4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal e do correspondente convenio de colaboración

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Vecíños)

Votan contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.**

2.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **70.000,00 €, á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas para cofinanciar a *Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal* cun orzamento subvencionado de 100.302,21 €, de acordo co texto do convenio que se achega.**

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal.

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación da Asoc. Banco de Alimentos Rias Altas

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanllas atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas é unha entidade sen ánimo de lucro, que conforme aos seus estatutos, no artigo 5, ten como fins recadar alimentos da sociedade, principalmente dos de carácter excedentario como medio de solidariedade cos necesitados, almacenándoos para a súa posterior doazón. Proporcionar os alimentos doados ás institucións e centros asistenciais da Provincia da Coruña que mostren a súa necesidade. Promover a participación do voluntariado para os dous fins anteriores.

Estes destinatarios finais son as “ persoas mais desfavorecidas”, as persoas físicas, familias ou agrupacións cuxa situación de dependencia económica está recoñecida polas autoridades competentes.

As principais actuación da entidade perseguen os obxectivos de desenvolvemento sostible: fin da pobreza, fame cero, saúde e benestar, redución das desigualdades.

2.- No ano 2021, o Banco de Alimentos Rias Altas repartiu 2.854.666 Kg/l de alimentos entre 168 entidades sociais, atendendo a 26.427 beneficiarios.

3.- A pandemia tivo un profundo impacto nas finanzas da poboación coa destrución de emprego e os recortes salariais para os afectados por ERTEs, ademais de todas as persoas que xa se atopaban en situación de pobreza, polo que praticamente dobrou a pobreza severa. Miles de persoas non poden cubrir as súas necesidades básicas de alimentación e vense obrigadas a acudir aos Bancos de Alimentos.

4.- Que a Deputación da Coruña é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Régime Local 7/85 de 2 de abril , art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

5.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Banco de Alimentos Rias Altas**, con CIF G70260906, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal**.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas.

A Asociación Banco de Alimentos Rias Altas levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Adquisición de alimentos de primeira necesidade	61.979,11 €
Gastos 3 coordinadoras	Soldos e salario
	Seguridade Social
Total	100.302,21 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **70.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 69,79%.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 69,79 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención

de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderá á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste

convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demás xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demás responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Banco de Alimentos Rias Altas.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Asociación Banco de Alimentos Rias Altas deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Asociación Banco de Alimentos Rias Altas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web

dacoruna.gal

- 4.** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

- 1.** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2022**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023 autorice o correspondente Orzamento.

- 2.** Previa solicitude da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

- 3.** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

- 1.** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

- 2.** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

- 3.** Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.2

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña-CASCO para cofiniciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2022 e do correspondente convenio de

Deputación Provincial da Coruña

colaboracion.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 60.000,00 €, á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña.CASCO para cofinanciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2022, cun orzamento subvencionado de 255.280,84 €, de acordo co texto do convenio que se achega.**

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 11 de maio de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2022.

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna._____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____ en nome e representación da Asoc. Comité Ciudadano Anti-

Deputación Provincial da Coruña

Sida de Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanllas atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO é competente conforme aos seus estatutos art. 3, c) que indican que desenvolverán entre outras a actividade de promover e desenvolver pisos de acollida para persoas con VIH/SIDA, sen recursos.

2.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Régime Local 7/85 de 2 de abril , art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO**, con CIF G15279219, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Mantenemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2022**.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

	Concepto	Importe
Gastos do persoal do piso de acollida VIH	Soldos e salarios	104.736,43 €
	Seguridade Social	33.024,33 €
Gastos do persoal do piso de inserción	Soldos e salario	89.358,54 €
	Seguridade Social	28.161,54 €
Total		255.280,84 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **23,50 %**.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **23,50 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

- * **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- * **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demás xustificantes de gasto.

- * **Certificación** da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

- * **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.
- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

- 1.** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022**.
- 2.** Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.
- 3.** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

- 4.** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- 1.** A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

- 1.** A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
- 2.** Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
- 3.** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumplimento dalgúnha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgúnha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida-CASCO serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2022**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes prececeptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente

xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO para financiar a Sustitución do tellado da Comunidade Terapéutica O Confurco e do correspondente convenio de colaboracion.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 60.000,00 €, á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO para financiar a *Sustitución do tellado da Comunidade Terapéutica O Confurco*, cun orzamento subvencionado de 90.289,69 €, de acordo co texto do convenio que se achega.**

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a

existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 12 de maio de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

5.- Condicionar a aprobación do expediente de concesión da subvención á aprobación definitiva e entrada en vigor do EMC no que conteña o crédito axeitado e suficiente.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Sustitución do tellado da Comunidade Terapéutica O Confurco

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO, NIF

Deputación Provincial da Coruña

G15072010, para o financiamento da *Sustitución do tellado da Comunidade Terapéutica O Confurco*.

A *Sustitución do tellado da Comunidade Terapéutica O Confurco* para a mellora de eficiencia enerxética na envolvente (cuberta), aparece definida no proxecto realizado por José Fernández Martínez, Enxeñeiro Industrial do ICOIIG, con número de colexiado 646.

II.- Orzamento de execución das obras

O orzamento previsto acada a cifra de 90.289,69 € co seguinte desagregado:

IMPORTE DE EXECUCIÓN MATERIAL	62.705,53
13 % Gastos xerais	8.151,72
6 % Beneficio industrial	3.762,33
IMPORTE DE EXECUCIÓN	74.619,58
21% I.V.E.	15.670,11
TOTAL ORZAMENTO	90.289,69

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **60.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **66,45 %** do orzamento total.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **66,45 %**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.- Con carácter previo á contratación, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.- No caso de que o importe dun gasto subvencionable supere o importe de 60.000 €, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO da Provincia da Coruña deberá seleccionar o provedor mediante un procedemento con publicidade e liberdade de concorrencia. Na valoración da oferta más ventaxosa deberá participar persoal técnico da Deputación, que será designado para este cometido en cada caso e con solicitude previa da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

* **Certificación** de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista

* **Factura** expedida polo contratista.

* **Certificación** de aprobación da mesma polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

2.- Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de DEZ anos.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.

2.- Unha vez rematadas as obras, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación

dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO queda

sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención aa Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de novembro de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

7.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Mesia para financiar as "Actividades na Aula da Natureza-Museo Etnográfico das Brañas de Valga

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrenza competitiva:

- *As actividades propostas polo Concello de Mesía enmarcase na promoción económica, e segundo consta na motivación das razóns expostas polo Concello e xustifican a concesión da citada subvención dada a relevancia tan importante do lugar co obxecto de manter o pulso vital do municipio a través do funcionamento continuado deste espazo e realizar así unha grande variedade de actividades dirixidas, cada día, a toda a poboación e que satisfagan non só a súa alternativa de ocio senón que se convertan nunha forma de aprender.*
- *Segundo a memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste converter este lugar nun referente para os centros educativos galegos, nun lugar onde complementar coñecementos e adquirir outro novos organizando as seguintes actividades:*
 - *Converter o lugar nun referente para os centros educativos galegos, nun lugar onde complementar coñecementos e adquirir outros novos.*
 - *Achegar á poboación ao mundo da cerámica e a súa importancia histórica e social en Galicia.*
 - *Posibilidade de visitas libres e visitas guiadas.*
 - *Obradoiros e talleres.*
 - *Exposicións e proxeccións relacionada coa temática da Aula da Natureza-Museo Etnográfico.*

- *Programa expositivo permanente e temporal.*
- *Conferencias, charlas e xornadas de portas abertas.*
- *Así mesmo pretende recuperar entornos danados e a posibilidade de convertelos en lugares de interese para a poboación que poderá achegarse ao mundo da cerámica e a súa importancia histórica e social en Galicia.*
- *Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.*

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía con CIF P1504800B para financiar o proxecto “Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga” que queda condicionado á aprobación do EMC 5/2020 cunha achaega provincial de 60.000,00 € con cargo á aplicación presupuestaria 0510/3336/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80 % con respecto a un orzamento de 75.000,00 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MESÍA

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte, o representante da Deputación

E doutra parte, o representante do Concello de Mesia

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanllles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MESÍA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes

Deputación Provincial da Coruña

cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE MESÍA, CIF P1504800B**, para o financiamento das “Actividades na aula da natureza- Museo Etnográfico das Brañas da Valga” ano 2022.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE MESÍA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL	61.380,48 €
Peón de xardinería	21.624,36 €
Peón de xardinería	21.821,64 €
Monitor de tempo libre	17.934,48 €
GASTOS CORRENTES	13.619,52 €
Material divulgativo e didáctico para visitas, exposicións, talleres, xornadas, etc.	1.000,00 €
Material para obradoiros, talleres, etc.	1.526,95 €
Cursos de cerámica, de utilización de materiais naturais, de modelado do barro, etc.	1.000,00 €
Conferencias e charlas	300,00 €
Produtos de limpeza	1.050,77 €
Electricidade e teléfono	1.600,00 €
Ferramentas de xardinería (materiais non inventariables)	1.038,71 €
Abonos, sementes e outros produtos para o mantemento das áreas axardinadas e zonas verdes	800,35 €
Alimentación e repoboación da fauna existente	1.000,00 €
Mantemento, reposición e conservación das instalacións e demais equipamento (pintado aulas, traballos de albanería en vieiros, canalizacións acuíferas, etc.)	2.502,74 €
Material e traballos de reparación de fontanería, electricidade...	1.800,00 €
TOTAL	75.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEM PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que

Deputación Provincial da Coruña

represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3336/46201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MESÍA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Correspondelle ao CONCELLO DE MESÍA o outorgamento dos contratos de suministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MESÍA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE MESÍA trame e aprobre algúna modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MESÍA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE MESÍA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MESÍA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os

acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas assumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- Certificación da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE MESIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao CONCELLO DE MESÍA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demás responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MESÍA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializárase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses

ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1 O CONCELLO DE MESÍA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE MESÍA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNIS.

- 1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)

3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MESÍA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MESÍA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2022, sen que en ningún caso sexán subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 31 de xullo do ano 2023, sempre e cando exista crédito para tal fin.**

2. O CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2023.**

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MESÍA, respectivamente.

3. Correspondenlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do

E, en proba de conformidade, as partes comparecientes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante do
CONCELLO DE MESÍA"

8.- Aprobación do proxecto DP 1107 Boiro a Cabo de Cruz. Actualización de mellora da capa de rodadura con mestura bituminosa en quente pq 0+000 ao pq 4+000 (BOIRO), integrado no Plan de Conservación de Vías Provinciais 2022, terceira fase igualmente obxecto de aprobación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Desistir da execución das obras incluídas no proxecto **MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE**. DP-1107 (BOIRO A CABO DE CRUZ), P. Q. 0+000 A P. Q. 4+000 (BOIRO) cun orzamento de contrata de 449.881,42 euros, incluído no PLAN DE CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2020, CUARTA FASE aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de xuño de 2020, obra que non chegou a ser obxecto de licitación e por tanto tampouco de adxudicación, tendo en conta o tempo transcorrido desde a súa redacción á situación económica actual, realizándose para iso as operacións contables oportunas.

2º.- Aprobar o Proxecto DP 1107 BOIRO A CABO DE CRUZ. ACTUALIZACIÓN DE **MELLORA DÁ CAPA DE RODADURA CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE** PQ 0+000 AO PK 4+000 (BOIRO), código 2022.1100.0035.0, e un orzamento de contrata de 563.750,20 a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 2022/0410/4531/61900, integrándose no PLAN DE CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2022, TERCEIRA FASE que igualmente é obxecto de aprobación.

3º.- Expoñer ao público o proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

4º.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.- Aprobación das instruccións para tramitar a revisión excepcional de prezos en contratos de obras da Deputación Provincial da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1- Aprobar as instruccións para tramitar a revisión excepcional de prezos en contratos de obras da Deputación provincial da Coruña:

Mediante RESOLUCIÓN do 28 de abril de 2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo deuse publicidade ao acordo da Xunta relativa á aplicación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, do título II do Real decreto lei 3/2022, do 1 de marzo no que se refire a medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras (DOG nº 82 do 29 de abril de 2022)

Ao obxecto de establecer as pautas para a aplicación no ámbito da Deputación do citado

Deputación Provincial da Coruña

acordo, dítanse as seguintes instrucións:

1.- ÁMBITO SUBXECTIVO.

As presentes instrucións serán de aplicación á Deputación provincial da Coruña.

2.- ÁMBITO OBXECTIVO.

2.1.- Contratos susceptibles de revisión

Contratos públicos de obras, administrativos ou privados.

2.2.- Contratos de obras en execución, licitación, adxudicación ou formalización á entrada en vigor da Real Decreto Lei 3/2022, isto é, o 02/03/2022.

De acordo co establecido no Real Decreto Lei 3/2022 modificado polo Real Decreto Lei 6/2022 e o acordo da Xunta de Galicia do 28 de abril do 2022, que o fai extensivo á administración local, serán susceptibles de revisión excepcional de prezos os contratos públicos de obras, xa sexan administrativos ou privados, adxudicados pola Deputación provincial da Coruña que se atopen en execución, licitación, adxudicación ou formalización á entrada en vigor do real decreto-lei 3/2022, isto é, a partir do 02/03/2022.

2.3.- Contratos de obras cuxo anuncio de licitación se publique na plataforma de contratos do sector público no prazo dun ano a partir do 02/03/2022.

Serán susceptibles de revisión excepcional de prezos os contratos públicos de obras, xa sexan administrativos ou privados, cuxo anuncio de adxudicación ou formalización se publique na plataforma de contratación do sector público no período dun ano desde a entrada en vigor do real decreto-lei 3/2022, é dicir, a partir do 02/03/2022, sempre que concorra a circunstancia establecida en real decreto lei 3/2022.

Igual posibilidade de revisión excepcional de prezos recoñeceráselle ao contratista naqueles contratos públicos de obras, xa sexan administrativos ou privados, adxudicados pola Deputación provincial da Coruña, cuxo anuncio de licitación se publique na plataforma de contratos do sector público no prazo dun ano desde a entrada en vigor do real decreto lei 3/2022, isto é a partir do 02/03/2022, e cuxo prego de cláusulas administrativas particulares estableza unha fórmula de revisión de prezos, sempre que concorra a circunstancia establecida no real decreto-lei 3/2022.

2.4.- Incumprimento de prazos polo contratista

Non procederá o cómputo dos prazos para esta revisión extraordinaria si a obra se demorou por causas imputables ao contratista.

3.- RECOÑECIMENTO DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS E CRITERIOS DE CÁLCULO.

A revisión excepcional de prezos recoñecerase cando o incremento do custo dos materiais empregados para o contrato de obras tivese un impacto directo e relevante na economía do contrato durante a súa vixencia e ata a súa finalización, isto é unha vez formalizada a acta de recepción e emitida a correspondente certificación final.

3.1. Existencia de impacto directo e relevante na economía do contrato.

Para estes efectos considerarase que existe tal impacto cando o incremento do custo de materiais siderúrxicos, materiais bituminosos, aluminio ou cobre, calculado aplicando aos importes do contrato certificados nun período

determinado, que non poderá ser inferior a un exercicio anual nin superior a dous exercicios anuais, a súa fórmula de revisión de prezos si a tivese, e, na súa falta, aplicando a que pola natureza das obras lle corresponda de entre as fixadas no Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, exceda do 5 por cento do importe certificado do contrato nese mesmo período.

Para estes efectos, entenderase por período determinado o comprendido entre o período incluído na primeira certificación de obra e a última inmediatamente anterior á acta de recepción, minorado no seu caso, no período de demora que sexa imputable ao contratista.

En consecuencia, non serán obxecto de revisión os períodos inferiores ao ano. O cálculo deste incremento efectuarase suprimindo da fórmula aplicable ao contrato os termos que representan os elementos de custo distintos dos antes citados, e incrementando o termo fixo, que representa a fracción non revisable do prezo do contrato, no valor dos coeficientes dos termos suprimidos, de forma que a suma de todos os coeficientes mantidos máis o termo fixo sexa a unidade.

A contía da revisión excepcional á que se refire este artigo non poderá ser superior ao 20 por cento do prezo de adxudicación do contrato. Dita contía non se tomará en consideración para os efectos do límite do 50 por cento previsto no artigo 205.2. da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e no artigo 111.2 da Real Decreto Lei 3/2020, do 4 de febreiro; nin para os efectos doutros límites sobre modificacíons previstos na normativa anterior que fose de aplicación ao contrato.

3.2. Criterios de cálculo da revisión excepcional de prezos

A contía resultante da revisión excepcional calcularase da seguinte maneira:

a) Cando o prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de obras estableza unha fórmula de revisión de prezos, dita contía será o incremento que resulte da aplicación desta fórmula modificada suprimindo o termo que represente o elemento de custo correspondente a enerxía, e incrementando o termo fixo, que representa a fracción non revisable do prezo do contrato, no valor do coeficiente do termo suprimido, de forma que a suma de todos os coeficientes mantidos máis o termo fixo sexa a unidade, ás certificacións do executado durante o período desde o 1 de xaneiro de 2021, ou desde o primeiro período certificado si este fose posterior, ata o momento no que, de acordo con o disposto no apartado 5 do artigo 103 da Lei 9/ 2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, poida ser efectiva a revisión prevista na cláusula. Transcorrido este período, o contrato rexerase polo establecido no prego.

b) Cando o prego de cláusulas administrativas particulares non estableza a fórmula de revisión de prezos, dita contía determinarase como a diferenza entre o importe certificado pola execución da obra cada ano desde 1 de xaneiro de 2021, ou desde o primeiro período certificado si este fose posterior, ata a conclusión do contrato e o que se certificou si dita execución tivese dereito a revisión de prezos, aplicando a fórmula que apareza no proxecto de construcción que serviu de base para a licitación do mesmo ou na súa falta a que corresponda ao contrato de entre as mencionadas no Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, modificada suprimindo o termo que represente o elemento de custo correspondente a enerxía, e incrementando o termo fixo, que representa a fracción non revisable do prezo do contrato, no valor do coeficiente do termo suprimido, de forma que a suma de todos os coeficientes mantidos máis o termo fixo sexa a unidade.

Esta regra aplicarase áinda que áinda non se executara o 20 por cento do importe do contrato ou non transcorresen dous anos desde a súa formalización. En ambos os casos, a data a considerar como referencia para os índices de prezos representados con subíndice 0 nas fórmulas de revisión será a data de formalización do contrato, sempre que a formalización se produza no prazo de tres meses desde a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto da data en que termine este prazo de tres meses si a formalización se produce con posterioridade. En todo caso, si a data de formalización é anterior ao 1 de xaneiro de 2021, tomarase como referencia o 31 de decembro de 2020.

4.- TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE RECOÑECIMENTO DE REVISIÓN DE PREZOS.

4.1. Solicitud

Presentarase unha solicitud para cada unha das obras das que se solicite revisión de prezos asinada por persoa con poder suficiente para representar á empresa, identificando o código de expediente e o código de obra.

4.1.1. Prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica da Deputación a partir da formalización da acta de recepción e en todo caso antes da aprobación da certificación final das obras.

4.1.2. Documentación a acompañar ás solicitudes

A solicitud irá acompañada da documentación necesaria para acreditar a concorrencia da circunstancia de excepcionalidade establecida en real decreto-lei 3/2022.

4.2. Comprobación por parte da Deputación

O órgano de contratación deberá apreciar o cumprimento da circunstancia de excepcionalidade que dea lugar á revisión de prezo. Para iso, e sempre que sexa posible, o órgano de contratación utilizará datos procedentes do Instituto Nacional de Estatística.

O servizo técnico provincial competente (Vías e Obras, Arquitectura e Mantemento ou Asistencia Técnica a Municipios) efectuará a comprobación da documentación presentada polo solicitante mediante informe motivado, no que se indicará:

Se procede ou non a revisión de prezos.

No caso de que proceda a revisión de prezos, a fórmula de revisión de prezos a aplicar.

En caso de demora no prazo de execución do contrato, si a mesma é por causa imputable ao contratista ou á Administración.

O importe da liquidación provisional calculada cos índices publicados ata a data do informe.

O informe do servizo técnico remitirse ao Servizo de Patrimonio e Contratación para que emita o correspondente informe relativo aos aspectos xurídicos que, coa conformidade da Secretaría Xeral remitirse ao Servizo de Fiscalización para emisión do preceptivo informe.

4.3. Emenda

En caso de non achegarse a documentación necesaria para a tramitación da revisión extraordinaria, o órgano de contratación concederá un prazo improporcional de sete días hábiles para emendar os defectos observados.

No caso de que neste prazo non se emendase a deficiencia, denegarase a solicitude.

4.4.- Proposta provisional

Unha vez recibida a documentación, o órgano de contratación ditará unha proposta provisional indicando nela se procede recoñecer a revisión excepcional de prezos e, de ser así, a fórmula aplicable ao contrato e a liquidación provisional.

4.5.- Trámite de audiencia

A proposta provisional trasladarase ao contratista por un prazo de 10 días hábiles para que presente as súas alegacións.

4.6.- Resolución

4.6.1.- Prazo para emitir resolución.

Transcorrido o prazo establecido no apartado anterior, o órgano de contratación resolverá motivadamente o que proceda no prazo dun mes a contar desde a recepción das alegacións ou desde a finalización do prazo para a súa presentación.

A concesión da revisión excepcional de prezos non requirirá o reaxuste da garantía definitiva.

Aprobarase a concesión ou denegación da revisión extraordinaria de prezos de forma motivada por Resolución de Presidencia que se notificará ao contratista, á dirección de obra e á Intervención Provincial.

4.7.- Desestimación por silencio

A finalización do prazo máximo para resolver sen ter resolución expresa, faculta ao solicitante para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

5.- PAGO DA CONTÍA RESULTANTE DA REVISIÓN DE PREZOS.

5.1.- Forma de pago e desistencia de recursos

A contía resultante desta revisión excepcional será obxecto de factura polo contratista e presentarase, separadamente, cando se presente a certificación final da obra e a factura desta certificación final.

O pago da contía resultante da revisión excepcional de prezos quedará condicionado, no caso de que o contratista interpuxera calquera reclamacións ou recursos en vía administrativa ou exercitado calquera tipo de acción xudicial por causa do incremento do custo dos materiais nese contrato, a que acredeite fidedignamente que desistiu daqueles.

5.2.- Determinación definitiva do importe na liquidación

O importe da liquidación provisional da revisión extraordinaria de prezos corrixirase, no seu caso, á alza ou á baixa, na liquidación do contrato, cos índices oficiais definitivos correspondentes ao período en que se aplicou a revisión.

Para estes efectos, o servizo técnico correspondente emitirá de oficio informe no que se determine a liquidación definitiva da revisión extraordinaria de prezos.

O informe remitirase ao Servizo de Patrimonio e Contratación que emitirá informe xurídico e remitirao ao Servizo de Fiscalización.

Unha vez fiscalizado favorablemente emitirase a correspondente resolución aprobando a liquidación definitiva da revisión extraordinaria de prezos que se notificará ao contratista.

No caso de que da liquidación definitiva resulte un importe a favor do contratista, este presentará a correspondente factura por este importe.

No caso de que a liquidación definitiva resulte un importe a favor da Deputación, requirirse ao contratista para que presente a correspondente factura rectificativa e proceda ao seu ingreso e de non efectualo, descontarase do importe da garantía definitiva do contrato ou no seu caso, esixirse pola vía de conxinximento.

5.3.- Repercusión ao subcontratista.

O contratista que perciba a contía resultante desta revisión excepcional deberá repercutir ao subcontratista a parte da mesma que corresponda á porción da obra subcontratada. O subcontratista terá acción contra o contratista para reclamarlle dita parte.

Os subcontratistas non terán acción directa fronte á Administración contratante polas obrigacións contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

5.6.- Transmisión de dereitos de cobranza

O contratista terá dereito a transmitir os dereitos de cobranza da revisión de prezos.

2- Publicar as instrucións no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia da Deputación para coñecemento xeral."

10.- Aprobación da rectificación do inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao ano 2021

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- "1. Aprobar a rectificación do inventario de bens da Deputación provincial da Coruña
2. Remitir unha copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, en cumprimento do establecido no artigo 32.1 do Regulamento de Bens.

ANEXO

Altas, baixas e modificacións experimentadas no inventario durante o ano 2021.

Epígrafe 1.1. Inmobilés urbanos:

Non hai alteracións.

Epígrafe 1.2.- Tramos de estrada:

Baixa das estradas provinciais DP 3001, acceso ao sanatorio de Sta. Gema en Palavea; DP 3003, S. Pedro de Visma a Mazaido e DP 3007, a Grela á Moura. Cambio de titularidade a favor do Concello da Coruña, por acordo do Pleno adoptado na sesión ordinaria do 30 de xuño de 2021.

Epígrafe 3.-Móbiles históricos, artísticos e de considerable valor económico:

Alta do número de orde 2664, unha máquina de escribir antiga marca Royal, por Resolución de Presidencia 49.714 do 23/12/2021.

Alta dos números de orde 2665, 2666 e 2667, 3 gravados de diversos autores, por Resolución de Presidencia 48.534 do 16/12/2021.

Epígrafe 4.-Valores Mobiliarios:

Non hai alteracións

Epígrafe 5.-Vehículos:

Alta do número de orde 129, unha biotrituradora astilladora, por Resolución de Presidencia 33.323 do 13/08/2021

Epígrafe 7.1.- Outros móbiles:

Non hai alteracións.

Epígrafe 7.2.-Máquinas e equipamento informático:

Baixa do número de orde 7591, unha tableta electrónica marca Huawei, por Resolución de Presidencia 5.643 do 18/02/2021.

Baixa do número de orde 7860, un televisor marca Samsung, por Resolución de Presidencia 8239 do 05/03/2021.

Baixa do número de orde 7841, un ordenador portátil marca Lenovo Think Pad, por Resolución de Presidencia 20.964 do 21/05/2021.

Baixa dos números de orde 5818, 323,3028,4041,321,1771, 2543, 4704, 5673, 2602, 2604, 1896, 2604, 3901, 2162, 3666,4607 e 1800, equipos de oficina, por Resolución de Presidencia 29.308 do 09/07/2021.

Baixa dos números de orde 4610, 4950, 4596, 4720, 4601, 4709, 4454, 4448, 4721, 4036, 4028, 4475, e 4515, CPUs e pantallas, por Resolución de Presidencia 29.751 do 14/07/2021.

Baixa dos números de orde 7589, 7593 e 7594, tabletas electrónicas marca Huawei, por Resolución de Presidencia 30.575 do 22/07/2021

Baixa dos números de orde 4726, 4600, 4608, 4711, 4611, 4614, 4598, 4606, 4480, 4000, 3989, 4011, 4035, 4629, 4617, 4616, 4622, 4731, 4740, 4732, 4618, 1714, 1717, 3931 e 4627, CPUs, pantallas e teclados, por Resolución de Presidencia 31.461 do 30/07/2021.

Baixa do número de orde 7586, unha tableta electrónica, por Resolución da Presidencia 50.907 do 30/12/2021

Alta do número de orde 7861, unha impresora 3D marca Galimaker, por Resolución de Presidencia 13.150 do 16/04/2020 (non se dera de alta no inventario por ser adquirida para a súa cesión no ano 2020 e posteriormente devolta á Deputación o 15/03/2021).

Alta dos números de orde 7858 e 7859, dous mini-PC marca Lenovo, por Resolución de Presidencia 313 do 08/01/2021.

Alta do número de orde 7862, un televisor marca Samsung, por Resolución de Presidencia 16.390 do 26/04/2021.

Epígrafe 7.3.-Accesorios:

Non hai alteracións.

Epígrafe 8.1.-Inmobilés cedidos / Revertibles:

Non hai alteracións.

Epígrafe 8.2.1.-Bens móbiles e outros dereitos cedidos / Revertibles. Mobiliario:

Non hai alteracións.

Epígrafe 8.2.2.-Bens móbiles e outros dereitos cedidos / Revertibles. Maquinas e equipamento informático:

Non hai alteracións.

Epígrafe 8.2.3.- Bens móbiles e outros dereitos cedidos / Revertibles. Vehículos:

Non hai alteracións.

Epígrafe 9.1.-Inmobilés arrendados á Deputación.

Non hai alteracións.

Epígrafe 10.1.-Inmobilés cedidos á Deputación.

Non hai alteracións."

11.- Aprobación da transferencia da competencia de dominio público viario provincial e asemade o cambio de titularidade a favor do Concello de Ames de varios tramos das estradas provinciais: DP 0203 Bertamiráns a Augapesada , DP 0205 Bertamiráns á Ramallosa e DP 0206 Milladoiro a Biduido.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobado por unanimidade e coa maioría absoluta que require o asunto.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a transferencia da competencia de dominio público viario provincial e asemade o cambio de titularidade a favor do Concello de Ames dos seguintes tramos de estradas provinciais solicitado polo Concello mediante acordo plenario do 31/03/2022:

TRAMOS DP0203_1R E DP0203_2R DA DP 0203 BERTAMIRÁNS A AUGAPESADA (0,452 km)

1.- DP0203_1R

Coordenadas de inicio: X = 528035 / Y = 4746141

Coordenadas de fin: X = 528086 / Y = 4746322 2.- DP0203_2R

Coordenadas de inicio: X = 528091 / Y = 4746657

Coordenadas de fin: X = 528088 / Y = 4746417

TRAMO DA DP 0205 BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA (0,684 km)

Coordenadas de inicio: X = 528484 / Y = 4745295

Coordenadas de fin: X = 528926 / Y = 4744792

TRAMO DA DP 0206 MILLADOIRO A BIDUÍDO

(0,278 km)

Coordenadas de inicio: X = 534398 / Y = 4743354

Coordenadas de fin: X = 534170 / Y = 4743489

2.- Dar traslado á Xunta de Galicia para a súa correspondente aprobación aos efectos de dar cumprimento ao prevenido no artigo 9 da Lei de Carreteras de Galicia.

3.- Modificar o Catálogo de Estradas da rede de titularidade da Deputación Provincial da Coruña, unha vez aprobado polo órgano competente da Xunta de Galicia o cambio de titularidade sen necesidade de novo acordo plenario, dando conta á consellería competente da Xunta de Galicia en materia de estradas.

4.- Modificar o Inventario de Bens da Corporación no que respecta aos tramos referidos no punto 1º do presente acordo."

12.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora da Iluminación na Zona Rural -Fase 2.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota, para cofinanciar as obras de "mellora da Iluminación na Zona Rural -Fase 2." e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder a sua aprobación e formalización

2º Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrenza, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota para cofinanciar as obras de mellora da Iluminación na Zona Rural - Fase 2, cunha achega provincial de 59.352,86 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/1651/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do 16,00 % respecto dun orzamento de 370.955,31 euros.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARNOTA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA ILUMINACIÓN NA ZONA RURAL - FASE 2

Na Coruña, a ____ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de Carnota

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanllas atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Carnota** considera de primeira necesidade as obras de Mellora da Iluminación na Zona Rural - Fase 2

“...na busca das sustentabilidade enerxética e financeira do territorio, así como no camiño a cumplir os Obxectivos de Desenrollo Sostible vén de desenrolar un plan de mellora da eficiencia enerxética no sistema de iluminación pública.

Deputación Provincial da Coruña

Este plan, na súa totalidade, contempla unhas inversíóns superiores a un millón trescentos mil euros. Dispoñer esta cantidade dos fondos propios municipais, ou ben acudir a unha entidade de crédito, sería ocasionar un gasto extraordinario e excesivo, para un obxectivo que imprescindible para o futuro do Concello, tanto na vertente financeira como nos servizos ofrecidos aos nosos habitantes.

... Estas actuacións son do máximo interese público económico, por canto permitirán reducir o gasto de alumeados públicos de maneira considerable..."

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións pretendese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Carnota** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Carnota con CIF P1502000A, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos assumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das "obras de Mellora da Iluminación na Zona Rural -Fase 2", tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Pablo Rojo Losada, Ingeniero Técnico Industrial Col. Nº.: 2.525.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa disponibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	257.625,74 euros
Gastos xerais 13,00%	33.491,35 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	15.457,54 euros
IVE (21%)	64.380,67 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	370.955,30 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **59.352,86** euros o que representa unha porcentaxe de **16,00 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredeite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **16,00%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1651/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite a APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca (símbolo e logotipo) da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumplir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo governo, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de

xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Certificación expedida polo **órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboados co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial
Deputación Provincial da Coruña

determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demás obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

.4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no ejercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o

Deputación Provincial da Coruña

prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

13.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de rehabilitación do estadio municipal da Malata.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para cofinanciar as obras de "Rehabilitación do Estadio Municipal da Malata" e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder a sua aprobación e formalización

2º Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para cofinanciar as obras de rehabilitación do estadio municipal da Malata, cunha achega provincial de 488.026,92 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/3420/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 80 % respecto dun orzamento de 610.033,65 euros.

3º Condicionar a eficacia do convenio co Concello de Ferrol para cofinanciar as obras de rehabilitación do estadio municipal da Malata, á **aceptación polo Racing de Ferrol SAD** das obrigas e compromisos relacionados na cláusula V do convenio, en virtude do acordo adoptado co concello de Ferrol polo que se lle outorga a concesión demanial ao Racing de Ferrol.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS REHABILITACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DA MALATA

Na Coruña, a ____ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña
E doutra parte D. _____, en representación do **Concello de Ferrol**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanllas atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Régime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efecto, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Régime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da legislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Ferrol considera de primeira necesidade a rehabilitación do Estadio Municipal da Malata, ao entender que

“...Estamos a falar dunha obra moi urxente, debido o estado do estadio en xeral e dalgúndas zonas en particular, e tamén dunha obra de carácter excepcional xa que se trata de emendar una serie de patoloxías derivadas da falta dun mantemento adecuado e dos anos pasados dende a súa construcción, que provocan riscos importantes debido a súa perigosidade:

- *Risco de desprendementos dos pilares prefabricados situados na parte alta do cerramento da fachada*
- *Risco de caída da tabiquería e rotura do pavimento do Fondo Norte. • Riscos por corrosión da estrutura da cuberta.*
- *Risco por corrosión dos cerramientos metálicos exteriores.*
- *Risco por levantamento de chapas da cuberta ...*

Trátase dunha infraestrutura importante para a cidade de Ferrol e para toda a comarca de Ferrolterra, destinada a servir como campo de xogo ao Racing de Ferrol, o primeiro equipo da cidade de Ferrol, con cen anos de historia, e unha larga traxectoria na promoción do fútbol na cidade e tamén na comarca, tendo un gran arraigo social e cultural en Ferrolterra. Una instalación por onde pasan gran cantidade de persoas tanto nos partidos de fútbol, e fútbol 7 (instalacións anexas)

como tamén os usuarios e usuarias da piscina da Malata e do Club de Kayak Polo...

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razóns de interese público, social e económico expostas.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Ferrol** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Ferrol** con CIF P1503700E, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “**obras de Rehabilitación do Estadio da Malata**”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado en **Febreiro de 2022** polo arquitecto Luis Felipe Cabezas Torrelo, Nº **colexiado 3.164**.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa disponibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Presupuesto de ejecución material	423.663,90 €
13% de gastos generales	55.076,31 €
6% de beneficio industrial	25.419,83 €
Presupuesto de ejecución por contrata	504.160,04 €

21% IVA	105.873,61 €
Presupuesto de ejecución por contrata con IVA	610.033,65 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **488.026,92 euros** o que representa unha porcentaxe do **80 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredeite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3420/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario

para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**
- 3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a entidade beneficiaria trame e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- OBRIGAS E COMPROMISOS DO CONCELLO DE FERROL

- 1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumplir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo governo, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**
4. Insertar **videos divulgativos e informativos** da provincia da Coruña e dos seus concellos nos paneis electrónicos do estadio, de acordo co seguinte criterio, en cada partido de competición oficial:
 - 1 anuncio con son, de 20 de segundos na previa do partido ou no descanso do mesmo.
 - 8 anuncios sen son, de 8 segundos, 4 na primeira parte e 4 na segunda parte do **dito** partido
5. Permitir a celebración, nas instalacións deportivas municipais, dun campus de fútbol anual. Para unha axeitada planificación, a Deputación deberá comunicarle ao Concello con tres meses de antelación as datas de celebración do mesmo, o cal deberá axustarse as seguintes condicións:

- Non superar a duración de dúas semanas.
- Non coincidir cas tempadas ordinarias de competición federada.
- O concello decidirá, en función das súas necesidades, a instalación deportiva que se vaia a ceder para celebrar dito campus debendo comunicarlo nun prazo máximo dun mes, a contar dende a recepción da comunicación provincial.
- En ningún caso se admitirá que se fagan actividades económicas en dita instalación, aproveitando a celebración do Campus.
- Non se admitirá o acceso de público, só poderán entrar na instalación os participantes e mais os monitores do devandito Campus, así como a Inspección Provincial.
- A Deputación Provincial asume ao seu risco e ventura a realización do Campus, así como a responsabilidade de todo tipo que se poda derivar por dita actividade e cos participantes, contratista, traballadores da contrata ou terceiros alleos a actividade Sen perxuizo da responsabilidade patrimonial do concello que se poda derivar polo funcionamento da instalación deportiva.

6. Poñer a disposición da Deputación Provincial da Coruña, **1000 entradas** para colectivos desfavorecidos ou nenos/as que estean federados como practicantes de fútbol base, para o evento deportivo municipal “**Trofeo Concepción Arenal de fútbol**”.

Ditas entradas sorteárense pola Deputación Provincial da Coruña entre os 93 concellos da provincia da Coruña para os colectivos antes mencionados

7. Permitir celebrar no Estadio da Malata a **Final masculina e feminina da Copa Deputación da Coruña**, sempre que dita utilización sexa compatíbel cos compromisos derivados de competicións oficiais nos que interveña a entidade deportiva xestora de dita instalación.

A tal efecto, o ente organizador do evento deberá solicitar dito uso ca antelación de dous meses ao Concello.

O prazo para resolver dita petición será dun mes.

No caso de non lle notificar unha resolución expresa nese prazo, deberá entender estimada a súa solicitude.

A solicitude deberá incluír para ser admitida a trámite, unha declaración responsábel de que o ente organizador do evento, asumirá os custes de apertura da instalación, nos termos legalmente previstos

8. No caso de que no **prazo de 30 anos** a contar dende a acta da recepción das obras, obxeto deste convenio, a **xestión do inmoble dera lugar a ingresos municipais extraordinarios e vinculados ao mesmo**, a Deputación participará en ditos ingresos, na proporción que represente a achega provincial sobre o valor actual do inmoble, ata o importe máximo da mesma. Esta circunstancia deberá ser comunicada polo Concello a Deputación nun prazo non superior a un mes dende o seu devengo.

Coa subscrición do presente Convenio o Concello de Ferrol comprométese a adscribir o ben a sua finalidade e durante o **prazo de dez anos**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obliga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboados co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación

achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboados a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII**.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNNS.

1. O incumplimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

.4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso podrá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Calquera das partes pode convocar ás outras para resolver dúbidas, conflitos ou facer interpretacións das cláusulas deste convenio. Con este obxecto **constituirase unha Comisión de Seguimento**, integrada por un Deputado, un concelleiro e un técnico por cada Entidade, designados todos eles polos Presidentes das respectivas Institucións.

A reunión da Comisión de seguimento, convocarase cunha antelación mínima de dous días. En caso de que **acorde unha modificación do contido do convenio, formularase unha addenda** que, será aprobada polas partes, coas mesmas formalidades que este convenio, pasando a formar parte do mesmo

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

14.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras do programa "Aldeas con vida propia".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiso, para cofinanciar as obras do "Programa aldeas con vida propia" e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder a sua aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiso (P1508000E) para cofinanciar as obras do Programa aldeas con vida propia. cunha achega provincial de 113.540,50 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/4541/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00% respecto dun orzamento de 141.925,63 euros.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTISO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO PROGRAMA ALDEAS CON VIDA PROPIA

Na Coruña, a ____ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte o/a representante do **Concello de Santiso**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanllas atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Régime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efecto, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Régime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da legislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o **Concello de Santiso** considera de primeira necesidade as obras incluidas no Programa aldeas con vida propia.

1.- O proxecto denominado “Programa Aldeas vivas”, parte da concienciación medioambiental e de crear hábitos saudables dos veciños do Concello como primeiro paso, para conseguir nunha segunda etapa un concello cunha menor pegada medioambiental e unha poboación más sa, cunha boa calidade de vida mellorando a seguridade e instalacións do seu entorno.

Forma parte dun programa moi amplio en que vai haber charlas informativas sobre hábitos saudábeis, eliminación de aspectos de feísmo no mobiliario, melloras de sinalización ou, habilitación de espazos de calidade e seguros para o tránsito do conxunto de veciñas e veciños das parroquias do Concello.

É polo tanto a saúde, os hábitos saudábeis e a seguridade un eixe fundamental deste proxecto e por todo iso os traballos teñen a consideración de interese público tendo en conta que as actuacións teñen carácter social e deportivo e supoñerían un beneficio moi importante para unha parte moi importante do municipio

2.- A actuación que se pretende realizar é habilitar espazos e sendas para que os veciños poidan transitar de xeito cómodo e seguro. Estas sendas están pensadas

tanto para as súas actividades lúdicodeportivas como para promover o menor uso do coche para os desprazamentos ao traballo, trámites administrativos e/ou comerciais.

Trátase polo tanto dun paso moi importante para poder desenvolver o resto de actuacións do programa con garantías de éxito. Sen esta obra teríamos serias dificultades para poder desenvolver o resto de actuacións que aparecen reflectidas no proxecto en que se detalla tamén esta actuación.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar ditas obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Santiso** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santiso** con CIF **P1508000E**, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos assumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “**obras de Programa aldeas con vida propia**”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de Camiños, canais e Portos, Pablo Blanco Ferreiro **Nº colexiado 22.992**

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa disponibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como exixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

Ao tratarse dunha obra que se realizará con medios propios do Concello, os custes da man de obra e de aquela maquinaria coa que conta o Concello establecese con coste nulo, de tal xeito o orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	117.293,91 euros
IVE (21%)	24.361,72 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	141.925,63 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **113.540,50 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/4541/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca (símbolo e logotipo) da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumplir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo governo, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o

ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obliga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboados co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao

tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboados aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. **As obras que son obxecto de financiamento** provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNIS.

1. O incumplimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNIS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado,

para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso podrá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da

Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimiento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.
3. Correspondenlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

17.- Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 para a regulación do POS+Adicional 2/2022, para o financiamento de gastos correntes do exercicio 2022, investimentos financeiramente sostibles e revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Moi bo día a todos.

Simplemente porque non creo que sexa unha cuestión simplemente de trámite, estamos polo menos intentando darlle solución a algo que suscitou unha reflexión, un debate na Xunta de Portavoces, no que todos coincidiamos na diagnose dun problema, agora mesmo eu espero que sexa convxultural, das administracións locais, que lle teñen que fazer fronte a unha revisión de prezos debido á complexidade da situación económica actual, revisión de prezos, pero tamén lle teñen que fazer fronte a unha subida substancial do prezo da enerxía e dos carburantes, etcétera, etcétera.

Deputación Provincial da Coruña

Polo tanto, a min gustaría aproveitar este punto para agradecerlle ao Servizo de Plans, que ademais nos coincide nun momento onde temos un persoal limitado, a súa implicación, e que o plan, unha vez máis, se demostre como un instrumento áxil para transferirlle a economía a eses concellos e dárslles solucións a realidades que moitas veces son imposibles de prever a curto prazo.

Polo tanto, iso, transmitir o meu agradecemento ao servizo, e creo que con estes 42 millóns de euros non imos solucionar todo o problema, pero a Deputación si vai servir polo menos como un instrumento de solución para un momento, xa digo, complexo para os concellos; estou mirando para algúns alcaldesa que durante todos estes días me transmitía a dificultade do seu concello. Agardemos que non teñamos que facer moitas veces este tipo de modificacións urxentes pola situación económica pero que vaia tamén esta modificación de bases tamén como unha demostración do compromiso desta Administración coa economía das administracións locais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión que tivo lugar o 26 de novembro de 2021, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP nº 228 do 30 de novembro do 2021

Tendo en conta que o Congreso dos Deputados acordou o 13 de setembro de 2021 manter para o exercicio 2022 a suspensión da aplicación das regras fiscais pola persistencia da pandemia provocada pola COVID-19

Logo de ver que na situación actual a guerra en Ucrania está provocando entre outras consecuencias, unha importante alza de prezos de determinados bens, servizos e materiais da construcción, que repercuten directamente nun incremento do custo da prestación dos servizos municipais obligatorios, así como da execución das obras públicas contratadas polos concellos, o que supón que estes teñan que realizar importantes gastos extraordinarios e que se poña en risco a execución de obras públicas de competencia municipal coa conseguinte afectación no emprego e na recuperación económica

Logo de ver o Real decreto lei 3/2022, do 1 de marzo (BOE núm. 52 do 2 de marzo de 2022), en cuxo Título II regula medidas en materia de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras do sector público, coas modificacións introducidas polo Real decreto lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes

no marco do Plan nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra de Ucrania (BOE núm. 76 do 30 de marzo de 2022), normativa que mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia na sesión realizada o 28 de abril de 2022, será de aplicación ás entidades locais do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia así como a calquera das entidades que forman parte do seu sector público

Logo de que o Pleno desta corporación provincial, na sesión realizada o 25 de marzo de 2022, aprobara inicialmente o Expediente de modificación de créditos (EMC) núm 2/2022, que entrou en vigor coa súa publicación no BOP núm. 78 do 26 de abril de 2022, que dotou con 42.000.000,00 € como maior achega provincial ao POS+ 2022 para o financiamento do POS+ Adicional 2/2022 para paliar os efectos desta crise colaborando cos concellos no financiamento dos gastos correntes de servizos obligatorios, dos investimentos financeiramente sostibles e da revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras municipais de acordo coa normativa de aplicación e co disposto na base 13, contribuíndo á reactivación da economía

De acordo con estes antecedentes e fundamentos de dereito e tendo en conta a normativa vixente aplicable, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión que tivo lugar o 26 de novembro de 2021, (BOP nº 228 do 30 de novembro do 2021), que consiste en engadir unha base específica para a regulación do POS+Adicional 2/2022 destinado aos 93 concellos da provincia, cunha achega provincial de 42.000.000,00 € para o financiamento de gastos correntes de servizos obligatorios, dos investimentos financeiramente sostibles e da revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras municipais, de acordo coa normativa de aplicación (Real decreto lei 3/2022, do 1 de marzo e Real decreto lei 6/2022, do 29 de marzo).

Engádense, ademais, os Anexos XXII-a), XXII-b), XXIII, XXIV e XXV cos modelos de documentos necesarios para a súa tramitación. O texto da Base 13 e os ditos modelos figuran como Anexo a este expediente.

2.- Condicionar a aprobación definitiva do POS+Adicional 2/2022, únicamente no relativo ao financiamento do obxecto de gasto corrente, á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida correspondente do orzamento do exercicio 2022, mediante a tramitación do correspondente EMC, no que se realicen os axustes orzamentarios necesarios para adaptar o Plan ás solicitudes que presenten os concellos.

3.- Dispor a exposición pública deste expediente mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos previstos no artigo 29.2) da Lei 6/1997, de 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e a informe da Comisión Provincial

de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

6.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións."

13.- POS+ADICIONAL 2/2022 PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES DO EXERCICIO 2022, INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES E/OU REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS NOS CONTRATOS PÚBLICOS DE OBRAS MUNICIPAIS

Esta base introdúcese ao abeiro do acordo do 13 de setembro de 2021 do Congreso dos Deputados de manter para o exercicio 2022 a suspensión da aplicación das regras fiscais e do Real decreto lei 3/2022, do 1 de marzo (BOE núm. 52 do 2 de marzo de 2022), en cuxo Título II regula medidas en materia de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras do sector público, coas modificacións introducidas polo Real decreto lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra de Ucrania (BOE núm. 76 do 30 de marzo de 2022), normativa que mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia na sesión realizada o 28 de abril de 2022, será de aplicación ás entidades locais do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia así como a calquera das entidades que forman parte do seu sector público.

Neste marco normativo, como medida extraordinaria adoptada por esta deputación para paliar os efectos socioeconómicos derivados primeiro da pandemia provocada pola COVID-19 e actualmente da guerra en Ucrania, cunha importante alza de prezos de determinados bens, servizos e materiais da construcción, que repercute directamente nun incremento do custo da prestación dos servizos municipais obligatorios, así como da execución das obras públicas contratadas polos concellos, regúlase mediante esta base a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 2/2022, para o financiamento dos gastos correntes dos concellos da provincia devengados durante o exercicio 2022, dos seus investimentos financeiramente sostibles, e/ou revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais.

Coa adopción desta medida excepcional preténdese garantir que nesta situación de crise os concellos poidan continuar prestando os servizos públicos obligatorios e evitar que se poña en risco a execución de obras públicas municipais coa conseguinte afectación no emprego e na recuperación económica.

13.1.- OBXECTO

Os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos tres seguintes obxectos, dous deles xa previstos nas Bases reguladoras do POS+ 2022 e un deles novo, podendo optar os concellos por aplicalo libremente a un só obxecto, a dous deles ou aos tres, do seguinte xeito:

-Gastos correntes do concello devengados durante o exercicio 2022, segundo se definen na Base 2.1 e concordantes. (Anexo IV)

-Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da Base 2.2 e concordantes. (Anexo XXIII ou documentación Base 5.B.2)

- Revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais (Anexos XXIV e XXV)

Este último obxecto consistente na revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais non estaba previsto nas Bases reguladoras do POS+ 2022, polo que a continuación se indica o seu alcance e o procedemento para a súa tramitación.

REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DOS CONTRATOS PÚBLICOS DE OBRAS MUNICIPAIS

No suposto de que o concello opte por destinar en todo ou en parte a asignación do POS+ Adicional 2/2022 ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quien corresponda nos municipios de gran poboación, deberá elaborar unha previsión, segundo o modelo que figura como Anexo XXIV, do custo desta revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais, de acordo co disposto nas normas que resulten de aplicación (Real decreto lei 3/2022, do 1 de marzo e Real decreto lei 6/2022, do 29 de marzo).

Unha vez que o concello realice o pago destes custos de revisión excepcional de prezos, deberá presentar telemáticamente nesta deputación un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, ou por quien corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo XXV.

No suposto de que concorran subvencións doutras Administracións para esta mesma finalidade, en ningún caso a suma de todas elas poderá exceder o importe dos pagos realizados polo concello por este concepto, co obxecto de evitar un exceso de financiamento.

13.2.- FINANCIAMENTO

O importe da achega provincial que se aplica ao financiamento deste Plan ascende á cantidade de 42.000.000,00 €, que se distribúe entre os 93 concellos da provincia mediante a aplicación das variables ponderadas obxectivas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS, que son as que se indican na Base 4.1.

Esta maior achega provincial por importe de 42.000.000,00 € foi consignada no orzamento provincial do exercicio 2022 mediante o EMC 2/2022, aprobado inicialmente polo Pleno desta corporación provincial na sesión realizada o 25 de marzo de 2022 e entrou en vigor coa súa publicación no BOP núm. 78 do 26 de abril de 2022.

Posteriormente, cando se teña coñecemento das solicitudes concretas efectuadas polos respectivos concellos, realizaranse os axustes orzamentarios necesarios para adaptar o Plan ás solicitudes presentadas mediante a tramitación do correspondente EMC a cuxa entrada en vigor quedará condicionada a aprobación definitiva do POS+Adicional 2/2022 únicamente no relativo ao financiamento do obxecto de gasto corrente.

13.3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios obxectivos que se detallan na Base 4.1.

13.4.- SOLICITUDE E FASES

O POS+ Adicional 2/2022 aprobarase en dúas fases e o concello poderá participar nunha fase ou nas dúas:

Na 1^a fase incluiranse únicamente os investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2022, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento polos concellos e únicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva no POS+ Adicional 2/2022 presentando a documentación que se indica máis adiante, polo que o prazo de presentación de documentación desta primeira fase esténdese desde o 15 de xuño de 2022 ata as 15.00 horas do 30 de xuño de 2022.

Na 2ª fase incluirase o gasto corrente de servizos públicos obligatorios, os novos investimentos financeiramente sostibles que o concello acorde financiar con cargo ao POS+ Adicional 2/2022 e/ou revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais, polo que deberá presentarse toda a documentación que se indica máis adiante e o prazo de presentación de documentación desta segunda fase esténdese desde o 5 de xullo de 2022 ata as 15.00 horas do 5 de outubro de 2022 .

13.4.1.- 1º FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2022 UNICAMENTE PARA INVESTIMENTOS DO PLAN COMPLEMENTARIO

Os concellos que desexen financiar con cargo ao POS+ Adicional 2/2022 investimentos xa previstos no Plan Complementario ao POS+ 2022 deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, desde o 15 de xuño de 2022 ata as 15.00 horas do 30 de xuño de 2022, a seguinte documentación:

A.- ACORDO OU RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN (Anexo XXII-a) (Convocatoria POS+AD2a- SOLICITUDE 2022)

Tendo en conta que o Pleno dos concellos xa aprobou os seus investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022, non será necesario que neste momento se aprobe novamente mediante acordo plenario a conformidade do concello coa aplicación da nova achega provincial asignada ao financiamento de todos ou algúns dos investimentos que ese concello tiña incluídos no Plan Complementario, sendo suficiente para estes efectos ou Resolución da Alcaldía ou Acordo da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda.

O Acordo ou Resolución do concello de aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 deberá indicar a denominación do investimento ou investimentos do Plan Complementario que solicita aprobar definitivamente, desagregando a achega provincial aplicada e, de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente realice. No caso de realizar achega municipal, deberá declararse que o concello ten crédito ou se compromete a consignalo no seu orzamento para o seu financiamento. Empregarase o modelo que figura como modelo Anexo XXII-a).

B.- PROXECTOS E DEMAIS DOCUMENTACIÓN (Anexo XXIII) (Convocatoria POS+AD2a- OBRASSUM 2022)

Dado que se trata de investimentos aprobados no Plan Complementario ao POS+ 2022, cuxa documentación xa está subida na plataforma SUBTEL,unicamente é necesario que o concello suba un escrito asinado pola Alcaldía confirmando que os proxectos e demais documentación son os mesmos, segundo o modelo que figura como modelo Anexo XXIII.

No suposto de que o investimento incluído no Plan Complementario ao POS+ 2022 estivese sometido a condicións que aínda non fosen declaradas cumpridas, o concello poderá solicitar a aplicación ao dito investimento desta maior achega provincial, pero na aprobación que realice esta deputación seguirá igualmente condicionado, e non se poderá contratar nin executar ata que esta deputación, á vista da documentación que presente o concello, declare o seu cumprimento.

13.4.2.- 2º FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2022 CON GASTO CORRENTE, NOVOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES E REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS

Os concellos que desexen financiar no POS+ Adicional 2/2022 gasto corrente de servizos públicos obligatorios, novos investimentos financeiramente sostenibles non incluídos no Plan Complementario e/ou revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais, deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, desde o 5 de xullo de 2022 ata as 15.00 horas do 5 de outubro de 2022, a seguinte documentación:

A.- ACORDO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PLAN (Anexo XXII-b) **(Convocatoria POS+AD2b- SOLICITUDE 2022)**

O concello deberá presentar unha certificación do Acordo adoptado polo Pleno do concello ou de quien corresponda nos municipios de gran poboación, solicitando a inclusión neste Plan Adicional do gasto corrente de servizos públicos obligatorios e/ou de novos investimentos financeiramente sostenibles non incluídos no Plan Complementario e/ou revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais, segundo o modelo Anexo XXII-b).

O acordo plenario deberá indicar a denominación dos novos investimentos financeiramente sostenibles solicitados, desagregando a achega provincial aplicada e, de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente realice. No caso de realizar alguma achega municipal, deberá declararse que o concello ten crédito ou se compromete a consignalo no seu orzamento para o seu financiamento.

B.- INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE PREVISIÓN DE GASTOS CORRIENTES 2022 (Anexo IV) **(Convocatoria POS+AD2b-GASTO CORRENTE 2022)**

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quien corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo IV a estas Bases, no que se conteña unha previsión para o exercicio 2022 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamiento dos servizos públicos obligatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente.

Neste Anexo IV deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá cubrir neste Anexo únicamente os datos dos gastos aos que deseñe aplicar o financiamento con cargo a este Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial asignada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

C.- PROXECTOS E DEMAIS DOCUMENTACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES NON INCLUIDOS NO PLAN COMPLEMENTARIO (Documentación da Base 5.B.2) **(Convocatoria POS+AD2b- OBRASSUM 2022)**

Dado que se trata de novos investimentos, o concello deberá subir á plataforma Subtel os documentos esixidos nas Bases reguladoras do POS+ 2022 para os investimentos financeiramente sostenibles, que son os que a continuación se indican, utilizando os Anexos que figuram na plataforma Subtel:

- Proxecto técnico da obra ou prego da subministración
- Anexo V: informe técnico sobre o investimento
- Anexo VI: Informe técnico – xurídico sobre a disponibilidade dos terreos
- Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible
- Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre o investimento

Para o caso de que proceda, deberán subirse ademais os seguintes documentos:

- Anexo IX: Certificación do acordo ou resolución relativo á non división en lotes.
- Anexo X: Informe sobre investimentos relativos ao ciclo da auga.

**D.- INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE PREVISIÓN DOS CUSTOS DE REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DOS CONTRATOS PÚBLICOS DE OBRAS MUNICIPAIS
(Anexo XXIV)
(Convocatoria POS+AD2-REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS)**

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quien corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo XXIV a este expediente, no que se conteña unha previsión dos custos da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente (Real decreto lei 3/2022, do 1 de marzo e Real decreto lei 6/2022, do 29 de marzo).

Neste Anexo XXIV deberá detallarse a cantidade que estime que terá que financiar o concello, excluíndose polo tanto o importe doutras subvencións para a mesma finalidade para que non exista un exceso de financiamento.

13.5.- APROBACIÓN DO PLAN E PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O Pleno desta deputación poderá aprobar o POS+Adicional 2/2022 en dúas fases partindo das solicitudes presentadas polos concellos.

A primeira fase poderá ser aprobada mediante Resolución da Presidencia desta corporación provincial, xa que se trata de aplicar a nova achega provincial asignada aos concellos ao financiamento de todos ou algúns dos investimentos que os concellos teñen incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e respecto da segunda fase, aprobarase mediante acordo plenario e seguiranse os trámites previstos na Base 6.

A achega provincial destinada ao financiamento dos gastos correntes ten carácter de **prepagable** e pouco despois da aprobación do Plan será transferida aos concellos para o financiamento dos gastos concretados no informe emitido segundo o modelo Anexo IV. O seu pago e xustificación realizarase de acordo co previsto na Base 9.1 relativa ao pago deste obxecto, empregando o Anexo XIV.

A contratación e a execución dos investimentos financeiramente sostibles realizarase segundo o disposto nas Bases 7, 8 e 9, aínda que o prazo previsto para a contratación rematará o 30 de novembro de 2023 e o prazo para a execución o 30 de novembro de 2024.

A achega provincial destinada ao financiamento dos gastos de revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais ten carácter de **pospagable**, logo de que o concello presente telematicamente nesta deputación un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, ou por quien corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo XXV. O pago da achega provincial terá como límite o importe que neste Plan lle fora asignado ao concello para este obxecto e en ningún caso poderá exceder do custo realmente realizado polo concello de existir financiamento concorrente doutras Administracións para o mesmo fin.

A N E X O XXII a)

CERTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA OU DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE CONFORMIDADE COA APLICACIÓN DA MAIOR ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA PARA O POS+ADICIONAL 2/2022

(Concellos que únicamente confirman investimentos xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022)

D. / Dna.

Secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que A Alcaldía deste concello/a Xunta de Goberno Local, no día ____ / ____ /2022 ditou/adoptou a/o seguinte Resolución/ Acordo:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total	
	Deputación	Concello				
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello		
TOTAL						

2.- Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para fazer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2022, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento".

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en _____, a ____ de _____ de dous mil vinte e dous.

V. pr.

A Alcaldía

A N E X O XXII b)

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE
COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL
2/2022**

POS+ADICIONAL 2 /2022

D. / Dna.

Secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día / /2022 adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**"POS+ ADICIONAL 2/2022"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Deputación	Financiamento dos investimentos			
		Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Deputación	Financiamento dos investimentos			
		Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello	Concello		Orzamento Total
			IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obligatorios					
Investimentos incluidos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Investimentos novos non incluidos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Revisión excepcional de prezos obras municipais					
TOTAL					

2.- Declarar que o concello ten a disponibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredeite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en _____, ____ de _____ de dous mil vinte e dous.

V. pr. A Alcaldía

ANEXO XXIII

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)**

POS+ ADICIONAL 2/2022

**DECLARACIÓN DA ALCALDÍA SOBRE O
INVESTIMENTO PREVISTO NO PLAN
COMPLEMENTARIO AO POS+ 2022**

CONCELLO DE	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUEASINA O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	
FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE	

DECLARO QUE:

- 1.- Este concello confirma a inclusión no POS+ Adicional 2/2022 do investimento indicado, que xa figuraba incluído no POS+2022 Complementario aprobado con carácter de reserva, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.
- 2.- O proxecto da obra ou prego da subministración, e os demais documentos requeridos nas Bases, son os que este concello presentou no seu momento na convocatoria POS+ 2022 Complementario

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ ADICIONAL 2/2022”**

ANEXO XXIV

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO SOBRE
A PREVISIÓN DE REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS PARA OBRAS MUNICIPAIS**

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 13.1 das reguladoras do Plan, emítense este informe coa previsión orzamentaria dos gastos por revisión excepcional de prezos que poidan proceder segundo a lexislación vixente (Real decreto lei 3/2022, do 1 de marzo e Real decreto lei 6/2022, do 29 de marzo).

OBXECTO	PREVISIÓN DE GASTOS (A)	ESTIMACIÓN DOUTRAS SUBVENCIÓNS PARA O MESMO FIN (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario) (A-B)
Revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais			
TOTAL			

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

“POS+ ADICIONAL2/2022”

ANEXO XXV

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO XUSTIFICATIVO DOS PAGOS REALIZADOS POLA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido nas Bases 13. 1 e 13.5 das reguladoras do Plan, emitease este informe xustificativo dos pagos realizados e os dereitos recoñecidos por ingresos finalistas para a mesma finalidade, dos gastos por revisión excepcional de prezos de contratos públicos de obras municipais que se realizaron segundo a lexislación vixente (Real decreto lei 3/2022, do 1 de marzo e Real decreto lei 6/2022, do 29 de marzo).

XUSTIFICACIÓN DOS PAGOS REALIZADOS DE REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS NOS CONTRATOS PÚBLICOS DE OBRAS MUNICIPAIS

EMPRESA ADXUDICATARIA	DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	PAGOS REALIZADOS POR REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS VINCULADOS PARA O MESMO FIN (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado e aprobado no Plan (A-B)
TOTAL				

18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación do paseo fluvial de Arteixo desde Sabón ata O Rañal" do Concello de Arteixo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0110.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018.

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019.

Logo de ver que no Anexo a este acordo figura a listaxe dos investimentos que se inclúen no POS+ 2019, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Arteixo denominada "Ampliación do paseo fluvial de Arteixo desde Sabón ata O Rañal", co código 2019.2000.0110.0 de maneira condicionada á acreditación da dispoñibilidade dos terreos.

Logo de ver a Resolución da presidencia número 6593 do 4/02/2022 pola que se considerou cumprida a condición á que foi sometido este investimento e aprobase definitivamente dentro do POS+2019.

Logo de presentar o Concello de Arteixo un proxecto modificado desta obra que ten por finalidade a actualización dos seus prezos, que non está adxudicada, con incremento do seu orzamento, xunto cos informes técnicos xustificativos da modificación, así como a acreditación da súa aprobación polo órgano municipal competente e da existencia de crédito adecuado e suficiente no seu orzamento para fazer frente ao incremento do proxecto.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Arteixo denominada "Ampliación do paseo fluvial de Arteixo desde Sabón ata O Rañal", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único

de concellos) POS+ 2019, co código 2019.2000.0110.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que supón un incremento do seu orzamento de contrata, que asume integralmente o concello, que ten por finalidade a actualización dos seus prezos para adaptalos á realidade do mercado e posibilitar así a adxudicación da obra, sendo o cadro relativo ao seu financiamento o seguinte:

Proxecto Modificado "Ampliación do paseo fluvial de Arteixo desde Sabón ata O Rañal" Concello de Arteixo 2019.2000.0110.0			
Axentes financeiros	Orzamento de contrata Proxecto Inicial	Orzamento de contrata Proxecto Modificado	Diferenza
Deputación	255.814,05	255.814,05	0,00
Concello	0,00	183.851,25	183.851,25
Total	255.814,05	439.665,30	183.851,25

2.- A achega provincial a esta obra finanziarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/726201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Arteixo para os efectos oportunos."

19.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Ampliación de centro deportivo e reforma de pista polideportiva exterior Rúa Belvís de Paleo", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0143.0, levantamento das condicións ás que quedou sometida e aprobación definitiva desta obra.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, adoptado na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás

Deputación Provincial da Coruña

obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario

Logo de ver que na relación dos investimentos que se inclúen no POS+ 2021 figura, entre outras, a obra do Concello de Carral denominada "Ampliación de centro deportivo e reforma de pista polideportiva exterior Rúa Belvís de Paleo", co código 2021.2000.0143.0, que foi aprobada de forma condicionada á obtención das autorizacións de Augas de Galicia e da Axencia Española de Seguridade Aérea (AES).

Logo de presentar o Concello de Carral un proxecto modificado desta obra para poder realizar axustada ás condicións de mercado actuais do sector da construcción, cun orzamento de contrata de 189.950,01 €, que non varía en relación co inicialmente aprobado, así como á vista da certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente e do resto da documentación administrativa xustificativa da modificación, singularmente as autorizacións outorgadas por Augas de Galicia e pola Agencia Española de Seguridade Aérea (AES) para a execución desta obra.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Carral denominada "Ampliación de centro deportivo e reforma de pista polideportiva exterior Rúa Belvís de Paleo", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0143.0, que fora aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 30 de xuño de 2021, cun orzamento de contrata de 189.950,01 €, o que non supón variación do seu orzamento de contrata respecto ao do proxecto técnico inicial.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Carral	2021.2000.0143.0	Ampliación de centro deportivo e reforma da pista polideportiva exterior Rúa Belvís de Paleo	189.344,61	605,40	189.950,01	Autorizacións de: -AES -Augas de Galicia

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado e coa documentación presentada polo Concello de Carral, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometida a aprobación definitiva desta obra, toda vez que o Concello de Carral achegou a documentación xustificativa do seu cumprimento, e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento, incluído no POS+ 2021, co código 2021.2000.0143.0

3.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

4.- Notificar este acordo ao Concello de Carral para os efectos oportunos."

20.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Abastecemento a Rodeiro e Trasanquelos. Estacion de bombeo, impulsión e depósito regulador", do Concello de Oza-Cesuras, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0684.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Oza-Cesuras do proxecto modificado do investimento denominado Abastecemento a Rodeiro e Trasanquelos. Estación de bombeo, impulsión e depósito regulador, do Concello de Oza-Cesuras, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0684.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta deputación número 2017/40643, do 18 de decembro de 2017, pola que se aprobou definitivamente a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017, na que se inclúen investimentos financeiramente sostenibles previstos no Plan Complementario ao POS+Base 2017, que fora aprobado polo Pleno provincial na sesión extraordinaria do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137, do 7 de xullo de 2017, entre os que figura este investimento do Concello de Oza-Cesuras, cos seguintes datos:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condición pendente
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
2017.2001.0684.0	Oza-Cesuras	Abastecemento a Rodeiro e Trasanquelos. Estacion de bombeo, impulsión e depósito regulador. Oza-Cesuras	140.000,00	0,00	140.000,00	-Autorización D. Xeral de Patrimonio Cultural

Tendo en conta o informe arqueolóxico, asinado polo arqueólogo Juan A. Cano Pan en febreiro de 2018 e presentado na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia en marzo de 2018, para os efectos de xustificar tanto técnica como arqueoloxicamente un cambio de localización do depósito regulador, que pasa a situarse nos Montes do Gato, localización diferente á proposta contida no

proxecto incluído no Plan e que autoriza a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, mediante a Resolución do 18 de abril de 2018, cunha serie de condicións

Logo de que o Concello de Oza-Cesuras presentara a través da plataforma Subtel esta Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que o 27 de xuño de 2018 se lle comunicara desde o Servizo de Xestión de Plans desta deputación que dado que a dita Resolución autoriza unha nova proposta de localización do depósito nos Montes do Gato, esta modificación debe reflectirse nun "proxecto modificado" que deberá aprobarse polo concello e por esta deputación, de acordo co disposto na Base 8 das Reguladoras do POS+ 2017

Logo de aprobar o Concello de Oza-Cesuras un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 20 de decembro de 2021 e subido á Plataforma Subtel o 19 de xaneiro de 2022, pola enxeñeira de camiños, Ana Adelina López López, que xa redactara o proxecto inicial, para cambiar a localización inicial do depósito regulador proxectado segundo o requirido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, así como para corrixir unha serie de deficiencias técnicas sinaladas no informe de supervisión desfavorable emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (SATM) desta deputación do 10 de decembro de 2021

Tendo en conta que este proxecto modificado conta con as autorizacións do Servizo de Vías e Obras desta deputación provincial e de Augas de Galicia e que cumpre cos condicionantes impostos polos respectivos organismos sectoriais, segundo consta nos informes da arquitecta municipal emitidos o 28 de marzo e o 2 de maio de 2022

Tendo en conta a comunicación da Xefa do Servizo de Patrimonio Cultural da Coruña, do 3 de maio de 2022, na que indica que segundo o informe dos servizos técnicos non é necesaria unha nova autorización para as obras contidas neste proxecto modificado por axustarse ás autorizadas mediante Resolucóns do 18 de abril de 2018 e do 2 de decembro de 2021

Logo de ver o informe emitido pola arquitecta municipal o 4 de maio de 2022, no que indica que este proxecto modificado cumpre coas condicións técnicas impostas nas autorizacións de Patrimonio Cultural e respecto a condición particular de obrigado cumprimento ao que fai referencia o informe da arqueóloga do Servizo de Patrimonio Cultural do 3 de maio de 2022, relativa a que a caseta de bombeo debe rematarse de xeito axeitado, sendo enfoscada e pintada, a arquitecta municipal manifesta que será rematada de xeito adecuado, enfoscada e pintada, sen que isto vaia implicar variación algúnhha no orzamento global do proxecto.

Tendo en conta que este investimento non está adxudicado e que non varía o orzamento de contrata con respecto do proxecto inicialmente aprobado e que ademais consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 24 de xaneiro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado asinado dixitalmente o 20 de decembro de 2021

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no BOP número 226, do 29 de novembro de 2016

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Abastecemento a Rodeiro e Trasanquelos. Estación de bombeo, impulsión e depósito regulador", do Concello de Oza-Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2017, co código 2017.2001.0684.0, que foi aprobado de forma condicionada á obtención da autorización sectorial de Patrimonio Cultural, que aínda non está adxudicado, que mantén o mesmo orzamento de contrata con respecto do proxecto inicial, pero que implica un cambio do trazado inicialmente previsto, motivado pola necesidade de mellorar a localización do depósito regulador proxectado segundo o requirido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que conta ademais coas novas autorizacións de Augas de Galicia e do Servizo de Vías e Obras desta deputación provincial, esixidas polo cambio do trazado, así como co informe favorable da xefa do Servizo de Patrimonio Cultural da Coruña, por considerar que non é necesaria unha nova autorización das obras, sendo os seus datos os que figuran na seguinte táboa:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condición cumplida
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
2017.2001.0684.0	Oza-Cesuras	Abastecemento a Rodeiro e Trasanquelos. Estación de bombeo, impulsión e depósito regulador. Oza-Cesuras	140.000,00	0,00	140.000,00	-Autorización D. Xeral de Patrimonio Cultural

2.- Considerar cumplida a condición á que foi sometida esta obra, segundo o apartado 1 da Resolución da Presidencia desta deputación número 2017/40643, do 18 de decembro de 2017, polo que se aprobou o POS+ Adicional 1/2017, consistente na obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento incluído no dito Plan.

3.- A achega provincial a este investimento finanziarase con cargo á partida 0430/1613/76201 do vixente orzamento provincial

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Oza-Cesuras para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución desta obra incluída no POS+ Adicional 1/2017."

21.- Aprobación da prórroga do convenio nº 95/2021 entre o concello de Mugardos e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas á "Pista de Pumptrack en O Baño TM Mugardos"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Estimar a solicitude do Concello de Mugardos do 30/03/2022 na que se solicita a prórroga do convenio nº 95/2021 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas ás "PISTA DE PUMPTRACK EN O BAÑO T.M. MUGARDOS".

O convenio tiña unha vixencia inicial fixada o 30 de abril de 2022, recollendo nas súas cláusulas que o concello, en caso de precisar dunha prórroga debería solicitala antes do 31 de marzo de 2022.

ANTECEDENTES

- No trámite correspondente á financiación por parte da Deputación das obras da Pista de Pumtrack en O Baño TM Mugardos", asinouse convenio 94/2019 en data 3 de decembro de 2019, establecendo unha vixencia do dito convenio ata 30 de outubro de 2020.
- Debido a problemas coas obras tramitouse unha primeira prórroga do convenio aprobada mediante R.P. 2020/31762 de 16/10/2020.
- En data 15/09/2021 o concello achega unha solicitude de nova prórroga dados os problemas na adxudicación das obras, e dado que a nova data de finalización das mesmas remataba en data posterior á vixencia final do convenio tramitouse unha modificación da cláusula de vixencia do dito convenio, aprobándose mediante acordo plenario de 29/10/2021 e asinándose un novo convenio actualizado en datas con número 95/2021. O novo convenio establecía que a vixencia final do mesmo quedaría fixada o 30/04/2022.
- O día 30/03/2022, é dicir, dentro do prazo establecido no convenio, a entidade achegou documento de nova solicitude de prórroga, cun informe técnico do director das obras, motivado por:

"As obras están actualmente suspendidas temporalmente desde o pasado mes de decembro, debido ás condicións do terreo a causa das condicións meteorolóxicas, que provocaron que o estado do terreo non se encontrase nas condicións adecuadas para o inicio dos traballos. Está prevista a reanudación dos traballos para o 18 de próximo mes de abril, polo que considerando o prazo de execución das obras de nove semanas, estimase que as obras rematen o próximo día 20 de Xuño"

A entidade achegou novo programa de traballo.

- A cláusula XIII do convenio 95/2021 establece que:

"2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 31 de marzo de 2022, a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2023, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data."

O Concello de Mugardos solicita a prórroga do convenio 95/2021 ata o 31 de outubro de 2023, data límite establecida no convenio para a posible prórroga

- Á vista da documentación achegada, esta unidade xestora propuxo a prórroga da vixencia do mesmo segundo a solicitude da entidade, é dicir:
 - Nova data de vixencia do convenio: **31 de outubro de 2023**
 - Nova data de xustificación do convenio: **31 de outubro de 2023**

2º Aprobar a prórroga do convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE MUGARDOS con CIF P1505200D, para financiar "PISTA DE PUMPTRACK EN O BAÑO T.M. MUGARDOS" cun orzamento total de 95.525,81 €

3º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 76.420,65 euros, cunha un porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

4º A nova data de vixencia e xustificación do convenio quedará fixada no 31 de outubro de 2023."

22.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a proveedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a abril de 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento de A Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de abril de 2022.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, no mes de abril de 2022.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

23.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Función Pública, da información da execución orzamentaria da Deputación provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao primeiro trimestre de 2022.

Dáse conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Función Pública, da información da execución orzamentaria da Deputación provincial e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña), correspondente ao primeiro trimestre de 2022, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

24.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Sada (TAXA SOLO).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobado por unanimidade e coa maioría absoluta que require o asunto.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar a delegación de competencias acordada polo Concello de Sada en relación coa seguinte materia:

Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral. A delegación afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móvil.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín oficial da provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación provincial."

25.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS, modificación (artigo 6.d.2) e redacción integra, coa seguinte redacción:

ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS

Artigo 1.- Fundamento Legal.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto no art. 132 en relación cos artigos 15 ao 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo RDL 2/2004 do 5 de marzo, a Deputación Provincial da Coruña establece a taxa pola prestación dos servizos de

xestión, inspección e recadación dos ingresos de dereito público que lle encomenden as entidades locais e corporacións de dereito público da provincia, que se esixirá de acordo ao disposto nesta ordenanza fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da presente taxa a prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación de tributos, prezos públicos ou outros ingresos de dereito público dos que sexan titulares as entidades locais e as corporacións de dereito público da provincia, sendo requisito indispensable para tal prestación a concorrencia das seguintes circunstancias:

1º) Que os servizos dos que se solicite a prestación estean incluídos entre os que por acordo plenario da Deputación provincial se establezan previamente como susceptibles de tal prestación, conforme ás bases aprobadas polo dito acordo.

2º) Que as entidades locais, corporacións ou institucións titulares dos ingresos públicos correspondentes soliciten expresamente a prestación dos servizos establecidos, co contido, alcance e formalidades determinadas polas súas bases reguladoras.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as entidades locais e corporacións de dereito público titulares dos ingresos de dereito público cuxa xestión, inspección e recadación se encomende á Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas normas, acordos e as súas bases reguladoras.

Artigo 4.- Devengo.

A presente taxa devengarase anualmente cando se inicie a prestación dos servizos que constitúen o feito imponible; non obstante, a liquidación e cobro destas levarase a cabo de acordo co disposto no artigo 7 da presente ordenanza fiscal.

Artigo 5.- Base imponible.

A base imponible estará constituída polos seguintes conceptos:

1) A recadación líquida obtida en período voluntario durante o exercicio que se vai liquidar; entendendo como tal o resultado de diminuir, dos ingresos brutos recadados, o importe das devolucións de ingresos indebidos formalizadas, acordadas durante o exercicio.

Para os efectos da cuantificación da cota tributaria prevista no artigo 6 a), para a determinación do importe dos ingresos brutos recadados fíxase un importe máximo de 60.000,00 euros por cada recibo, liquidación ou autoliquidación.

2) O importe das recargas do período executivo recadados no exercicio.

Artigo 6.- Cota tributaria.

A cota tributaria resultará de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:

- a) O cinco por cento (5%), no suposto 1) do artigo anterior, excepto para a recadación das sancións tributarias que deriven da inspección da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no chan, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras dos servizos de subministracións de interese xeral.
- b) O setenta e cinco por cento (75%), no suposto 2) do artigo anterior.
- c) O cincuenta por cento (50%) do importe das sancións da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no chan, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras dos servizos de subministracións de interese xeral, recadadas no período voluntario e executivo. No caso de que os ditos importes fosen recadados en período executivo, cobrarase tamén o 75% dos recargos do período executivo recadados.
- d) Para os concellos que non teñen delegada a xestión, inspección e recadación dos impostos municipais obligatorios non serán aplicables as letras anteriores, senón as porcentaxes seguintes:
 - d.1) No caso de que a Deputación asuma a instrución e, a recadación voluntaria e executiva das sancións municipais de tráfico ou dos reintegros e sancións derivados de expedientes de control financeiro:
 - O **12,5%** do importe recadado por estes conceptos en período voluntario.
 - O **25%** do importe recadado por estes conceptos en período executivo.
 - d.2) No caso de que a Deputación asuma a recadación executiva das sancións municipais:
 - A totalidade do importe da recarga do período executivo que corresponda relativo ás sancións que foran efectivamente recadadas.
 - d.3) No caso da taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais:
 - **5%** do importe das cotas recadadas en período voluntario.
 - **75%** do importe das recargas de constrinximento recadadas en período executivo.
 - **50%** do importe das sancións que se deriven da xestión e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no chan, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras dos servizos de subministración de interese xeral, recadadas en período voluntario e executivo. No caso de que os anteriores importes fosen recadados en período executivo, cobrarase tamén o 75% das recargas do período executivo.
 - e) No caso de que, como consecuencia dun convenio, o concello ou outro ente local colabore coa Deputación na inspección do Imposto sobre Actividades Económicas ou calquera outro tributo, o importe da taxa a abonar pola recadación líquida obtida como

consecuencia das liquidacións de ingreso directo ou autoliquidacións practicadas deste labor inspector en colaboración será o seguinte:

- O **2,5%** do importe das cotas recadadas en período voluntario.
- O **75%** do importe da recarga de conxinximento recadada en período executivo.

f) Para as Comunidades de usuarios de augas da provincia, que deleguen a recadación dos seus ingresos públicos:

1. No caso de que a Deputación asuma a recadación tanto voluntaria como executiva das débedas:

- O **12,5%** do importe recadado en período voluntario.
- O **25%** do importe recadado en período executivo.

2. No caso de que a Deputación asuma só a recadación executiva das débedas:

- A totalidade do importe da recarga do período executivo que corresponda relativo ás débedas que foran efectivamente recadadas.

Artigo 7.- Liquidación da taxa.

Ao remate do exercicio, e dentro do primeiro trimestre seguinte, o Servizo de Recadación renderá conta por conceptos e titulares dos ingresos producidos durante o período e practicará conxuntamente a liquidación anual da taxa por prestación dos servizos tributarios, calculada conforme ao establecido nesta ordenanza.

Artigo 8.- Normas complementarias.

En todo o non especialmente establecido nesta ordenanza fiscal estarase ao disposto pola ordenanza fiscal xeral e nas bases para a prestación dos servizos tributarios aprobadas pola Corporación provincial.

Disposición final.- A presente Ordenanza Fiscal Xeral derroga a aprobada polo Pleno do 11 de setembro de 2020. Entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2.- Expoñer ao público o presente acordo, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, no taboleiro de anuncios desta Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local e o artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

3.- Entender que a aprobación inicial é definitiva, no caso de que, transcorrido o período de información pública, non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, sen necesidade de adoptar novo acordo plenario.

4.- Publicar o acordo e a redacción íntegra da ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios para a súa entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o previsto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo."

26.- Dación de conta das entregas a conta de maio, xuño, xullo e agosto de 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta das entregas a conta de maio, xuño, xullo e agosto de 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

27.- Dación de conta do informe da Tesourería da posta en marcha da notificación electrónica.

Dáse conta da posta en marcha da notificación electrónica de tributos e outros ingresos de dereito público.

28.- Aprobación da proposta da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do sexto mes de 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao sexto mes de 2022 celebrarase o día 23 de xuño, xoves, a partir das doce horas".

29.- Aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo, cadre de persoal e organigrama 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan encontra: 1 deputado/a (Marea Atlántica)

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños, o voto en contra da Marea Atlántica e a abstención do Partido Popular, acorda:

"Vistas as alegacións formuladas contra o acordo do Pleno do 25/03/2022 (BOP do 29/03/2022) de aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo, cadre de persoal e organigrama 2022 e vista a proposta do 13/05/2022 do Deputado de Economía, Facenda e Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior e tendo en conta os seguintes

Antecedentes de feito.

O 25/03/2022, a Corporación provincial acordou aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo, o cadre de persoal e o organigrama 2022. No BOP do 29/03/2022 publícanse a relación de postos de traballo e o cadre de persoal.

O 27/04/2022 ó delegado sindical de CCOO na Deputación Provincial da Coruña, actuando en nome e representación da Federación de Servizos á Cidadanía do sindicato Comisións Obreras de Galicia presenta escrito de alegacións no que solicita, en síntesis, "que se retiren os cambios que afecten as condicións e circunstancias dos postos xa existentes, e aquelas que se derivan das alteracións propostas no catálogo de funcións ou na matriz" e, consecuentemente, "no cadre de persoal deben retirarse todas as modificacións derivadas dos cambios da RPT alegaos que afectan as condicións e circunstancias dos postos xa existentes" así como que se axusten ao Espacio Europeo de Educación Superior os requisitos de titulación que aparecen la RPT, especialmente os dos postos de técnico de administración xeral.

Daniel Beiras García-Sabell, Teresa Fernández Lorenzo e Carmen Ruiz Alarcón, funcionarios de carreira da Deputación, presentan sendos escritos de alegacións (26, 27 e 28 de abril respectivamente) nos que solicitan que se anule o acordo de aprobación por considerar que o seu contido é lesivo para o persoal do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios.

Fundamentos de dereito.

En relación coas alegacións formuladas polo sindicato CCOO debe rexitarse que o expediente non sexa obxecto de negociación. O asunto foi incluído na orde do día da

Mesa Xeral de Negociación celebrada o día 23/02/2022 e obxecto de debate e votación. A comisión de valoración a que fai referencia no seu escrito non é un órgano permanente senón un órgano constituído ad hoc no seo da Mesa Xeral de Negociación idóneo para levar a cabo unha tarefa que pola súa complexidade e extensión pasaba o marco habitual de negociación da Mesa. Neste sentido, en sesión celebrada o pasado 02/05/2022 a MGN acordou constituir outra Comisión técnica de valoración de postos de traballo para acometer a segunda fase de execución do plan de ordenación de Recursos Humanos aprobado por acordo plenario de 31/03/2017, o que pon de manifesto a natureza temporal e específica destas comisións técnicas. Agora ben, o informe emitido polo Servizo de RRHH incluído no expediente de aprobación inicial xa menciona a conveniencia de trasladar ao seo da Comisión técnica de valoración - cuxa constitución se acorda precisamente na última reunión da MGN - algunhas das propostas que formulan as unidades xestoras, en concreto aquelas que supoñan unha alteración no catálogo de funcións, modificación da matriz de valoración de postos ou das condicións e circunstancias en que se prestan os servizos. A isto debemos engadir a advertencia formulada pola Intervención sobre a posible anulabilidade do acto de aprobación da modificación da RPT 2022 debido a unha falta de motivación da nova dedicación horaria (especial dedicación) e da incompatibilidade absoluta dos postos de director e subdirector da biblioteca e xefe de negociado do parque móvil e por levar a cabo unha equiparación na contía do complemento específico do nuevo posto de coordinador no gabinete do Presidente con outro posto do Servizo de Recadación, sen facer unha análise e valoración previo do mesmo segundo o previsto no correspondente Manual de valoración vixente. No mesmo informe conclúese que se debe valorar a conveniencia de modificar e desenvolver o Manual de valoración para recoller a especial disponibilidade dos postos de director e subdirector da biblioteca e xefe de negociado do parque móvil, si a Corporación cre que a modulación dos factores recolleitos no mesmo non responden á dedicación esixida para a súa desempeño ou que cambiaron as súas condicións desde a data en que se fixo a actual valoración deses postos. Pola súa banda a Secretaría Xeral, no preceptivo informe que emite en relación co expediente de modificación da RPT, conforma a proposta da Xefa do Servizo de Planificación e Xestión de RRHH, sen prexuízo das conclusións específicas contidas no informe desfavorable de fiscalización. Por tanto, parece conveniente someter as modificacións ás que se refiren as alegacións ao estudio por parte da comisión técnica de valoración para a súa inclusión nun posterior expediente de modificación da RPT.

Polo que se refire a a titulación esixida para o acceso á Subescala Técnica da Escala de Administración Xeral polo artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, un simple repaso pola actividade dos nosos tribunais pon de manifesto a vixencia e aplicación da norma (114/2019 TSJ País Vasco, 762/2014 TSJ Andalucía, STS de 12/06/2012) polo que se rexeita a alegación segunda das incluídas no escrito de CCOO.

Polo que se refire a as alegacións de Daniel Beiras García-Sabell, Teresa Fernández Lorenzo e Carmen Ruiz Alarcón, hai que sinalar que o artigo 101 da Lei 7/1985 contempla expresamente que nas convocatorias de provisión de postos de traballo, ademais da participación dos funcionarios propios da entidade convocante, poidan participar os funcionarios que pertenzan a calquera das Administracións públicas,

quedando neste caso supeditada a participación ao que respecto diso establezan as relacións de postos de traballo. E no mesmo sentido a Lei galega de emprego público, cuxo artigo 38 establece que "as relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas establezase unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade.

En consecuencia, á vista do establecido no artigo 33.2.f da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que lle atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación da relación de postos de traballo e nos artigos 90 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia,

ACÓRDASE

1. Estimar en parte as alegacións formuladas polo sindicato CCOO e retirar da proposta inicial as seguintes modificacións:

PARQUE MÓBIL

Engadir especial dedicación ao posto de Xefatura de negociado do parque móvil (código de posto: 1.1.295.1).

BIBLIOTECA

Transformar un posto de Bibliotecario/a nun posto de Director/a de Biblioteca, subgrupos A1/A2, nivel 26, administración xeral/especial, forma de provisión: concurso, aberto a outras administracións, e transformar a praza asociada de Arquiveiro/a bibliotecario/a nunha praza de Axudante de arquivo e biblioteca.

Transformar un posto de Xefatura de negociado (código de posto: 1.1.447.1) nun posto de Subdirector/a, administración xeral/especial, subgrupos A1/A2, nivel 24.

2. Desestimar as restantes alegacións.
3. Aprobar a matriz para a determinación do complemento específico dos postos de nova creación que figura como anexo I.
4. Aprobar as funcións dos postos de traballo que figuran como anexo II.
5. Aprobar definitivamente a modificación da relación de postos de traballo 2022 que figura como Anexo III.
6. Aprobar definitivamente a modificación do cadro de persoal para o ano 2022 que figura como Anexo IV.

7. Aprobar a modificación do organigrama 2022 que figura como Anexo V.

Remitirse copia do cadro de persoal e da relación de postos de traballo aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ordenándose a súa publicación íntegra no BOP."



ANEXO I - Matriz para a determinación do complemento específico dos postos de nova creación

POSTO	NIVEL	GRUPO	F.I.A	27%	F.I.B	3%	F.II	5%	F.III	5%	F.IV.A	13%	F.IV.B	7%	F.V	5%	F.VI.A	25%	F.VI.B	10%	PUNTUACIÓN TOTAL	C. ESPECÍFICO
Coordinador/a de Gabinete de Presidencia	22	A1/A2/B/C1	6	35,00	2	66,67	2	66,67	1	33,33	1	10,00	3	75,00	2	50,00	7	50,00	7	70,00	45,00	23.629,18

**ANEXO II****CATÁLOGO DE FUNCIONES DOS POSTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Denominación	Grupo Subgrupo	Escala	Funcións	Observacións	Funcións adicionais en relación á asistencia aos Concellos
Coordinador/a de Gabinete de Presidencia	A1/A2/B/C1	AX/AE	<p>Proporcionar a Presidencia actuaciones dirigidas a obtener una mayor eficacia en la gestión administrativa, teniendo en cuenta conceptos, principios e fundamentos de la administración electrónica.</p> <p>Realizar propuestas de racionalización de sistemas de trabajo, simplificación y normalización de expedientes, procedimientos e impresos.</p> <p>Colaboración, coordinación e realización de propuestas de implantación e mejora de sistemas de IA e BI, aplicados a la administración.</p> <p>Realizar o seguimiento económico de las áreas adscritas, y presentar los informes correspondientes para la valoración de la consecución de los resultados previstos.</p> <p>Estudiar los presupuestos provinciales y proponer la presentación de proyectos cuando la previsión presupuestaria indique la posibilidad de obtención de cofinanciación.</p> <p>Asesorar y prestar apoyo administrativo al estudio, coordinación y planificación de proyectos.</p> <p>Colaborar con las jefaturas de servicio en la formación y desarrollo de planes provinciales, convenios, y demás procedimientos que se les asigne.</p> <p>Asistir a las reuniones a las que sea convocado/a.</p> <p>Colaborar con sus superiores en dirección y supervisión de los procesos de trabajo.</p> <p>Asistir a las actividades formativas que resulten convenientes para el desarrollo de sus funciones.</p> <p>Realizar todas aquellas funciones relacionadas con el correcto y adecuado desempeño de su puesto.</p> <p>Coordinación del funcionamiento de las Comisiones Informativas que se le encomiendan.</p> <p>Asesorar y prestar asistencia y apoyo técnico en materias de su competencia, con especial atención a todas las cuestiones derivadas de las relaciones interadministrativas que mantiene la Deputación de La Coruña con los concejos de la provincia.</p> <p>Asesorar y prestar asistencia y apoyo técnico a los concejos de la provincia de La Coruña en materias de su competencia.</p>	Libre disponibilidad	

Analista programador/a	B C1	AE	<p>- Funcións Xeréricas:</p> <p>Asistencia aos seus compañeiro/a na realización das súas funcións e desempeño das súas responsabilidades.</p> <p>Elaboración de estudos, informes, ditames e propostas.</p> <p>Manexo do equipamento, software de base e software de aplicación dos sistemas de información e comunicacíons; xestionados pola Deputación/ nos que a Deputación estea integrada.</p> <p>Asistencia ás actividades formativas convenientes para o mellor desenvolvemento das súas funcións e aplicar os contidos formativos para a dicir finalidade.</p> <p>Funcións de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan encomendadas polo seu responsable directo e que sexan adecuadas á súa capacitación profesional, coñecementos e experiencia.</p> <p>- A nivel de xestión (evolución, desenvolvemento externo e interno):</p> <p>Proposta de cambios ao Plan de Sistemas.</p> <p>Proposta de cambios ao Plan de Organización.</p> <p>Proposta de cambios ao estándar metodolóxico da área.</p> <p>Proba e validación de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.</p> <p>Documentación de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.</p> <p>Intermediación entre usuarios e provedores.</p> <p>Elaboración de informes técnicos.</p> <p>- A nivel de soporte (CAU segundo nivel e soporte in situ) e sistemas</p> <p>Elaboración do material de soporte da atención aos usuarios de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.</p> <p>Soporte técnico do primeiro nivel do CAU</p> <p>Instalación e configuración de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.</p> <p>Revisión da instalación e configuración de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.</p> <p>Asistencia ao usuario na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.</p> <p>Formación ao usuario na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.</p> <p>Mantenemento e reparación de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.</p> <p>Intermediación entre usuarios e provedores.</p> <p>Elaboración de informes técnicos.</p> <p>Instalación, configuración, programación, operación e administración do hardware, software de base e software de aplicación que conformen os sistemas de información e comunicacíons.</p> <p>Xestión e operación da explotación dos sistemas de información e comunicacíons.</p> <p>Elaboración de informes técnicos.</p> <p>Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que mantén a Deputación cos concellos da provincia.</p> <p>Participar como instructor/a ou, se é o caso, como secretario/a na tramitación dos expedientes disciplinarios incautados pola deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia participando</p>	Transversalidade funcional grao 3 O posto adscrito ao IES Rosalía Mera desenvolverá a súa actividad de maneira específica no dito centro e no IES Rafael Puga Ramón	Soporte "in situ" aos concellos da provincia, cando así o aconselle a dificultade ou a complexidade da solución en remoto
-------------------------------	---------	----	--	--	---

2/3

		<p>como instructor/a ou, se é o caso, como secretario/a na tramitación dos expedientes disciplinarios de acordo co previsto na normativa aplicable.</p> <p>Participar, cando sexa nomeado, como membro dos diversos tribunais de selección nos diferentes procesos de selección que sexan convocados pola Deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia nos seus procesos selectivos, participando como membro dos tribunais de selección.</p> <p>Colaborar na organización e xestión dos procedementos de contratación mediante a súa participação como membro da Mesa de contratación, cando sexa designado polo órgano de contratación; e, así mesmo, en función da súa cualificación, participar como membro do Comité de expertos para a valoración das ofertas nos expedientes de contratación.</p> <p>Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan atribuidas, dentro do ámbito da súa competencia, e sexan adecuadas á súa capacificación e formación profesional, coñecementos e experiencia.</p> <p>O desempeño dos ditos cometidos estará predeterminado pola ubicación orgánica para a prestación do servizo.</p>		
--	--	---	--	--

3/3

ANEXO III
RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2022

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO	
GABINETE DE PRESIDENCIA													
1.1.442.1	Técnico/a superior	26	A1			1	S	LD	A3	AE	11	Lic. Dereito	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total 35.688,70
1.1.213.1	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	A1	A2	B/C1	1	N	LD		AX	9/8/3		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total 23.672,76
1.1.211.1	Secretario/a Gabinete	22	A1	A2	B/C1	1	N	LD		AX/AE	9/8/3		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total 23.672,76
1.1.205.1	Secretario/a de Presidencia	22	A1	A2	B/C1	1	N	LD		AX	9/8/3		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total 23.672,76
1.1.414.1	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	A1	A2	B/C1	1	N	LD		AX/AE	9/8/3		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total 23.672,76
1.1.213.4	Coordinador de Gabinete de Presidencia	22	A1	A2	B/C1	1	N	LD		AX/AE	9/8/3		Libre disponibilidade 23.629,18
1.1.8.1	Secretario/a de Vicepresidencia	22	A1	A2	B/C1	1	N	LD		AX/AE	3/45		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total 23.672,76
1.1.8.2	Secretario/a de Vicepresidencia	22	A1	A2	B/C1	1	N	LD		AX/AE	3/45		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total 23.672,76
1.1.443.1	Xefatura de sección de prensa	24	A1	A2		1	N	LD	A3	AX/AE	10/9		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total 30.717,92
1.1.374.1	Xefatura de negociado de prensa	22	A1	A2	B/C1	1	N	LD		AX	9/8/3		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total 23.672,76
1.1.375.1	Xefatura de sección de protocolo	24	A1	A2		1	N	CE		AX/AE	10/9		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total 30.717,92
1.1.221.1	Xefatura de Negociado	22	A1	A2	B/C1	1	N	LD		AX/AE	9/8/3		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total 23.672,76
1.1.178.56	Técnico de xestión de admón. xrl.	21	A2			1	N	C		AX	9		 15.875,10
ASESORÍA XURIDICA													0,00
1.1.36.1	Asesor xurídico	28	A1			1	S	CE		AE	11		Letrado/a Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total 38.865,45

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO	
1.1.444.1	Técnico xurídico	26	A1		S	C		AX	11	Lic. Dereito/ Habil. Procesal	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	35.688,70	
1.1.60.1	Letrado asesor adxunto	26	A1		S	C		AE	11		Letrado/a Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	35.688,70	
1.1.60.5	Letrado asesor adxunto	26	A1		S	C		AE	11		Letrado/a Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	35.688,70	
1.1.60.4	Letrado asesor adxunto	26	A1		S	C		AE	11		Letrado/a Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	35.688,70	
1.1.408.3	Xefatura de negociado	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AX/AE	10/9/8/3	Libre disponibilidade	19.078,21	
1.1.15.166	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C	AX	3		13.275,89	
1.1.3.68	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C	AX	4		11.910,66	
1.1.3.165	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C	AX	4		11.910,66	
SECRETARIA XERAL													
1.1.136.1	Secretario/a Xeral	30	A1		S	LD		HN			Hab. Nacional Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	53.126,00	
1.1.22.1	Secretario/a de Secretaría Xeral	22	A2	C1			1	N	LD	AX	9/3	Libre disponibilidade	17.844,14
OFICIALIA MAIOR													
1.1.137.	Oficial Maior	30	A1		S	LD		HN			Hab. Nacional Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	48.133,32	
1.1.181.1	Secretario/a de Oficialía Maior	22	A2	C1			1	N	LD	AX	9/3	Libre disponibilidade	17.844,14
1.1.419.1	Xefatura de negociado de comunicación virtual e relacións coa imprensa	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AX/AE	10/9/8/3	Libre disponibilidade	19.078,21	
1.1.406.4	Técnico/a administración xeral	22	A1			1	N	C	AX	1		17.109,06	
INFORMACION E ACTAS													
1.1.305.1	Xefatura de sección de información e actas	24	A1	A2		1	S	C	AX/AE	10/9		Xornada de mañán con limitacións de flexibilidade e/ou conciliación Libre disponibilidade	26.438,42
1.1.46.1	Técnico superior Unión Europea	22	A1			1	N	C	AE	1/7			16.584,03
1.1.306.1	Xefatura de negociado I	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AX/AE	10/9/8/3		Xornada de mañán con limitacións de flexibilidade e/ou conciliación At. Continua ao público Libre disponibilidade	20.636,16
1.1.178.57	Técnico de xestión de admón. xrl.	21	A2			1	N	C	AX	9			15.875,10
1.1.421.1	Técnico/a medio/a en redes sociais	21	A2			1	N	C	AE	42			15.875,10
1.1.46.3	Técnico superior Unión Europea	22	A1			1	N	C	AE	1/7			16.584,03

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIONES	C. ESPECÍFICO
1.1.15.172	Administrativo (información e actas)	19	C1		1	N	C		AX	3	Xornada de mañán con limitaciones de flexibilidad e/ou conciliación / At. continua público	14.833,84
1.1.15.173	Administrativo (información e actas)	19	C1		1	N	C		AX	3	Xornada de mañán con limitaciones de flexibilidad e/ou conciliación / At. continua público	14.833,84
1.1.15.175	Administrativo (información e actas)	19	C1		1	N	C		AX	3	Xornada de mañán con limitaciones de flexibilidad e/ou conciliación / At. continua público	14.833,84
1.1.15.176	Administrativo (información e actas)	19	C1		1	N	C		AX	3	Xornada de mañán con limitaciones de flexibilidad e/ou conciliación / At. continua público	14.833,84
1.1.15.212	Administrativo (información e actas)	19	C1		1	N	C		AX	3	Xornada de mañán con limitaciones de flexibilidad e/ou conciliación / At. continua público	14.833,84
1.1.3.157	Auxiliar administrativo (inform. e actas)	16	C2		1	N	C		AX	4	Xornada de mañán con limitaciones de flexibilidad e/ou conciliación / At. continua público	13.468,60
1.1.3.158	Auxiliar administrativo (inform. e actas)	16	C2		1	N	C		AX	4	Xornada de mañán con limitaciones de flexibilidad e/ou conciliación / At. continua público	13.468,60
1.1.435.1	Xefatura de sección normaliz. Lingüística	24	A1	A2	1	S	C		AE	10/9	Libre disponibilidade	25.755,80
1.1.52.2	Técnico de normalización lingüística	22	A1		1	N	C		AE	12		16.584,03
1.1.15.65	Administrativo de normalizac. Lingüística	19	C1		1	N	C		AX	3		13.275,89
SERVICIOS INTERNOS												0,00
1.1.11.6	Subalterno	13	AP		1	N	C		AX	5		11.245,63
1.1.11.7	Subalterno	13	AP		1	N	C		AX	5		11.245,63
1.1.11.8	Subalterno	13	AP		1	N	C		AX	5		11.245,63
1.1.11.9	Subalterno	13	AP		1	N	C		AX	5		11.245,63
1.1.11.21	Subalterno	13	AP		1	N	C		AX	5		11.245,63
1.1.11.23	Subalterno	13	AP		1	N	C		AX	5		11.245,63
1.1.11.24	Subalterno	13	AP		1	N	C		AX	5		11.245,63

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO
1.1.11.25	Subalterno	13	AP		1	N	C		AX	5		11.245,63
1.1.11.26	Subalterno	13	AP		1	N	C		AX	5		11.245,63
1.1.11.28	Subalterno	13	AP		1	N	C		AX	5		11.245,63
	Subalterno	13	AP		1	N	C		AX	5		11.245,63
	ARQUIVO											0,00
1.1.355.1	Xefatura de sección de arquivo	24	A1	A2		1	S	C	AE	10/9	Libre disponibilidade	25.755,80
1.1.85.10	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2			1	N	C	AE	14		15.350,06
1.1.85.7	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2			1	N	C	AE	14		15.350,06
1.1.146.6	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2			1	N	C	AE	14		15.350,06
1.1.85.1	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2			1	N	C	AE	14		15.350,06
ÁREA TECNOLOGÍA	ÁREA FILOSOFÍA	ÁREA MÚSICA		PERSOAL NON DOCENTE		
PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.26 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.56.14 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.56.28 A1		TÉCNICO/A DE XESTIÓN ADMON XERAL 1.1.178.43 A2	CELADOR/A-SUBALTERNO/A Interinado 1.1.201.2 AP	SUBALTERNO/A 1.1.11.16 AP
PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.39 A1				ADMINISTRATIVO/A ADMON XERAL Interinado 1.1.15.154 C1	MOZO/A DE SERVIZO AXUDANTE 1.1.396.1 AP	

IES ROSALÍA MERA

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA	FORMACIÓN E. ORIENTACIÓN LABORAL	FABRICACIÓN MECÁNICA	ELECTRICIDAD	MADEIRA	ARTES GRÁFICAS
PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.57.1 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.57.2 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.57.11 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.57.9 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.57.4 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.57.3 A1
PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP Vacante 1.1.93.17 A2	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.57.7 A1	PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.19 A2	PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.2 A2	PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.57.10 A1	PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.7 A2
ORIENTACIÓN		PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.13 A2	PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.1 A2	PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.11 A2	PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.16 A2
SERVIZOS XERAIS		PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.8 A2	PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.6 A2	PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.3 A2	PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.14 A2
XEFATURA DE NEGOCIADO A1/A2/B/C1 1.1.426.1	AUXILIAR ADMÓN XERAL Interinado 1.1.3.131 C2	PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.5 A2	PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP Vacante 1.1.93.10 A2	PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.4 A2	PROFESOR/A, TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.15 A2
ADMINISTRATIVO/A ADMÓN XERAL 1.1.15.214 C1	ANALISTA-PROGRAMADOR/A C1/B	SUBALTERNO/A Interina – Adsc. Prov AP 1.1.11.17	COCIÑERO/A 1.1.125.9 C1/ C2	COCIÑERO/A Interinado 1.1.125.10 C1/ C2	COCIÑERO/A 1.1.125.2 C1/ C2
ORDENANZA Interinado 1.1.397.2 AP	ORDENANZA Interinado 1.1.397.1 AP	AXUDANTE COCIÑA Interinado 1.1.128.1 AP	AXUDANTE COCIÑA Interinado 1.1.128.5 AP	OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS Interinado 1.1.133.6 AP	COSTUREIRO/A Interinado 1.1.129.1 AP


CENTRO RESIDENCIAL CULTURAL PAZO DE MARIÑÁN



FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

PSICÓLOGO/A 1.1.71.1 A1	ADMINISTRATIVO/A ADMON XERAL 1.1.15.135 C1	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.43 C2	DIRECTOR/A Internado 1.1.149.1 A1	ADMINISTRADOR/A Internado A1 1.1.429.1	EDUCADOR/A INFANTIL Internado B 1.1.412.13	AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO/A Internado 1.1.174.3 C2	EDUCADOR/A INFANTIL Internado B 1.1.412.14
EDUCADOR/A Internado 1.1.169.4 A2	TELEFONISTA Internado 1.1.118.4 AP	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.38 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.26 C2 <i>A transformar en Educador infantil en agosto 2022</i>	AUXILIAR EDUCADOR/A Internado 1.1.173.44 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO/A Internado 1.1.174.6 C2	CELADOR/A Internado 1.1.120.51 AP	
EDUCADOR/A Internado 1.1.169.5 A2	ENCARGADO/A DE PORTERÍA Vacante 1.1.399.3 AP	EDUCADOR/A INFANTIL Internado 1.1.412.9 B	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.17 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A Internado 1.1.173.51 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO/A Internado 1.1.174.5 C2	CELADOR/A Internado 1.1.120.9 AP	
EDUCADOR/A Internado 1.1.169.6 A2	TITOR/A DE GARDÁ Internado 1.1.150.1 C1/B	EDUCADOR/A INFANTIL Internado 1.1.412.10 B	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.22 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.36 C2 <i>A transformar en Educador infantil en agosto 2022</i>	AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO/A Internado 1.1.174.7 C2	CELADOR/A Internado 1.1.120.50 AP	
EDUCADOR/A Internado 1.1.169.7 A2	TITOR/A DE GARDÁ Internado 1.1.150.3 C1/B	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.23 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.40 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A Internado 1.1.173.47 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO/A Internado 1.1.174.8 C2	CELADOR/A Internado 1.1.120.33 AP	
TITOR/A 1.1.151.10 C1/B	TITOR/A DE GARDÁ Internado 1.1.150.4 C1/B	AUXILIAR EDUCADOR/A Internado 1.1.173.9 C2	EDUCADOR/A INFANTIL Internado B 1.1.412.3	AUXILIAR EDUCADOR/A Internado 1.1.173.49 C2	COCÍNEIRO/A Internado 1.1.125.1 C1/C2	CELADOR/A Internado 1.1.120.54 AP	
TITOR/A Internado 1.1.151.2 C1/B	TITOR/A DE GARDÁ Internado 1.1.150.2 C1/B	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.20 C2	EDUCADOR/A INFANTIL Internado B 1.1.412.4	AUXILIAR EDUCADOR/A Internado 1.1.173.3 C2	COCÍNEIRO/A 1.1.125.3 C1/C2	OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS Internado 1.1.133.2 AP	
TITOR/A Internado 1.1.151.4 C1/B	TITOR/A DE GARDÁ Internado 1.1.150.5 C1/B	EDUCADOR/A INFANTIL Internado 1.1.412.11 B	EDUCADOR/A INFANTIL Internado B 1.1.412.5	AUXILIAR EDUCADOR/A Internado 1.1.173.5 C2	COCÍNEIRO/A 1.1.125.7 C1/C2	OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS Internado 1.1.133.5 AP	
TITOR/A Internado 1.1.151.1 C1/B	TITOR/A Internado 1.1.151.3 C1/B	EDUCADOR/A INFANTIL Internado B 1.1.412.15	EDUCADOR/A INFANTIL Internado 1.1.412.1 B	AUXILIAR EDUCADOR/A Internado 1.1.173.50 C2	AXUDANTE DE COCINA 1.1.128.2 AP	OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS Internado 1.1.133.4 AP	
TITOR/A DE GARDÁ Internado 1.1.150.7 C1/B	EDUCADOR/A INFANTIL Internado 1.1.412.12 B	EDUCADOR/A INFANTIL Internado 1.1.412.6 B	EDUCADOR/A INFANTIL Internado 1.1.412.2 B	EDUCADOR/A INFANTIL Internado 1.1.412.7 B	EDUCADOR/A INFANTIL Internado 1.1.412.8 B		

CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL




CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA


PROFESOR/A DE DANZA 1.1.73.2 A1/A2	PROFESOR/A DE DANZA 1.1.73.1 A1/A2	PROFESOR/A DE DANZA Internado 1.1.171.3 A1/A2	PROFESORA DE DANZA 1.1.171.4 A1/A2	PROFESOR/A DE DANZA 1.1.171.5 A1/A2	PROFESOR/A DE DANZA 1.1.171.1 A1/A2
PROFESOR/A DE MÚSICA-PIANISTA 1.1.72.6 A1/A2	PROFESOR/A DE MÚSICA-PIANISTA 1.1.72.8 A1/A2	PROFESOR/A DE MÚSICA-PIANISTA 1.1.72.7 A1/A2	PROFESORA DE MÚSICA-PIANISTA 1.1.72.2 A1/A2	PROFESOR/A DE MÚSICA-PIANISTA 1.1.72.1 A1/A2	
ADMINISTRATIVO/A DE ADMON XERAL Internado 1.1.15.221 C1	SUBALTERNO/A Internado AP 1.1.11.33				




BIBLIOTECA PROVINCIAL




SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS




SERVIZO DE ORGANIZACIÓN



SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA



SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE



30.- Aprobación da actualización do Plan de Emprego Local (2020/2023) na que se inclúen modificacíons en PEL Concellos, PEL Emprende e PEL Pemes.

Sra. Secretaria

Aquí hai unha emenda presentada polo grupo socialista.

Sr. Presidente

Explica a emenda que presentamos, quero dicir que neste punto hai unha emenda presentada polo propio grupo de Goberno.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día.

Hai unha emenda neste punto para incluír aqueles concellos, que parece que houbo algúun pequeno despiste, e despois hai un tema presupuestario que xa está corrixido, para incluír os concellos de entre 30.000 e 50.000 habitantes como beneficiarios tamén desta achega. Polo tanto, o importe total pasa dos 584.000 ata os 703.000 máis ou menos, se mal non recordo.

Procede a votarse a emenda:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a emenda, vótase o punto coa emenda incorporada:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º. Aprobar a actualización do Plan de Emprego Local da Deputación Provincial da Coruña 2020-2023, que se achega como Anexo I "PEL 2020-2023 Versión Actualizada", e que inclúa as seguintes modificacíons:

1) En PEL CONCELLOS

a) Na liña de actuación 1.3. PEL-Reactiva, desenvolver unha convocatoria de axudas para contribuír á reactivación económica, promoción e mantemento do emprego no

sector empresarial de orquestras e verbenas.

b) Non executar a liña de actuación 1.2. PEL Concello Dixital.

2) En PEL EMPRENDE

a) Desenvolver a liña de actuación 2.7 PEL Autónom@s, coa finalidade de fomentar o emprendemento e o traballo por conta propia nos municipios da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes.

b) Non executar as liñas de actuación 2.5 Apoio a concellos para a prestación de servizos de asesoramento a emprendedores e orientación laboral, e 2.6. PEL Emprende Actividades.

3) En PEL PEMES

a) Incluír como destinatarias ás persoas autónomas nas liñas 3.1 PEL Pemes creación e ampliación do cadre de persoal e 3.2. PEL Pemes mantemento do cadre de persoal.

2º. Facultar á Presidencia da Deputación para a realización de cantas accións sexan necesarias para o desenvolvemento das liñas de actuacións do Plan de Emprego Local 2020/2023."

ANEXO I



Plan de Emprego Local 2020-2023
(Versión actualizada a 29/04/2022)

PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL) 2020-2023
(aprobado por acordo plenario da Deputación da Coruña de 30/04/2020 e
1º modificado por acordo plenario de 31/07/2020)

1. RÉXIME XURÍDICO

O fundamento legal que habilita á Deputación para promover actuacións como o Plan de Emprego Local (PEL) 2020-23 radica na atribución recollida no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que na modificación que realiza sobre o artigo 36 establece o seguinte:

“1. Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:

(...)

d) A cooperación no fomento do desenvolvimento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.”

O régime xurídico aplicable ao presente expediente pivota sobre a cuestión competencial e refírese a se a entidade provincial pode intervir na actividade indicada. Os novos requisitos de xestión pública, establecidos na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, contrastan co espírito da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Régime Local, en cuxo preámbulo se indica que “a experiencia histórica demostra de modo irrefutável que o florecemento da vida local presupón o goce de ampla autonomía nutrida pola participación auténtica dos veciños. É igualmente indubidable que os entes locais precisan recursos suficientes, susceptibles de satisfacer as necesidades e de procurar os servizos que o administrado require e reclama”.

Co obxectivo de clarificar as competencias locais, a Lei 27/2013 trata de evitar os problemas de solapamentos competenciais entre Administracións ata agora existentes. Esta Lei remodela amplamente a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Régime Local. Nesta última Lei, no que se refire as competencias provinciais, o artigo 36 na súa nova redacción indica que:

“1. Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:

a) A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada a que se refire o apartado a) do número 2 do artigo 31.

b) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión . En todo caso garantirá nos municipios de menos de 1.000 habitantes a prestación dos servizos de secretaría e intervención.

c) A prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal e o fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación dos servizos de tratamento de residuos nos municipios de menos de 5.000 habitantes, e de prevención e extinción de incendios nos de menos de 20.000 habitantes, cando estes non procedan á súa prestación.

d) A cooperación no fomento do desenvolvimento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais

Administración Pública s neste ámbito .

e) *O exercicio de funcións de coordinación nos casos previstos no artigo 116 bis.(...)"* Polo tanto, o artigo 36 da Lei 7/85 di no seu apartado primeiro que son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e enumera a continuación aquellas que exercerán en todo caso. Concretamente o apartado d) do devandito precepto atribúelles a cooperación no fomento do desenvolvimento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, indica no seu artigo 86.1, referíndose as actividades complementarias doutras administracións públicas, indica que:

"1.Para a xestión dos seus intereses e unha vez que se garanta a prestación dos servizos mínimos, o municipio tamén poderá exercer actividades complementarias das propias doutras Administracións Públicas e, en particular, as relativas a:(...)"

f) A ocupación e a loita contra o paro.(...)"

Por último, é preciso sinalar que o artigo 7.4 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da administración local, establece o seguinte:

"As entidades locais so poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública. A estes efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón da materia, nos que se sinale a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias."

4 . Para os efectos indicados na liña 1 deste precepto, con carácter previa ao inicio das novas competencias, serán preceptivos os informes previos da Administración competente por razón da materia, en que se sinale a inexistencia de duplicidades, e da Consellería de Facenda da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia como titular da competencia de tutela financeira sobre as entidades locais galegas, sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias. O Plan plurianual incorporado na presente proposta está intimamente ligado co desenvolvimento territorial e a promoción económica e esta relación non é outra que a de potenciar o emprego e a empregabilidade como instrumento de desenvolvimento económico, social e xerador de benestar social e riqueza a nivel provincial.

Por isto, o servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolólica estima que a normativa citada habilita á actuación provincial neste eido, previo o informe da administración competente por razón da competencia, a saber a consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, no que non se aprecia duplicidade competencial e que xa serviron no seu día para habilitar a posta en marcha do Plan de Emprego Local anterior.

2. MARCO XERAL

En virtude das competencias anteriormente mencionadas, a Deputación da Coruña ten a vontade de impulsar un novo Plan de Emprego Local, PEL 2020-23, que actuará como eixo vertebrador de todas as políticas e medidas en prol do emprego articuladas desde a Deputación para promover o desenvolvimento territorial e socioeconómico da provincia.

A nosa sociedade atópase inmersa nun entorno sociolaboral e económico complexo e

cambiante, no que os polos de atracción das urbes contrastan co baleirado continuo das árees más rurais, resultando crucial desde as institucións públicas plans urxentes que freen e, se forá posible, revertan a situación.

Sen dúbida algúna o emprego continúa a ser unha das cuestións que máis preocupa á ciadánía polo seu enorme impacto social, constituíndo, en consecuencia, unha prioridade política de primeira orde para a presente Corporación.

Ademais, co fin de impulsar un Plan de Emprego Local eficaz, resulta preciso abordar o enorme reto demográfico que afronta a nosa provincia na súa dobre dimensión, demográfica e territorial, agudizado polos problemas estruturais como a perda continua de poboación das árees rurais, o desemprego xuvenil e o da poboación de maior idade, así como o desemprego feminino, colectivos que corren un grave risco, se non se actúa con decisión e acerto, de cronificar esta situación no tempo.

As directrices xerais da *Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico* deseñada en 2019, estableceu como liñas fundamentais de actuación para afrontar o despoboamento:

- Garantir a funcionalidade dos territorios afectados polo despoboamento e a baixa densidade.
- Mellorar a competitividade e facilitar o desenvolvemento de novas actividades económicas e o fomento do emprendemento.
- Favorecer o asentamento e a fixación da poboación no medio rural.

Estas liñas de actuación foron xa recollidas desde a posta en marcha do Plan de Emprego Local (PEL) iniciado no ano 2016, para poder fazer fronte ao problema crecente do despoboamento no ámbito rural da provincia da Coruña.

Tanto a liña PEL PEMES, PEL EMPRENDE, así como as iniciativas de COWORKING e os proxectos PEL-RELEVO e PEL-RURINNOVA incorporan medidas dirixidas a afrontar o despoboamento na provincia, mediante a creación de empresas novas no ámbito rural, o apoio a aquelas empresas creadas neses territorios que precisan de financiación para consolidar os seus proxectos presentes en zonas despoboadas, ou a creación e asentamento de novos espazos de traballo colaborativo en municipios de menos de 20.000 habitantes.

Tamén se incide no apoio á contratación de traballadores/as en zonas rurais, priorizando aquellas empresas establecidas en municipios de menos de 20.000 habitantes que contraten a colectivos en situación de vulnerabilidade (parados de longa duración, mulleres, persoas con diversidade funcional, etc).

O proxecto PEL-RURINNOVA apostase polas axudas ao emprendemento de persoas mozas no ámbito rural e en municipios más despoboados, e o proxecto PEL-RELEVO pretende fomentar a contratación con carácter indefinido das persoas mozas non ocupadas de maneira que se crean novas oportunidades para mozos e mozas de cara a obtención dun emprego de calidade e de carácter estable en municipios rurais da provincia da Coruña.

As políticas de emprego requiren dun liderado social que compete ás institucións e adquieren gran relevancia, por resultar crucial como parte dos plans e programas de desenvolvemento territorial e por ser os seus instrumentos esenciais para alcanzar un crecemento económico sustentable e integrador e conseguir a estabilidade e a cohesión social.

Así mesmo, o novo PEL alíñase cos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e 169 metas a acadar no escenario 2030 establecidos por Nacións Unidas. Concretamente, o Plan de Emprego Local 2020-23 garda relación directa cos seguintes Obxectivos e Metas de Desenvolvemento Sustentable:

- Obxectivo 8. Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sustentable, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as persoas.

- O Meta 8.3. Promover políticas orientadas ao desenvolvemento que apoien as actividades produtivas, a creación de postos de traballo decentes, o emprendemento, a creatividade e a innovación, e fomentar a formalización e o crecemento das microempresas e as pequenas e medianas empresas, tamén mediante o acceso a servizos financeiros.
- O Meta 8.5. Lograr o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as mulleres e os homes, incluídas a mocidade e as persoas con discapacidade, así como a igualdade de remuneración por traballo de igual valor.
- O Meta 8.6. Para 2020, reducir considerablemente a proporción da mocidade que non está empregada e non cursa estudos nin recibe capaciatón.
- O Meta 8.8. Protexer os dereitos laborais e promover un entorno de traballo seguro e sen riscos para todas as persoas traballadoras, incluídas as migrantes, en particular as mulleres migrantes e as persoas con traballos precarios.
- Obxectivo 4. Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos.
 - O Meta 4.4. Aumentar considerablemente o número de mozos e adultos coas competencias necesarias para acceder ao emprego, ao traballo decente e ao emprendemento.
- Obxectivo 5. Lograr a igualdade de mulleres e homes e empoderar a todas as mulleres e as nenas.
 - O Meta 5.c. Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de mulleres e homes e o empoderamento de todas as mulleres e as nenas a todos os niveis.

En definitiva, o PEL 2020-23 é unha aposta polo emprendemento, a xeración de novas empresas que fortalezan o noso tecido empresarial e a fixación de poboación no rural a través de iniciativas innovadoras de autoemprego.

3. ANTECEDENTES

A Deputación da Coruña impulsou o primeiro Plan de Emprego Local-PEL no período 2016-2019. Plan que superou os obxectivos previstos e que servirá como punto de partida para que este Plan de Emprego Local PEL 2020-23 poda seguir traballando na creación de novas empresas e novos empregos no territorio.

Desde o ano 2016 o emprego é a máxima prioridade da Deputación da Coruña. A posta en marcha do PEL 2016-2019 cun investimento provincial sen precedentes, 2.643 persoas conseguiron un emprego na provincia grazas as liñas de PEL-CONCELLOS e PEL-PEMES, e 829 persoas novas autónomas e novas empresarias realizaron investimentos en bens inventariables e actividades relacionadas coa súa actividade empresarial.

Na traxectoria do PEL 2016-2019, recibíronse un total de 5.129 solicitudes de axudas correspondentes a empresas e concellos da provincia co obxectivo de mellorar a competitividade das súas entidades/empresas, a través de novos investimentos, actividades, a contratación de novo persoal e mantemento dos postos creados. De esas solicitudes, a Deputación grazas aos créditos dispostos, e a o gran esforzo inversor realizado, chegou a atender a un 37,72% das solicitudes recibidas favorecendo así o impulso e desenvolvemento das pequenas empresas ubicadas na provincia xeradoras de riqueza.

Por outra banda, o PEL 2016-2019 conseguiu captar un montante de máis de 6 millóns de euros de financiamento europeo para executar proxectos relacionados coa mellora da empregabilidade e o fomento do emprendemento.

Nestes proxectos, a Deputación da Coruña participará con 1.814.991,97 € e 5.186,84 € proveñen de aportación privada. Isto indica que a iniciativa posta en marcha pola Deputación da Coruña, o Plan de Emprego Local (PEL), foi capaz de multiplicar por 2,88 o seu investimento, sobre os fondos propios.

No análise do Impacto Económico do Plan de Emprego Local (PEL) 2016-2019 da Deputación da Coruña, realizado por unha consultora externa no marco do Proxecto, obtivéronse, entre outras, as seguintes conclusións:

Como política activa de emprego, o Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación da Coruña destaca pola súa capacidade para fomentar e incentivar o asentamento de iniciativas de iniciativas emprendedoras, así como para xerar oportunidades de emprego na provincia da Coruña e, máis concreto, no seu entorno rural, chegando as axudas a, praticamente a maioría dos concellos da provincia. Ademais do desenvolvemento socioeconómico da provincia, a creación de emprego de calidade é unha das condicións necesarias para poder fixar poboación en zonas, onde as dinámicas demográficas non son as más favorables.

A Deputación da Coruña, a través do seu Plan de Emprego Local (PEL), nas súas liñas Emprende, Pemes e Concellos e para os exercicios, destinou un total de 16.064.263,27 € en axudas, logrando un impacto directo valorado en 18.841.709,64 € (o que significa un impacto directo neto de 2.777.446,37 €). O impacto directo, entón, foi de 1,17 € por cada 1,00 € invertido. Por outro lado, o impacto indirecto estimado, coas limitacións tidas en conta no análise, foi de 9.641.364,06 €, o que significa 0,60 € por cada 1,00 € invertidos. Polo tanto, o Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación da Coruña, nestas Liñas e para os exercicios referidos, logrou un impacto global que ascendeu a 28.483.073,70 € (neto de 12.418.810,43 €), o que significa que o retorno á sociedade deste investimento foi de 1,77 € por cada 1,00 € investidos, o que supón un impacto socioeconómico un 77 % superior ao esforzo realizado.

Este impacto socio económico, xunto coa boa acollida entre as empresas e as persoas emprendedoras e o grao de satisfacción das persoas administradas sustenta a motivación e a vontade da Deputación de apostar por un Plan de Emprego Local-PEL 2020-23.

4. PLAN DE EMPREGO LOCAL PEL 2020-2023

O PEL 2020-2023 seguirá tendo como obxectivo favorecer a creación, a posta en marcha e a consolidación de novas empresas na provincia, fomentar o emprendemento, atraer o talento e a innovación, valorizando os recursos locais e favorecendo a fixación de profesionais en zonas principalmente rurais para impulsar a modernización do tecido empresarial a través da oferta dunha serie de servizos e axudas complementarias ás que proporcionan as distintas administracións. Os diferentes espazos prestarán un servizo supramunicipal, ben atendendo aos límites administrativos da comarca ou atendendo a criterios de eficiencia.

Así, un dos novos retos a afrontar será a **consolidación dunha Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo**. No período anterior estableceronse as bases dos novos espazos de traballo que comenzarán a funcionar de xeito coordinado creando sinerxías entre os distintos espazos da provincia. Actualmente pertencen a rede os concellos de Ames, Boiro, Brión, Carballo, A Coruña e Oleiros e están en proceso de aprobación e/ou estudio catro solicitudes máis.

En definitiva, o PEL 2020-2023 seguirá apostando polo fomento do **emprendemento** como elemento clave para o crecemento económico, a creación de novos postos de traballo e o empoderamento feminino.

Neste sentido cabe sinalar que segundo se indica no informe GEM Galicia 2018, que avalía a evolución do emprendemento en Galicia, destácase que o emprendemento

potencial, é dicir, aquela parte da poboación adulta que expresa a súa intención de crear unha nova empresa nos próximos tres anos, as cifras foron moi optimistas na anualidade pasada, posto que o 7,6% da poboación galega sinalou que espera emprender nun futuro inmediato (en 2017 fora o 5,9%), superando á media española que foi do 6,8%.

Este informe destaca, ademais do incremento dos índices de emprendemento na Comunidade Autónoma, o papel das mulleres no crecemento da creación de empresas, cunha taxa feminina de actividade que continúa a súa tendencia á alza e supera en case medio punto á media española. Tendencia que o PEL 2020-2023 intentará manter, poñendo o foco nas **mulleres traballadoras, emprendedoras e empresarias**, priorizándoas á hora de acceder ás axudas á contratación e ao investimento e aos postos e espazos de traballo da Rede Provincial de Espazos de Traballo.

Por outra banda outro dos novos retos que afrontará o PEL 2020-2023 é a **execución dos seis proxectos cofinanciados con fondos europeos** a prol do emprego, a mellora da empregabilidade, o fomento do emprendemento e o relevo xeracional nos negócios do rural aprobados no marco do Fondo Social Europeo e o Fondo Europeo de Desenvolvemento rexional (FEDER) a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España-Portugal (Interreg POCTEP).

O PEL 2020-23 adaptará as súas axudas á realidade territorial, favorecendo sempre a aqueles concellos máis pequenos e primando os sectores de actividade con mellores perspectivas a nivel provincial e servirá tamén como instrumento de traballo dos diferentes servizos que dentro da Deputación executan iniciativas e políticas vinculadas á promoción do emprego, mantendo sempre unha concepción ampla do mesmo, que englobe tamén aspectos vinculados coas dimensións de traballo, medio ambiente, cohesión territorial, loita contra a España baleirada, empoderamento feminino, captación e retención de talento e promoción económica.

Deste xeito, a presente corporación, a través do PEL 2020-23 pretende contribuír á transformación da provincia nun territorio máis emprendedor e competitivo, que sustente o seu crecemento na innovación e na excelencia empresarial.

5. OBXECTIVOS

O Plan de Emprego Local 2020-2023 focalizarase no fomento do emprendemento como sustento da xeración de emprego, da creación de empresas, da fixación da poboación nos territorios rurais da provincia e, en definitiva, do desenvolvemento socioeconómico do territorio e do benestar social.

Os obxectivos xerais do novo Plan de Emprego Local serán:

- Impulsar o emprego de calidade, prestando atención preferente ás persoas más desfavorecidas en risco de exclusión social.
- Facilitar de maneira integral o emprendemento, poñendo en valor a súa importancia estratéxica para a nosa provincia.
- Promover a formación para o emprego, tanto das persoas desempregadas como das ocupadas, desde a concepción de que na Economía do Coñecemento a capacitación é a mellor garantía de emprego.
- Loitar contra os desequilibrios territoriais da provincia e contra a España baleirada, favorecendo aqueles territorios rurais nos que a lacra do desemprego e a escaseza de oportunidades laborais son unha realidade a que se debe fazer fronte común desde as administracións públicas.
- Potenciar a creación de empresas en sectores estratégicos, facilitando a súa posta en marcha.

- Valorizar e recoñecer a labor realizada polas empresas e profesionais independentes e autónomos

Estes obxectivos xerais acadaranse a través da consecución dos seguintes obxectivos específicos:

- Fomentar o emprendemento e a creación de novas empresas facilitándolles ás persoas emprendedoras espazos de traballo onde desenvolver os seus proxectos empresariais e crear as súas empresas, prestándolles asesoramento e tamén axudas en forma de subvencións para facilitarllas o investimento en bens inventariables imprescindibles para a actividade empresarial.
- Optimizar a pioneira Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo conseguindo que os concellos adheridos contén con espazos que funcionen ao máximo rendemento, conseguindo novas adhesións e acadando sinerxías e intercambios de boas prácticas entre todos eles.
- Promover o emprendemento feminino facilitando a este colectivo o acceso prioritario ás subvencións e aos espazos de traballo colaborativo, así como mellorando a súa empregabilidade a través de itinerarios formativos desenvolvidos no marco de proxectos europeos
- Favorecer á xuventude á hora de obter axudas ao emprendemento, así como promover o seu autoemprego facilitándolles espazos onde desenvolver os seus proxectos empresariais
- Crear canles comunicativos para o intercambio de boas prácticas entre persoas, empresas, concellos e, en definitiva, entre calquera beneficiario do Plan de Emprego Local
- Fomentar a fixación da mocidade no rural, favorecendo a súa contratación en empresas do rural así como impulsando o emprendemento xuvenil
- Focalizar ás axudas do novo PEL adaptándoas o máximo posible á realidade territorial
- Complementar as axudas da Xunta de Galicia e as propias dos concellos en materia de emprego e emprendemento desde una perspectiva que so as Deputacións poder aportar, sobre todo no ámbito dos municipios de tamaño medio e pequeno
- Realizar unha avaliación exhaustiva e análise do impacto económico tras a execución do Plan de Emprego Local 2020-2023

6. PLAN E LIÑAS DE ACTUACIÓN

Este Plan de Emprego Local 2020-2023 articularase en catro grandes liñas que, a súa vez, ramificáanse en liñas de actuación concretas:

Liña 1. PEL CONCELLOS:

Apoio aos concellos da provincia na creación de empregos para a prestación de servizos municipais.

1.1. PEL CONCELLOS

Finalidade: subvencionar os custos de contratación de traballadores e traballadoras que sexan demandantes de emprego nos distintos concellos e que se contraten expresamente para a realización de traballos necesarios para a prestación de servizos municipais, acordes ás competencias definidas no artigo 25 da Lei de Bases de Régime Local.

1.2. PEL CONCELLO DIXITAL: *Dende a anualidade 2020 esta liña de actuación non se executa.*

Finalidade: impulsar a transformación da administración electrónica a nivel local e facer sostible o constante proceso de innovación e mellora na calidade dos servizos públicos dos concellos, así coma unha maior transparencia, comodidade

e accesibilidade a todas as persoas e entidades na súa relación coa administración.

1.3. PEL REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA (*1ª Modificación PEL 2020-2023 aprobada en sesión plenaria do 31/07/2020*). Destinatarios: Concellos de menos de 50.000 habitantes

1.3. PEL REACTIVA GRANDES CIDADES. Destinatarios: Concellos de más de 50.000 habitantes

Estas liñas de actuación execturáronse na anualidade 2020 con motivo da excepcionalidade da pandemia do coronavirus COVID-19 e a conseguinte declaración do Estado de Alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, e as súas prórrogas para a reactivación económica e social da provincia da Coruña e dotar aos concellos da provincia dos recursos necesarios para mitigar os efectos negativos que a pandemia ocasionou no seu tecido empresarial local, para así, deste xeito, acadar unha pronta recuperación económica.

Finalidade: Facilitar recursos aos concellos da provincia da Coruña, para mitigar o excepcional impacto económico e social na provincia, derivado da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e a entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma e as súas posteriores prórrogas.

1.3. PEL - REACTIVA: AXUDAS PARA CONTRIBUÍR Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA, PROMOCIÓN E MANTENIMENTO DO EMPREGO NO SECTOR EMPRESARIAL DE ORQUESTRAS E VERBENAS (*Nova liña de actuación*)

Finalidade: contribuír á reactivación económica e o mantemento do emprego do sector empresarial das orquestras e verbenas, mediante o apoio aos concellos para a celebración de festas mantendo as tradicións populares, a promoción da música en directo e a ampliación da oferta cultural en galego.

Liña 2. PEL EMPRENDE

Apoio á creación e ao recoñecemento de empresas no ámbito local, ao fomento do emprendemento e a xestión e coordinación de espazos de traballo colaborativo.

2.1. INICIATIVA EMPRESARIAL. PEL EMPRENDE INVESTIMENTO

Finalidade: contribuír á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables de pequenas, medianas empresas e microempresas en calquera das modalidades xurídicas existentes.

2.2. PROMOCIÓN COWORKING

Finalidade: colaborar cos concellos da provincia que dispoñan de instalacións para a creación de espazos de traballo, ben sexan viveiros de empresas, centros de negocios ou espazos de *coworking*, ou ben aqueles que xa contén con algúns destes espazos creados e precisen apoio para o seu funcionamento e dinamización.

2.3. PROXECTOS PILOTO

Finalidade: facilitar un espazo de traballo ás persoas emprendedoras e empresas de recente creación no espazo de traballo colaborativo do pazo de Arenaza (Oleiros).

2.4. PREMIO PROVINCIAL Á MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL

Finalidade: recoñecer e valorizar as iniciativas e o traballo realizado polas empresas, os autónomos, as asociacións empresariais e concellos, fomentando a súa imaxe positiva e realzando o seu papel fundamental como xeradores/as de riqueza e emprego, contribuíndo á súa sustentabilidade e fomentando a cultura

emprendedora na provincia.

2.5. APOIO A CONCELLOS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ASESORAMENTO A EMPRENDEDORES E ORIENTACIÓN LABORAL: *Esta liña de actuación non se executa dende a anualidade 2020*

Finalidade: apoiar aos concellos para a prestación de servizos de asesoramento a emprendedores e orientación laboral

2.6. PEL EMPRENDE ACTIVIDADES: *Esta liña de actuación non se executa dende a anualidade 2020*

Finalidade: contribuír á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos

da provincia de A Coruña a través do apoio para a realización de actividades e/ou actuacións no desenvolvemento da iniciativa empresarial de pequenas, medianas empresas e microempresas.

2.7. PEL AUTÓNOM@S (Nova liña de actuación)

Finalidade: fomentar o emprendemento e o traballo por conta propia nos municipios da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes poñendo en marcha mecanismos necesarios para a supervivencia e fortalecemento do tecido empresarial autónomo ante a nova realidade económica xurdida pola Covid-19.

2.8. PEL REACTIVA Programa específico de apoio á hostalaría e axencias de viaxes.

Esta liña de actuación se executou como medida extraordinaria na anualidade 2021 por mor da pandemia do coronavirus Covid-19 para apoiar ás persoas traballadoras autónomas e microempresas de sectores dos más afectados no ámbito da provincia, como foron a hostalaría e o das axencias de viaxes

Finalidade: mantemento da actividade económica nos sectores da hostalaría e das axencias de viaxe da provincia, ambos os dous gravemente afectados pola crise socioeconómica derivada da pandemia orixinada pola crise da COVID- 19

Liña 3. PEL PEMES

Fomento da creación directa de emprego de calidade a través da xeración de novos postos de traballo

3.1. PEL PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL.

Finalidade: contribuír á inserción laboral das persoas desempregadas, favorecendo o emprego estable e de calidade a nivel local das persoas traballadoras con maiores dificultades de inserción laboral nun contexto de proximidade.

Destinatarias: Pequenas e medianas empresas, microempresas e persoas autónomas

3.2. PEL PEMES MANTEMENTO DO CADRO DE PERSOAL.

Finalidade: apoiar ao tecido empresarial no mantemento das contratacións laborais indefinidas das persoas contratadas con cargo ao Programa de incentivos á contratación para a creación e ampliación do cadre de persoal de pequenas e medianas empresas, microempresas e persoas autónomas (PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN) da anualidade anterior.

Destinatarias: Pequenas e medianas empresas, microempresas e persoas autónomas.

Liña 4. PEL FINANCIAMENTO EUROPEO

Captación de fondos procedentes da Unión Europea para o desenvolvemento de proxectos vinculados aos obxectivos do Plan de Emprego Local 2020-2023

Finalidade: deseñar e presentar candidaturas ás convocatorias dos distintos programas de financiamento da Unión Europea que máis se adecúen ás necesidades de desenvolvemento da provincia e, máis concretamente, aos

obxectivos do PEL. Así como, unha vez aprobados, levar a cabo a súa execución, implementación e seguimento.

Proxectos aprobados:

1.- PROXECTO EIXO: Por Resolución do 06/07/2017 da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais, na que se resolven as solicitudes de subvención formuladas ao amparo da convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo correspondentes ao Programa Operativo de Emprego Xuvenil, Eixe 5, para a integración sostible de persoas novas no mercado de traballo, no contexto do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, para a execución do proxecto EIXO (Emprego e Inserción Xove) co seguinte orzamento:

LIÑA 4 PEL- EMPREGO E INSERCIÓN XOVE-EIXO	
ORZAMENTO	
Achega do Fondo Social Europeo	375.696,75 €
Achega da Deputación da Coruña	353.222,25 €
TOTAL PROXECTO EIXO	728.919,00 €

2.- PROXECTO AMADEIRA: Por Resolución da Dirección da Fundación Biodiversidad do 02 de novembro de 2017, se resolven as solicitudes de subvención formuladas ao amparo da convocatoria no que se concede a axuda do Fondo Social Europeo ao proxecto AMAdeira-Sostenibilidade da cadea de valor do castaño da Deputación Provincial da Coruña co seguinte orzamento:

LIÑA 4 PEL- AMADEIRA	
ORZAMENTO	
Achega do Fondo Social Europeo	103.736,82 €
Achega da Deputación da Coruña	20.747,37 €
Achega Colaboradores (Asmadera e Cetemas- Asturias)	5.186,84 €
TOTAL PROXECTO AMADEIRA	129.671,03 €

3.-PEL EMPREGO SOSTIBLE NO AMBITO RURAL: Por Resolución de 13 de decembro de 2018 da da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, se resolven as solicitudes de subvención formuladas ao amparo da convocatoria 2018 no que se concede a axuda do Fondo Social Europeo prevista no Programa Operativo de Emprego Formación e Educación (POEFE) ao proxecto PEL Emprego Sostible no ámbito rural co seguinte orzamento:

LIÑA 4 PEL- Emprego sostible no ámbito rural	
ORZAMENTO	
Achega do Fondo Social Europeo	4.252.591,45
Achega da Deputación da Coruña	1.063.147,86
TOTAL PROXECTO PEL EMPREGO SOSTIBLE NO AMBITO RURAL	5.315.739,31

4.- PEL RELEVO: Por Resolución de 01 de abril de 2019 da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, se concede á Deputación de A Coruña unha axuda do Fondo Social Europeo, no ámbito da Garantía Xuvenil para a financiación de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación (axudas EMP-POEJ), para a cofinanciación do proxecto “PEL-RELEVO”, enmarcado na medida de actuación 8.2.4. Axudas ao emprego para a contratación de persoas mozas durante un período superior a seis meses , co seguinte orzamento:

LIÑA 4 PEL-RELEVO	
ORZAMENTO	
Achega do Fondo Social Europeo	396.964,80 €
Achega da Deputación da Coruña	101.035,20 €
TOTAL PROXECTO PEL RELEVO	498.000,00 €

5.- PEL RURINNOVA: Por Resolución de 01 de abril de 2019 da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, se concede á Deputación de A Coruña unha axuda do Fondo Social Europeo, no ámbito da Garantía Xuvenil para a financiación de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación (axudas EMP-POEJ), para a cofinanciación do proxecto “PEL-RURINNOVA”, enmarcado na medida de actuación 8.2.3.3 Axuda ao autoemprego, co seguinte orzamento:

LIÑA 4 PEL-RURINNOVA	
ORZAMENTO	
Achega do Fondo Social Europeo	446.585,40 €
Achega da Deputación da Coruña	107.814,60 €
TOTAL PROXECTO PEL RURINNOVA	554.400,00 €

6.- GEFRECON: O Comité de Xestión do INTERREG V A España Portugal (POCTEP), financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), na súa reunión do 28/03/2019 en Madrid, acordou a concesión dunha axuda FEDER de 750.243,40 euros ao proxecto 0626_GEFRECON_6_E, da cal a Deputación Provincial de A Coruña é Beneficiario Principal, co seguinte orzamento:

LIÑA 4 PEL-GEFRECON	
ORZAMENTO	
Achega do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional	87.180,00
Achega da Deputación da Coruña	29.060,00
TOTAL PROXECTO GEFRECON	116.240,00

Adicionalmente ás liñas de actuación contémplanse a liña 5. Xestión e Coordinación do Plan relativos á estrutura e de funcionamento.

RECURSOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN (LIÑA 5)

Para a posta en marcha, xestión, coordinación e implementación do PEL 2020-2023 considerase necesario contar cun equipo cualificado, con experiencia e altos coñecementos na materia, para asegurar a calidade do proxecto e a eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos establecidos.

Así, os recursos humanos precisos para o seu correcto funcionamento deste proxecto estímanse en catro técnicos/as de proxectos e dous administrativos.

Precísase dun equipo integrado e coordinado capaz de fazer fronte a grande carga de traballo que este proxecto xerará. Prevense que este persoal cualificado realice tarefas de:

- Redacción de bases reguladoras, tramitación das resolucións de concesión de todas as axudas PEL, publicación no BOP, notificación e difusión.
- Revisión da documentación presentada nos distintos expedientes das convocatorias de axudas PEL (desistencias, renuncias, recursos, solicitudes de modificación de conta bancaria, cesións de crédito e reintegros, solicitudes de cambio de usuario en Subtel, etc.)
- Redacción de informes proposta de estimación ou desestimación dos recursos potestativos de reposición e reclamacións non tributarias que se presenten tras a publicación das resolucións de concesión.
- Revisión de xustificacións de gastos que deben presentar as persoas beneficiarias no marco das convocatorias de axudas PEL, realización de requirimentos de emendas de documentación, revisión e tramitación do pago.

- Realización e actualización dos balances de situación de cada unha das convocatorias, informes de execución, memorias, notas de prensa e demás elementos de comunicación.
- Elaboración de balances de xestión e memorias de execución no que quedarán reflectidos datos estatísticos globais do Plan de Emprego Local anualmente.
- Tramitación de convenios de colaboración correspondente ao proxecto piloto e promoción de espazos de traballo (viveiros de empresas, centro de traballo e coworking) en concellos e entidades privadas.
- Xestión e coordinación da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo.
- Elaboración e actualización dos contidos da páxina web e das redes sociais do Plan de Emprego Local.
- Asesoramento e atención telefónica, por correo electrónico e presencial ás persoas administradas.
- Redacción de novas candidaturas de proxectos europeos e xestión e execución dos xa aprobados.
- Realizar unha avaliación exhaustiva e análise do impacto económico tras a execución do Plan de Emprego Local 2020-2023

7. PLANIFICACIÓN TEMPORAL

O PEL 2020-2023 comezará a executarse desde o 1 de xaneiro de 2020.

No primeiro trimestre de cada ano previsamente se publicarán as bases reguladoras das axudas de PEL-CONCELLOS, PEL-EMPRENDE Investimento, de PEL-PEMES creación e ampliación do cadre de persoal e mantemento de persoal, a partir da anualidade 2021 a de PEL Autónom@s

Con esta data de inicio do PEL poderá darse cobertura ás solicitudes de acceso ao espazo de traballo colaborativo do Pazo de Arenaza e solicitudes de adhesión á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo (liña 2 PEL-EMPRENDE)

A liña 4 PEL-FINANCIAMENTO EUROPEO desenvolverase de xeito transversal ás demás liñas de actuación, suxeita sempre aos prazos de publicación das diferentes convocatorias e de execución das actuacións dos proxectos xa aprobados.

8. FINANCIAMENTO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A ANUALIDADE 2022

Para atender ás obrigas económicas durante o exercicio 2022, que se deriven da xestión e execución do PEL, existe crédito suficiente nas partidas que a continuación

se indican e da que poida chegar a habilitarse nos expedientes de modificación de crédito que se tramiten no exercicio orzamentario:

			ORZAMENTO INICIAL 2022
PROGRAMA	DENOMINACIÓN LIÑA ACTUACION	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
PEL CONCELLOS	1.1. Contratación de persoas desempleadas para a prestación de servizos en concellos - PEL CONCELLOS	0520/24100/46201	3.000.000,00 €
	1.2. Contracción de monitores/técnicos auxiliares de eAdministración nos concellos para a implantación e xestión da administración electrónica municipal. PEL CONCELLO DIXITAL	0520/24100/22799	-
	1.2. Contracción de monitores/técnicos auxiliares de eAdministración nos concellos para a implantación e xestión da administración electrónica municipal PEL CONCELLO DIXITAL	0520/24100/46201	-
	1.3 PEL REACTIVA:Fondo de Financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña	0520/24100/46201	-
	1.3. PEL REACTIVA Grandes Cidades	0520/241400/46201	-
	1.3. PEL REACTIVA: Axudas para contribuír á reactivación económica, promoción e mantemento do emprego no sector empresarial de orquestas e verbenas	0520/24100/46201	704.000,00
PEL EMPRENDE	2.1 Fomento da Iniciativa Empresarial - PEL EMPRENDE INVESTIMENTO	0520/24100/771	2.760.000,00 €
	2.2. Promoción Coworking	0520/24100/46201	295.000,00 €
		0520/24100/481	150.000,00 €
		0520/24100/45390	50.000,00 €
	2.3. Proxectos Piloto	0112/24100/22400	470,41 €
		0420/24100/212	4.000,00 €
		0420/24100/213	7.000,00 €
		0420/24100/215	500,00 €
		0420/24100/22100	2.800,00 €
		0420/24100/22102	11.500,00 €

		0420/24100/22199	500,00 €
		0420/24100/22700	8.700,00 €
		0420/24100/62200	99.387,49 €
		0420/24100/62500	250,00 €
		0520/24100/76201	20.000,00 €
	2.4. Premio Provincial á mellor Iniciativa Empresarial	0520/24100/481	75.000,00 €
	2.5 Apoio a concellos para a prestación de servizos de asesoramento a emprendedores e orientación laboral	0520/24100/22699	-
	2.6. Axudas para a realización de actividades e/ou actuacións de desenvolvemento da actividade empresarial - PEL EMPRENDE ACTIVIDADES	0520/24100/479	-
	2.7. PEL AUTÓNOM@S	0520/24100/479	1.000.000,00 €
	2.8. PEL REACTIVA: Programa específico de apoio á hostalaría e axencias de viaxe	0520/24100/479	-
PEL PEMES	3.1. Incentivos contratación PEMEs, microempresas e persoas autónomas - PEL PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN	0520/24100/479	3.500.000,00 €
	3.2 Axudas para o manteremento das contratacóns indefinidas con cargo ao "Programa de Incentivos á contratación PEMEs , microempresas e persoas autónomas" - PEL PEMES MANTELMENTO	0520/24100/479	1.000.000,00 €
FINANCIAMIENTO EUROPEO	4. Financiamento Europeo	0520/24100/22699	25.000,00 €
		0520/24100/22799	400.000,00 €
XESTIÓN E COORDINACIÓN	5.1. Persoal	0520/24100/12009	-
		0520/24100/12103	-
	5.2.1 Asistencia Técnica	0520/24100/22699	120.000,00 €
	5.2.2 Publicidade	0520/24100/22699	115.000,00 €
	5.2.3 Gastos diversos	0520/24100/22699	65.000,00 €
	TOTAIS		13.414.107,90 €

Para atender as obrigas económicas durante o exercicio 2022 que se deriven da xestión e execución PEL existe crédito suficiente no orzamento da Deputación para o exercicio 2022 en todas as partidas indicadas e da que poida chegar a habilitarse nos expedientes de modificación de crédito que se tramiten no exercicio orzamentario.

Para a anualidade 2023, dado que áínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da Deputación para as mesmas, o Plan concíbese co carácter de programación preventiva de actuacións suxeita, polo tanto, a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento.

Polo anteriormente exposto a aprobación do PEL 2020-23 e das súas bases quedará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente nos expedientes de aprobación dos orzamentos e de modificación de créditos que a Deputación poida aprobar ao longo do ano 2023 para garantir o financiamento do PEL 2020-23.

Consonte ao anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva.

En ningún caso o programa xerará crédito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

Sobre a base das consideracións expostas a programación das catro anualidades do PEL 2020-23 queda establecida nos seguintes termos:

			ORZAMENTO 2020	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2022	ORZAMENTO 2023
PROGRAMA	DENOMINACIÓN LIÑA ACTUACION	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE
PEL CONCELLOS	1.1. Contratación de persoas desempreadas para a prestación de servizos en concellos PEL CONCELLOS	0520/24100/46201	3.000.000,00 €	6.000.000,00 €	3.000.000,00 €	3.000.000,00 €
	1.2. Contracción de monitores/técnicos auxiliares de eAdministración nos concellos para a implantación e xestión da administración electrónica municipal PEL CONCELLO DIXITAL	0520/24100/46201	-	-	-	-
	1.2. Contracción de monitores/técnicos auxiliares de eAdministración nos concellos para a implantación e xestión da administración electrónica municipal PEL CONCELLO DIXITAL	0520/24100/22799	-	-	-	-
	1.3. PEL REACTIVA Fondo de Financiamento para a reactivación económica e social da provincia	0520/24100/46201	10.000.000,00 €	41.000,00 €	-	-
	1.3 PEL REACTIVA Grandes Cidades	0520/24100/46201	3.000.000,00 €	-	-	-
	1.3. PEL REACTIVA Axudas para contribuír á reactivación económica, promoción e mantemento do emprego no sector empresarial de orquestas e verbenas	0520/24100/46201	-	-	704.000,00 €	-

	2.1 Fomento da Iniciativa Empresarial PEL EMPRENDE INVESTIMENTO	0520/24100/771	1.260.000,00 €	2.260.000,00 €	2.760.000,00 €	2.760.000,00 €
		0520/24100/46201	150.000,00 €	150.000,00 €	295.000,00 €	295.000,00 €
	2.2. Promoción Coworking	0520/24100/481	75.000,00 €	150.000,00 €	150.000,00 €	150.000,00 €
		0520/24100/45390	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €
		0112/24100/22400	470,41 €	470,41 €	470,41 €	470,41 €
PEL EMPRENDE		0520/24100/76201	300.000,00 €	300.000,00 €	20.000,00 €	300.000,00 €
PEL EMPRENDE		0420/24100/212	-	4.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €
	2.3. Proxectos Piloto	0520/24100/213	8.500,00 €	-	-	-
		0420/24100/213	-	7.000,00 €	7.000,00 €	7.000,00 €
		0420/24100/215	-	500,00 €	500,00 €	500,00 €
		0520/24100/22700	8.000,00 €	-	-	-
		0420/24100/22700	-	8.700,00 €	8.700,00 €	8.700,00 €
		0520/24100/22100	6.000,00 €	-	-	-
		0420/24100/22100		2.800,00 €	2.800,00 €	2.800,00 €

	0520/24100/22101	2.000,00 €	-	-	-
	0520/24100/22102	10.000,00 €	-	-	-
	0420/24100/22102	-	11.500,00 €	11.500,00 €	11.500,00 €
	0420/24100/22199	-	500,00 €	500,00 €	500,00 €
	0420/24100/62200	-	99.387,49 €	99.387,49 €	99.387,49 €
	0420/24100/62500	-	250,00 €	250,00 €	250,00 €
2.4. Premio Provincial á mellor iniciativa empresarial	0520/24100/481	75.000,00 €	75.000,00 €	75.000,00 €	75.000,00 €
2.5 Apoio a concellos para a prestación de servizos de asesoramento a emprendedores e orientación laboral	0520/24100/26699	-	-	-	-
2.6.Axudas para a realización de actividades e/ou actuacións de desenvolvemento da actividade empresarial PEL EMPRENDE ACTIVIDADES	0520/24100/479	-	-	-	-
2.7. PEL AUTÓNOM@S	0520/24100/479	-	500.000,00 €	1.000.000,00 €	1.000.000,00 €
2.8. PEL REACTIVA: Programa específico de apoio á hostalaría e axencias de viaxe	0520/24102/46201	-	6.000.000,00 €	-	-
	0520/24102/479	-	6.000.000,00 €	-	-
PEL PEMES	3.1. Incentivos contratación PEMEs, microempresas e persoas autónomas	0520/24100/479	2.000.000,00 €	2.000.000,00 €	3.500.000,00 €
					3.500.000,00 €

	PEL PEMES CREACIÓN/AMPLIACIÓN					
	3.2 Axudas para o mantemento das contratacóns indefinidas con cargo ao "Programa de Incentivos á contratación PEMEs, microempresas e persoas autónomas" PEL PEMES MANTEMENTO	0520/24100/479	500.000,00 €	500.000,00 €	1.000.000,00 €	1.000.000,00 €
FINANCIAMIENTO EUROPEO	4. Financiamento Europeo	0520/24100/22699	25.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
		0520/24100/22799	150.000,00 €	400.000,00 €	400.000,00 €	400.000,00 €
	Proxecto AMadeira	0520/24100/22699	14.056,50 €	-	-	-
		0520/24100/22799	41.904,53 €	-	-	-
	Proxecto EIXO	0520/24100/22699	22.500,00 €	-	-	-
		0520/24100/22799	336.495,59 €	-	-	-
		0520/2400/481	162.482,78 €	-	-	-
	Proxecto PEL Emprego Sostible no ámbito rural	0520/24100/22799	3.564.414,46 €	905.790,60 €	-	-
		0520/24100/481	672.432,75 €	173.101,50 €	-	-
	PEL RURINNOVA	0520/24100/22799	65.400,00 €	-	-	-
		0520/24100/470	489.000,00 €	-	-	-

	PEL RELEVO	0520/24100/22799	66.000,00 €	-	-	-
		0520/24100/470	432.000,00 €	-	-	-
Proxecto GEFRECON		0520/24100/22699	35.190,00 €	-	-	-
		0520/24100/22799	42.400,00 €	-	-	-
		0520/24100/23020	800,00 €	-	-	-
		0520/24100/23120	2.850,00 €	-	-	-
		0520/24100/62300	35.000,00 €	-	-	-
XESTIÓN E COORDINACIÓN	5.1 Persoal	0520/24100/12009	72.417,00 €	-	-	-
		0520/24100/12103	40.765,00 €	-	-	-
	5.2.1 Asistencia Técnica	0520/24100/22699	40.000,00 €	120.000,00 €	120.000,00 €	120.000,00 €
	5.2.2 Publicidade	0520/24100/22699	85.000,00 €	150.000,00 €	115.000,00 €	115.000,00 €
	5.2.3 Gastos diversos	0520/24100/22699	65.000,00 €	65.000,00 €	65.000,00 €	65.000,00 €
	TOTAIS		26.906.079,02 €	26.000.000,00 €	13.414.107,90 €	12.990.107,90 €

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control. Hai varias mociones, a primeira moción, que presentan os grupos provinciais do PSdG-PSOE e do BNG, sobre a habilitación de novos fondos para os concellos por parte da Xunta de Galicia.

1. Moción que presentan os grupos provinciais do PSdG-PSOE e do BNG sobre a habilitación de novos fondos para os concellos por parte da Xunta de Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As excepcionais circunstancias sociais e económicas desencadeadas polo virus SARS-COV-2 repercutiron de xeito directo na execución de determinados contratos de obras do sector público, tanto pola paralización inicial de obras pola pandemia como polo incremento de prezos das materias primas.

Así, tralo descenso experimentado no ano 2020, os prezos das materias primas subiron con forza en 2021 debido ao incremento da demanda de materias primas ao calor da recuperación económica, á lenta recuperación da capacidade produtiva a nivel mundial, ao incremento dos custes e retrasos no transporte marítimo, así como o encarecimiento da enerxía. A todo isto se suman agora as derivadas da invasión de Ucraína, determinantes do cese da actividade de importantes produtores de materiais de construcción.

O conflito está a ter un forte impacto en moitos sectores da economía pero ten especial repercusión no sector da construcción de obra pública pola particularidade de que os seus clientes son as diferentes administracións públicas e que a súa actividade ríxese por unha normativa específica, na que non está considerada a revisión de prezos, debendo asumir o contratista, durante a execución das obras, calquera alteración nas estruturas de custes. Esta situación ameaza con poñer en risco a execución dun número significativo de contratos.

Neste contexto, o Goberno de España vén de aprobar distintas normas urxentes, entre elas figuran as relativas á posta en marcha do mecanismo para a revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras do sector público estatal, aprobadas por sendos Reais Decretos Leis 3 e 6/ 2022, do 1 e do 29 de marzo de 2022, respectivamente.

O pasado día 28 de abril, o Consello da Xunta de Galicia adoptou un acordo que se limitaba a declarar de aplicación os preceptos contidos na normativa estatal á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ao sector público autonómico, ás universidades públicas e ás entidades locais do ámbito territorial de Galicia. Dado que esta normativa vén a ser de obrigado cumprimento para as entidades locais, son estas as que de xeito directo e inmediato deberán de soportar, cos seus recursos, as peticións dos contratistas relativas á revisión de prezos.

Ante este panorama, a Deputación da Coruña xa tomou as medidas dirixidas á aplicación práctica da revisión excepcional de prezos nos contratos de obras suscritos

pola Deputación, pero tamén polos concellos da provincia aos que resulte aplicable a normativa estatal. Concretamente desde o goberno da Deputación da Coruña tomáronse as seguintes decisións:

1.- No que respecta ás revisións de prezos que poidan afectar ás obras licitadas e executadas pola propia Deputación, xa contamos coa dispoñibilidade dos recursos orzamentarios necesarios para aplicar os mecanismos de revisión e garantir a licitación e execución dos proxectos.

2.- Coa finalidade de facilitar aos concellos da provincia a posibilidade de aplicar a revisión excepcional de prezos e a súa viabilidade económico-financeira, este equipo de goberno somete a aprobación nesta mesma sesión plenaria un Plan Adicional, dotado de 42 millóns de euros, en virtude do cal os concellos poderán destinar a asignación que neste plan lles corresponda, total ou parcialmente, a atender o custo das obras de contratación municipal (estean incluídas ou non no Plan Único de Obras e Servizos), ás que resulte de aplicación a preceptiva revisión excepcional de prezos.

3.- Aprobaranse igualmente as normas precisas para a tramitación das solicitudes de revisións de prezos no ámbito desta Deputación, inspiradas polos principios de máxima simplificación, celeridade e eficacia, que permitan a súa xestión integralmente por vía telemática, aplicables tanto ás obras licitadas e executadas pola Deputación como polos concellos a través de Plan Único. Do mesmo xeito, elaboraranse unhas normas e guías que sirvan de apoio técnico para a aplicación desta revisión excepcional de prezos por parte das administracións locais.

4.- Ademais desde a Deputación da Coruña trataremos de dar resposta ás consultas do sector sobre as cuestións prácticas máis relevantes, sempre coa maior seguridade xurídica.

Con estas medidas a Deputación da Coruña dá resposta ás demandas do sector da construcción e atende as dificultades económicas que a revisión extraordinaria de prezos públicos poida xerar nos concellos desta provincia.

Polo exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñen a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia para que de xeito inmediato habilite novos fondos para que os concellos poidan atender os novos gastos ocasionados pola alza dos prezos.
2. Instar á Xunta de Galicia a que incremente as achegas aos concellos a través do Fondo de Cooperación Local.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día de novo a todos e a todas.

A ninguén se lle escapa, xa falamos diso, desta mesma cuestión no último Pleno, as dificultades que estamos a ter moitos concellos, xa non só desta provincia senón de Galicia, como consecuencia do aumento dos prezos da construcción,

basicamente derivados da situación, primeiro, procedente da pandemia, co que iso supuxo na producción en determinados países, e agora que se viron incrementados ou empeorados, se se pode decir dalgunha maneira, como consecuencia da guerra con Ucraína e do incremento dos prezos da enerxía. Polo tanto, estamos a sufrir un incremento importante nos prezos dos proxectos, que moitos deles xa temos aprobados ou que acabamos, que redactamos con anterioridade a esta situación, e que nos están a complicar de forma considerable a execución de moitas desas obras.

No caso de que non poidamos actualizalos, estamos a ver que están quedando desertas obras xa non só nos concellos, senón en todas as administracións. E, polo tanto, tendo en conta que esta Deputación habilitou fondos no último pleno a posibilidade de que a través destes 42 millóns de euros do fondo adicional os concellos puideran utilizarlos para sufragar eses custos, xa non só nas actuacións que cofinancie ou financie a Deputación, senón as que teña incluso conveniadas con outras administracións, como pode ser a Xunta de Galicia, imaxinemos unha obra dunha depuradora na que hai un cofinanciamento por parte do Concello, ben, pois con fondos dese plan adicional poidan asumir ese sobrecusto. Pero entendemos que, xa que a Deputación fai un esforzo a este respecto e que se aprobou unha moción tamén nesa liña no último Pleno, hai outra Administración, neste caso autonómica, a Xunta de Galicia, cun orzamento moito maior que o deste Concello, que tamén entendemos que debería arrimar o ombreiro, e de aí vén hoxe motivada esta moción que imos debater, e que simplemente vou dar lectura dos seus acordos.

“Polo exposto, os grupos provinciais do PSdG-PSOE e do BNG propoñen a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar a Xunta de Galicia para que de xeito inmediato habilite novos fondos para que os concellos poidan atender os novos gastos ocasionados pola alza dos prezos.
2. Instar a Xunta de Galicia a que incremente as achegas aos concellos a través do Fondo de Cooperación Local.”

Entendemos que ese é o mellor mecanismo para que nos faga chegar eses fondos aos distintos concellos tendo en conta que en principio que o plan base se reparte con criterios obxectivos e entendemos que é a forma más xusta, como digo, de chegar eses fondos que son tan necesarios para a supervivencia económica de moitos concellos e para poder executar moitas das obras e servizos que os seus veciños e veciñas necesitan.

De aí, como digo, a motivación desta moción que hoxe traemos a pleno e que espera contar co apoio de todos os grupos. Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todos e a todas. Solicito a palabra agora como grupo propoñente da moción.

Ao fío da intervención do portavoz do Partido Socialista dicir que, evidentemente, tal e como relata a moción e como debatemos fondamente no Pleno

anterior, estamos vivindo parece que unha cadea de tempos excepcionais que nos levan e que un pouco tamén poñen a proba a capacidade dos gobernos de adaptarse e de dar resposta ás necesidades en tempos tan cambiantes. Como ben tamén dicía antes Regueira, agardando que esteamos ante unha situación conxuntural que sexamos capaces de enfiar e evitar esta continua inestabilidade, parece que o que hai que esixir é que os gobernos atendan as necesidades de cada momento. Nesta moción o que se solicita é o que con tanta vehemencia se solicitou no Pleno anterior, que era de recibo, a actuación dun Goberno: atender esas necesidades dos concellos, que logo de todo, como Administración máis próxima, a través das súas obras, dos seus orzamentos, están prestando servizos á cidadanía e ademais a través de garantir a súa capacidade pois tamén estamos creando igualdade territorial.

Deste xeito o que se solicita, evidentemente, é que a Xunta de Galicia dea unha resposta a esta conxuntura e vaia da man, efectivamente, dos concellos, habilitando novos fondos e evidentemente introduce esa demanda de que se incremente a achega do Fondo de Cooperación Local, mecanismo moi importante para o financiamento municipal.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Buenos días a todos, compañeras y compañeros de Corporación.

A necesidade de modificar a normativa en materia de revisión de prezos por mor do incremento extraordinario dos prezos en materias primas, combustibles e enerxía foi evidente ao longo do ano 2021. Por esta razón o Goberno galego, moito antes de que o fixera o Goberno do Estado, regulou na disposición adicional segunda da Lei 18/21, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, unha serie de medidas aplicables aos supostos de alteración extraordinaria e imprevisible dos prezos materiais nos contratos de obra pública. Isto é unha pequena lagoa na moción que presentan os grupos do PSOE e do BNG, pero tamén se esqueceron de que as deputacións nacen coa finalidade de coordinar, asistir e cooperar cos municipios do seu ámbito territorial. E para cumplir con este obxectivo están dotadas de recursos económicos, materiais e humanos, atribuíndolles a competencia de cooperación e distribución destes recursos entre os concellos do seu ámbito territorial en función das súas necesidades. Esta é precisamente a razón de ser das deputacións provinciais, a cooperación cos municipios, especialmente con aqueles que teñen menor capacidade técnica, económica e material. Por isto, a través das medidas adoptadas pola Deputación da Coruña, esta administración está limitándose a cumplir coa obriga legal de cooperar cos municipios do seu ámbito territorial, obriga inescusable no cumprimento dunha situación de extraordinaria necesidade; de non ser así, nada xustificaría, como ten dito en moitas ocasións o BNG, a existencia das deputacións.

A Xunta de Galicia é a primeira administración, entendemos nós, en estar a carón dos concellos, sempre buscando a máxima colaboración e consenso, tal e como se ten demostrado dun xeito especial dende o inicio da pandemia, como se manifestou en numerosas ocasións con apoio económico, técnico ou material que se ten prestado para fazer fronte ás necesidades derivadas da crise, os plans de rescate á hostalería cun total de 180 millóns, a plataforma para aboar axudas a negocios dos seus municipios ou a asistencia para tramitar as multas por incumplimento das normas sanitarias.

É certo que todos somos conscientes do esforzo dos concellos, sobre todo dos más pequenos, por xestionar nunhas circunstancias tan complicadas como foron as derivadas da crise pola covid-19, e agora durante a recuperación económica na que nos atopamos. Por iso durante o ano 2022 as administracións locais contarán con ingresos extra para fazer fronte ás súas necesidades específicas. No ano 22 o fondo adicional do Fondo de Cooperación Local ten unha dotación de case 12,9 millóns de euros, o que supón un incremento do 45,2 respecto ao ano anterior. Isto supón que a cantidade total asignada ao Fondo de Cooperación Local entre o fondo base e o adicional ascende a case 126 millóns de euros, o que implica un 3,3% máis con catro millóns adicionais respecto ao anterior exercicio.

Ademais do anterior, entre as transferencias correntes e de capital das demais liñas de axuda da Xunta, os concellos recibirán en 2022 uns 352,8 millóns de euros, un 25,6 máis que no ano 2021.

Polo tanto, a cantidade global que recibirán os concellos galegos este ano 22 é de preto de 489 millóns de euros, o que supón un 20% máis que no ano 21, na procura de máis e mellores servizos para a cidadanía.

Desde logo, nós o que entendemos como grupo é que o que temos que traballar é todos xuntos nun novo sistema de financiamento, un sistema de financiamento que recoñeza a casuística de Galicia e dos galegos coa dispersión e envellecemento da poboación, e aquí é onde chamamos á colaboración do Partido Socialista basicamente, que está gobernando no Estado, co único representante do BNG que apoia este Goberno, o señor Rego, o xefe da señora Pontón, que nos axude neste tema para entre todos conseguir un mellor sistema de financiamento para todos os concellos.

Por agora nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Moi brevemente, simplemente motivar o noso voto, nós imos apoiar a proposta. Pídeselle aquí á Xunta de Galicia o que tantas veces o Partido Popular nesta mesma sala lle reclama á Deputación da Coruña: que nun momento crítico como o que vivimos pois aumente o seu esforzo no financiamento dos concellos da nosa provincia, por tanto tamén do noso país. Por tanto, nós, como dicía ao principio, imos apoiar esta moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día, non sei se finalmente o Partido Popular vai apoiar a moción ou non, porque non.... ah, vale, perfecto.

Sobre, efectivamente, a necesidade de adoptar estas medidas por parte da Xunta de Galicia, independentemente de cales sexan as funcións desta Deputación ou das deputacións, a Deputación xa cumpliu coa súa obriga, pero entendemos que hai unha obriga por parte da Administración autonómica, que tamén colabora cos concellos e tamén transfiere fondos. Desgraciadamente a maioría dos fondos que transfiere non os fai a través do fondo, senón que o fai a través doutro tipo de sistemas, que todos sabemos como funcionan e que non son tan xustos no seu reparto nin tan

transparentes. Poño sempre de exemplo, e téñoo que seguir poñendo porque seguen funcionando así, aquelas subvencións por orde de chegada que sempre rematan en concellos do Partido Popular, e que se abre á parte o prazo para a súa solicitude ás 12 da noite, cando todos sabemos que non hai ningún traballando nos concellos. Polo tanto, o que pedimos aquí é que se faga un esforzo excepcional e que, de forma excepcional, a través do fondo, pero do fondo base, non do fondo adicional, que agora vou explicar, porque iso ten trampa, se incremente esa partida e nos poidan dotar de máis fondos para poder fazer frente a esta situación.

Podería ir más alá e pedir tamén que se incrementen os fondos para fazer frente a todos os gastos derivados das competencias impropias que asumimos os concellos, pero, ben, iso podémolo deixar para outro pleno.

E por que fallo de fondo base e non do adicional? Porque o adicional a fin de contas hai trampa co adicional. É dicir, co adicional o que fai a Xunta é dirixir o gasto deses concellos, que é algo que este Goberno e moitos dos grupos que están nesta Corporación non compartimos. E xa non é que dirixa o gasto deses concellos, á parte diríxeo casualmente a cuestións que son da súa competencia. E vou dar algúns datos deses 12.986.000 euros do fondo adicional do Fondo Galego de Cooperación a que van ir dedicados:

- 1,2 millóns de euros para a retirada de niños de velutina, que non é unha competencia municipal, pero detráense os fondos dos cartos de todos os concellos para quitar os niños que tería que quitar a Xunta de Galicia cos seus fondos.
- 2,4 millóns de euros para centros de saúde, que tampouco é unha competencia municipal, pero que a Xunta de Galicia novamente nos detrae fondos aos concellos, neste caso do Fondo Galego de Cooperación, para pagar algo que é da súa competencia.
- 900.000 euros para conservatorios de grao medio, outra cuestión que non é de competencia municipal e que a Xunta novamente nos detrae aos concellos para poder sufragar con fondos que eran para os municipios.
- 1,5 millóns de euros para os concellos fusionados. Ben, xa sabemos o que pasou con todo aquilo; de feito, non debeu de saír moi ben cando non lles quedaron ganas de fusionar ningún máis.
- 145.000 euros para institucións penitenciarias –penso que tampouco é unha competencia municipal– que nos están a quitar do Fondo de Cooperación para que non teña que gastalo a Xunta.
- 2,7 millóns de euros para servizos de emerxencias supramunicipais, outra competencia autonómica impropia que asumimos os concellos e que novamente a través do Fondo Galego de Cooperación nos detraen esos cartos para poder aforralos a Xunta de Galicia.
- outros 2.000.000 € para franxas secundarias, e podería seguir.

É dicir, dos 12 millóns dese fondo adicional son todos para pagar cuestións que son competencias da Xunta de Galicia. E, home, parafraseando o Partido Popular

na pasada lexislatura e a principios desta, iso si que é roubar aos concellos, iso si que é roubar aos concellos. Quitar fondos que son nosos para pagar o que é da súa competencia. E iso xa non é o peor, no colmo do descaro vendérnolo como un favor.

E eu non sei se vostede non tiña este dato e pasáronlle o dato en gros, dos 112 millóns de euros do fondo base que, por certo, leva conxelado desde o ano 2009. A partida orzamentaria do fondo base de cooperación, do Fondo de Cooperación Galego, leva conxelada desde o ano 2009. Frente, se quere poñemos en contraposición co POS+ desta Deputación, como pasou de 21 millóns de euros no ano 2011 –por certo, cando gobernaban vostedes– a 89 millóns de euros neste ano 2022. Multiplicouse por catro. Oxalá, a través do Fondo de Cooperación, xa non digo multiplicalo por catro; con que o duplicara, eu penso que os que estamos aquí xa nos dariamos por satisfeitos, pero por desgraza non é así.

De aí que, ben, está ben que deamos as cifras así un pouco *gross modo*, que parece que é moito, a Xunta transfire 400 millóns de euros aos concellos... Non, pero se non estamos falando diso, porque nesta moción non se fala do que nós trasladamos aos concellos a través das distintas liñas que ten esta Deputación, sexa o Plan Único, ou calquera outras que haxa para contratación de persoal, etcétera, etcétera. Estamos a falar dunha cuestión concreta e sobrevida como é o incremento dos prezos, onde vostede falou, non de transferencia de fondos por parte da Xunta, senón de que adoptan medidas, de que é un regulamento, de que é a regulación, moi ben, todo cuestiós de papel, que a fin de contas na realidade ao noso compañoiro de Irixoa que poñía vostede de exemplo no último Pleno non lle vai solucionar nada, porque dende logo por moito que se regule esta situación, se non hai fondos para asumir ese incremento dos custos, difícilmente imos poder sacar esas obras que vostede considera e eu tamén, aí coincidimos, tan necesarias para os concellos.

Polo tanto, más alá deses anuncios, que están moi ben e que en pouco se concretan, ou de intentar facernos trampas co Fondo de Cooperación, sería importante que a Xunta de Galicia neste caso arrimase o ombreiro igual que fixo esta Deputación e o están a facer outras administracións, neste caso locais, habilitando fondos con recursos propios, pois faga o mesmo dese orzamento tan avultado de 13.000 millóns de euros para que os concellos poidamos tamén paliar en gran parte este incremento dos custos dos materiais derivados da pandemia, da crise ucraína, etcétera, etcétera.

Nada máis e moitas grazas, e espero telo convencido tendo en conta que áinda non expuxo vostede o sentido do seu voto, a ver se con estes argumentos consigo que polo menos se absteña no peor dos casos.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Nada, simplemente, moi breve, porque nos quedan mocións por diante, é verdade.

A ver, realmente, eu entendo que a parte do relato se faga dende as políticas que o Goberno da Xunta decide orientar ás entidades locais. Evidentemente, esta Deputación durante todos estes anos estivo facendo tamén, e non enumeramos a lista

de plans e investimentos dirixidos aos concellos da provincia da Coruña. Evidentemente o que se pide nesta moción é que se actúe orientado a unhas circunstancias concretas, que ademais creo que todos estamos de acordo que comprometen seriamente moitas veces os orzamentos e a planificación municipal, e o que se pide é que se actúe de xeito excepcional. Ben o explicaba Bernardo agora: a flexibilidade na capacidade de revisar o contrato non garante que contes cos fondos para poder asumir ese diñeiro, e diso é do que estamos falando. Que do mesmo xeito que se actuou con flexibilidade e diliexencia para atender esta circunstancia excepcional na Deputación, o que se solicita é a mesma sensibilidade por parte do Goberno galego, con independencia das decisións que teña tomado para o reparto de fondos, que hai que dicir non sempre de xeito transparente e en base a criterios obxectivos que debían ser para os concellos galegos, e non moitas veces tendo que pagar horas extras para ter traballadores ás 12 da noite conectados para ser quen de meter en tempo e forma unha subvención.

Sr. Ben Otero

Gracias de nuevo.

Vamos a ver. Hay mociones que se presentan en los plenos en las distintas corporaciones a veces por cuestión de actualidad, a veces incluso por cuestión de casualidad, y en esta ocasión es claro que es por una cuestión de causalidad. Es decir, esta moción se presenta como respuesta a la moción que el Grupo Popular presentó en el anterior Pleno, por cierto que fue aprobada y que esperemos que en el siguiente expediente modificativo de crédito se dé cumplimiento a la misma, porque ha sido aprobada en el anterior Pleno en este salón de plenos.

Es decir, efectivamente, esto es como una rabieta o una pequeña revancha que el grupo de Gobierno presenta para intentar de alguna manera afear al Grupo Popular y que nos pronunciamos aquí.

Yo creo que lo primero que tenemos que decir es que se insta a una Administración que en el año anterior ejecutó el 95%, 95% de su presupuesto de gastos a incrementar una serie de ayudas a ayuntamientos, y le insta una institución que es su competencia, esta casa y este Gobierno, no la casa, el Gobierno, que el año pasado ha ejecutado un 42% de su presupuesto de gastos. Es decir, de cada 1.000 € a disposición de los ciudadanos de la provincia de A Coruña se han ejecutado 420, quedando 580 sin ejecutar, en los bancos, esa es la realidad, y no lo digo yo, son datos oficiales de esta casa del Servicio de Intervención.

Lo primero que tenemos que hacer, señores del Gobierno, es ver qué es lo que nos está pasando, ver qué está pasando en esta casa para, a pesar de ser una casa con muchos recursos, ser incapaz de ejecutar su presupuesto, y los deberes se los tienen que poner a ustedes mismos, no a los demás. Esta casa, con el Plan Único del que ustedes presumen y alardean, no da 93 planes únicos, no, no, da 94, 93 a los ayuntamientos de la provincia y uno más a una institución bancaria que se está llevando cada año 700.000 € del dinero de los ciudadanos de la provincia de A Coruña. Y esto es una realidad, son datos objetivos que están ahí, que ustedes los pueden ver.

Entonces, yo insisto, primero por favor pónganse a trabajar, ejecuten los

recursos que tienen; aquí no hay un problema de falta de recursos, hay un problema de gestión, un problema serio de gestión, muy serio de gestión.

Segundo, nos presentan una moción en que nos hablan de que, debido a la casuística que está habiendo este año, han ustedes aplicado o se han sacado de la chistera un plan para ayudar a los ayuntamientos a tener más recursos. No es verdad. Esto es el POS Adicional señores, el POS Adicional lo tenían ustedes aprobado con 47 millones de euros en comisión, detrayéndole 5 millones de euros para ayudas a transportistas, agricultores, etcétera; 5 millones de euros de todos los ayuntamientos de la provincia se han detraído, esa es la realidad. Y luego, en una cuestión de oportunidad y de acuerdo con todos los grupos, se permite que este plan se pueda dedicar a gasto corriente, a incremento de precios, etcétera, etcétera, pero no es un plan específico para esto, no, no. Ustedes permiten que este dinero se pueda utilizar para esto, pero no lo añaden a más a más de lo que los ayuntamientos deberían tener, no, no, es el Plan Adicional, no mientan, es que no pueden mentir; no se puede reunir el señor presidente con asociaciones empresariales de la provincia y decir: tengo un plan para solucionar vuestro problema, no es verdad, porque automáticamente las obras del Plan Adicional quedan sin ser aprobadas y sin salir adelante.

Yo a ustedes les insto a que a la mayor brevedad hagan un segundo adicional para que de verdad puedan complementarse los costes originados por la situación actual en el mercado, en las obras y demás. Eso es lo que tienen que hacer ustedes, y no venir aquí con un berrinche, no, no, "es que ahora ya que hemos aprobado aquí una moción para que tengamos..., pues ahora que la Xunta...". Nosotros somos gente que procuramos ser serios, actuar en política con seriedad, vamos a votar en contra de esta moción por responsabilidad, y le voy a decir una cosa: pónganse a trabajar, ejecuten el presupuesto y esperemos que en adelante no vengan con una ejecución presupuestaria tan lamentable. Por cierto, hoy en el Pleno se da cuenta de la ejecución presupuestaria del primer trimestre, es lamentable, no vamos a hablar de eso, y la proyección a final de año va a ser la misma que este año, un 40% de ejecución. Oiga, no es de recibo, no es serio.

Por cierto, la institución que preside el señor Formoso, que le ha servido de un magnífico trampolín para alzarse con la secretaría general del Partido Socialista en Galicia, esta institución va a ser la que le imposibilite, le incapacite para ser presidente de todos los gallegos, porque tiene que dar cuenta ante todo los gallegos cuando está en Cervo, cuando está en Allariz, cuando está por ahí adelante, hable un poco de esta institución, cómo la gobierna y cuéntele cuál es el nivel de ejecución presupuestaria de su institución que preside frente a la institución que preside en la Xunta de Galicia el Partido Popular.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Me dejas hacer una pequeña contestación y después te dejo a ti.

Sr. Ben, simplemente un dato obxectivo: 12 millóns de euros adicionais que achega Xunta de Galicia, que ten competencias sobre 313 concellos de Galicia en canto a cooperación local, 313; 12 millóns entre 313 son unha media de 38.000 euros

por concello, 38.000 euros. Deputación da Coruña, que ten competencia en asistencia técnica, económica e xurídica nos 93 concellos da provincia, 42 millóns de euros de forma adicional supoñen 450.000 euros por concello. 38.000 euros, sensibilidade da Xunta de Galicia cos concellos nun momento crítico de alza de todo tipo de combustibles, porque entendo que os combustibles soben para os concellos da Coruña, de Lugo, de Pontevedra e de Ourense, ou só para os da Coruña? 38.000 euros de sensibilidade da Xunta de Galicia con cada concello de Galicia, 450.000 euros de sensibilidade da Deputación da Coruña con cada concello da provincia da Coruña.

E, en canto ao nivel de execución, non te preocupes, Sr. Ben, nese sentido; é dicir, eu non vou utilizar ningunha plataforma para chegar a ningún posto, non é iso. Agora, tampouco me vou agochar do orgulloso que me sinto desta institución, non só da miña etapa, senón das etapas anteriores tamén. E sendo claro, é dicir, probablemente, se dependera de quen vai ser o próximo presidente ou presidenta da Xunta de Galicia a xestión dunha deputación, probablemente o Partido Popular a única Deputación que xestionase Ourense, chámase Ourense, onde un concello como Ribadavia, que ten unha poboación importante, se estivera na provincia da Coruña e se puidese adherir a esta provincia, estaría recibindo da orde de 700.000-800.000 euros e alí recibe 90.000. O Plan Único non existe, a obxectividade non existe, a única forma de repartir cartos públicos é pasar polo despacho do presidente e recibir unha nominativa, depende de que cor política xestione cada concello. Por tanto, se depende diso a presidencia da Xunta de Galicia temos bastantes opcións de chegar a ela.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, a verdade é que un non sae do seu asombro, porque ás veces hai que escutar. Eu entendo que, claro, hai cuestiós que nos parecían que eran importantísimas hai un mes e que agora xa non nos parecen tanto: (Reproduce un audio dunha intervención anterior do Sr. Ben Otero) "Es que nosotros nos dedicamos a lo que nos dedicamos, a hacer propuestas para que los ayuntamientos puedan llegar a final de mes, para que puedan tener oportunidades. Yo no quiero condenar eternamente a que ayuntamientos pequeños nunca puedan converger, yo no puedo quedarme quieto viendo cómo hay ayuntamientos que no tienen para necesidades básicas. Y usted a lo mejor se dedica a hacer inversiones en no sé qué o a promocionar cuando otros no tienen...". Non o digo eu, dío o voceiro do Partido Popular e non o di cando era novo e irreflexivo, nin hai dez anos, díxoo hai un mes. Vostede hai un mes non podía quedar quieto ante esa situación tan desgraciada que están a vivir os concellos desta provincia, parece ser que este mes xa queda quieto. É curioso, non?, como, dependendo de a quen pidamos, e iso é algo que vimos poñendo de manifesto ao longo de moito tempo nesta Deputación, vostedes están a favor dos concellos ou están en contra. É curioso tamén que cando gobernaban esta institución repartían 21 millóns de euros con criterios obxectivos, 21 millóns de euros con criterios obxectivos a través do POS, e o resto, unha parte moi importante a través de nominativas, que por certo o 99% acababan en concellos do Partido Popular, e outra parte despois nun plan que se inventaran no último ano da lexislatura para ver se aguantaban as cidades, que era aquel DTC que repartía os cartos con criterios de poboación, é dicir, pervertendo esta institución que vostede nos acaba de definir hai pouco e dándolle os cartos ás cidades en vez de darlos aos concellos pequenos, que é para o que está esta Deputación, porque é verdade que esa definición que deu vostede hai un pouco na súa intervención, é unha mágoa que se

esqueceran cando gobernaron desa mesma definición e non perverteran esta institución colaborando coas cidades cando tiñan que facelo cos concellos pequenos.

Se, como dicía o presidente agora, para gobernar a Xunta vai depender do que fagamos á fronte desta Deputación, penso que repartir con criterios obxectivos e transparentes, este ano, podo poñer outros de exemplo, 89 millóns de euros fronte a 21 millóns que repartiu o que é hoxe o seu terceiro vicepresidente da Xunta de Galicia, ben, pois igual inhabilita para ser vicepresidente da Xunta de Galicia tirando do seu argumento, que dende logo eu non comparto en absoluto.

E volve vostede outra vez a exercer de fiel defensor das teorías do Dr. Goebbels de que unha mentira repetida 200 veces acaba converténdose nunha verdade, e non é verdade. E o nivel de execución desta Deputación, xa llo explicamos, porque vostede, cando lle interesa fai referencia á documentación de Intervención, pero, cando non lle interesa, non. Porque eu recordo que xa hai varios plenos se trouxo aquí cal é o nivel de execución do Plan Único dos concellos. Se hai un problema de xestión será dos seus alcaldes, entre eles, e dos nosos tamén, porque a maioría dos cartos que hai nos bancos, e volvémolo repetir, por moito que a vostede non lle guste que se lle diga e que vostede intente eludilo, a maioría dos cartos que hai nos bancos son dos concellos que non executan os plans da Deputación, moitos deles algúns desde o ano 18, que están pendentes de execución. E claro que hai que pagarlle ao banco, loxicamente. Repíolle o que lle dixen no último Pleno: se prefire vostede que establezamos un límite de execución aos plans da Deputación para que iso non pase e non teñamos eses cartos no banco, non hai problema, explíquello vostede aos seus alcaldes, a ver que lle din. E, se non, traia vostede unha moción ao seguinte Pleno, xa que estamos tan en voga con este tema, e falamos dessa cuestión sen ningún tipo de problema, de como podemos facer cos datos reais, non cos que vostede se inventa ou cos que vostede terxiversa, cos datos reais como podemos facer para non ter esos cartos no banco, e non hai ningún tipo de problema, pero analizámolo coa documentación oficial desta Deputación, non cos datos que nos trae vostede, que sempre, como digo, evita pronunciarse sobre cal é a orixe deses fondos que están no banco e que xa está máis que constatado a través da documentación dos distintos departamentos desta Deputación de onde veñen.

E por certo, como dicía antes, as contías do Plan Único, vostede antes falaba do Plan Adicional, que ese Plan Adicional xa era para os concellos, non, non, perdoe. Aquí hai un Plan Adicional que se dota economicamente e que a partida coa que se dota ese plan a decide o Goberno. Non está escrito en ningún sitio que todos os cartos que queden vaian a un Plan Adicional para repartir con criterio o Plan Único. De feito, se estivera así, vostedes en lugar de repartir 21 millóns de euros como repartían cando gobernaban, repartirían 89 ou 100 como facemos nós. Que ese Plan Adicional leve 42 millóns, 25, 30 ou 47 depende da vontade do Goberno, e é este Goberno o que tivo a vontade de meterlle 42 millóns, que poderíamos gardalos para un plan espectacular de axuda ás cidades como o que sacaron vostedes ou para repartilo entre os nosos con aquel criterio tan obxectivo ou, emulando a Xunta de Galicia, por orde de chegada, que todos sabemos como funciona. Que é tan fácil como sacar o teléfono, avisar os meus alcaldes con tempo suficiente para ter todo preparado antes de que saía a convocatoria e así chegan de primeiros.

Entón, vir aquí dar leccións de xestión dunha Administración, home, “le dijo la sartén al cazo”. Sobre todo porque ningún dos seus alcaldes en petit comité, ningún,

ningún nos recoñece que estaba mellor antes co seu Plan Único ou co seu POS, mellor dito, do que están agora, porque cuadriplicamos os fondos, señor Ben. E eu recordo no meu concello cando gobernaba o seu partido, que gobernaba tamén nesta institución, recibía moitos menos fondos da Deputación que agora, moiísimos menos, porque vostedes llos birlaban para dárllelos ás cidades, que era o que lles interesaba manter. Desgraciadamente a cidadanía é más intelixente do que ás veces algúns consideran e, efectivamente, sacounos a vostedes das alcaldías das cidades, por algo sería; dende logo pola súa boa xestión, parafraseando a vostede mesmo, non había de ser.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Non pensaba intervir, pero vou intervir para explicar o meu voto.

Aquí falouse de incremento de axudas da Xunta e, como todo o mundo sabe, tanto na Xunta e incluso en Deputación tamén, se foron a empresas, transportistas, etcétera, pero non directamente aos concellos; quero dicir que se repartiu moiísimo diñeiro e non para os concellos. Algún dirá: pero son persoas que viven nos concellos, pero non para os concellos, que son os que teñen que levar adiante a batuta e realizar os servizos e os equipamentos.

Falábase tamén de que se incrementou un 20% o diñeiro aos concellos, eu levo 43 anos no Concello dirixindo a política de Oleiros e nestes últimos anos non me enterei de que houbese ningún incremento porque a min non me chega ningún incremento, supонse que ese diñeiro vai repartido aos concellos en distintos programas. Falouse aquí dese programa que o que non chegue ás 12 da noite está apañado, pero é que xa ás 12 da noite xa está todo adxudicado; por tanto, non hai nada que facer. Paréceme unha política nese aspecto sectaria e extremista.

E logo fálase tamén, e aquí non lle vou volver polas cores á Deputación pero si hai unha realidade; dise: hai un 58% do ano pasado sen executar. Eu toquei este tema moitas veces aquí, hai que ir ás causas. Se está sen executar é porque a maior parte do diñeiro que vai aos concellos non se pode executar por problemas con outras administracións; estamos falando de Costas, de Patrimonio, de Augas, de estradas, de expropiacións. Quero dicir, ao mellor hai algunha negligencia nalgún dos expedientes dos concellos, pero non creo que estean os concellos por equivocarse continuamente para poder realizar as obras. E o que non pode ser é, se a administración ten uns prazos para contestar aos cidadáns, e neste caso aos concellos, que esos prazos se alteren e non se contesten nin en seis nin en nove meses como pasa, con Patrimonio, ou como pasa con Costas, ou algo parecido. Iso ten que corrixirse e temos que deixar de tirarnos continuamente aquí as pullas os uns aos outros porque iso non se vai amañar, ese diñeiro vai estar paralizado, non se vai poder executar o diñeiro dos concellos nas obras dos concellos mentres non agarremos o touro polos cornos e sentemos as distintas administracións, Deputación, concellos e Xunta nunha mesa, e non a Fegamp, e non a Fegamp, que non vale para nada, pero que se designe unha representación en Galicia de concellos e digo deputacións, as catro, e a Xunta, e incluso o Goberno central, e que se aborde este tema coa seriedade que require, porque non pode ser que haxa obras desde 17, desde o 18, o 19, o 20 e 21 sen executar por estas causas que estou dicindo. Claro,

os cartos enriba están parados, e enriba estámoslle pagando ao banco por telos aí no banco, que manda... Esa é outra parte, esa é outra parte. Paréceme gravísimo. Vai sendo hora de que, señor presidente, alguén toque a trompeta e convoque unha reunión dese tipo para que se deixe de ningunear os concellos galegos con todas esas trabas que temos para realizar as obras. Paréceme indigno totalmente. Eu agora neste momento teño varias obras paralizadas por esas causas, non pola capacidade do concello, non pola capacidade do meu persoal, senón por iso, Costas de Galicia, Costas Xunta, perdón, Costas Estado, etcétera, etcétera... Patrimonio e outros más.

Por tanto, creo que hai que deixarse de debates que non teñen ás veces moito sentido e agarrar o touro polos cornos e sentar a todos os que están implicados para que isto cambie dunha puñeteira vez se queremos que os cartos non estean paralizados e que os veciños desfruten daquel diñeiro que se entrega aos concellos para realizar as obras das que teñen necesidade. Por tanto ese é o chamamento que quero facer.

Sr. Ben Otero

Ya para ir acabando con el asunto.

Bueno, Sr, Fernández, a mí me gusta que me tengas grabado, me debes escuchar y te debes motivar, me ha resultado hasta..., me ha sorprendido pero me ha resultado agradable, oye pues está bien.

Mira, sí hay formas de mejorar notablemente la ejecución presupuestaria pero, claro, es que a nosotros no nos pagan por docencia, nosotros lo haremos y lo haremos bien, lo haremos bien. No en este caso yo, pero el compañero mío que le toque presidir esta institución lo hará y lo hará bien, esto no va a suceder más, no nos vamos a avergonzar de tener 310 millones de euros en el banco estando muchas necesidades en los 93 ayuntamientos pendientes de cubrir.

Pero, resumiendo datos para que se queden ahí y para que los entendáis claramente: 310 millones de euros que están apalancados en el banco; 4,2, insuficiente, suspenso, la ejecución presupuestaria en un 42% del presidente Formoso. 9,5, sobresaliente, las matrículas se dan, los sobresalientes se ganan, ejecución presupuestaria de la Xunta de Galicia del Partido Popular. Y 700.000, el dinero que le damos todos los años a una institución bancaria, un banco, del dinero y de los recursos de todos los ciudadanos de la provincia de La Coruña.

Yo acabo pero, repito, dentro de 2 años veréis que hay formas de hacerlo de una manera distinta y de una manera mejor.

Nada más, gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Unha pequena aclaración: non o gravo, eh, eu sácoo da mediateca da Deputación, non me dedico a gravalos a vostede nin a ninguén.

Comprométome no seguinte Pleno a traer pormenorizados esos fondos que hai nos bancos de que son cadaquén, e así espero que non haxa ningunha dúbida de

que o que di vostede non é verdade. Sobre que a xestión ou vostedes o fan diferente, xa o sabemos, tivemos mostras durante moitos anos. Dende logo a comparación non é que saian vostedes moi ben parados.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

De todas as maneiras, simplemente un pequeno apunte, Sr. Ben. Está moi ben falar de execución do orzamento da Deputación, pero aquí estase a falar de que a Xunta achega 12 millóns de euros para 313 concellos de Galicia, 12 millóns de euros, 12 millóns de euros adicionais. E a Deputación da Coruña, co voto de todos os que estamos aquí e de todas, 42 millóns de euros. O Sr. García Seoane acaba de dar na clave, pero eu diríache unha cousa: acabas de aprobar no punto número 20 unha obra, por dicir un concello do Partido Popular, que podía ser o meu das Pontes, ou calquera outro do Partido Socialista, ou do BNG, etcétera, obra do POS 2017, Oza-Cesuras, 140.000 euros, acabamos de aprobar un modificado. Isto está sen executar, é culpa da Deputación? ou é culpa do Concello de Oza-Cesuras?, ou é culpa do Concello das Pontes? Probablemente, cando falemos co Sr. González Cacheiro terá razóns más que de sobra para xustificarse, seguramente teñan que ver co que di o Sr. García Seoane, que ten toda a razón do mundo, as autorizacións sectoriais; para un particular, para unha empresa, para unha administración, o gran inimigo é a ineficiencia dalgúns organismos públicos, é recoñecido por todo o mundo. Por tanto, aí está a dificultade. E cando digo organismos non me refiro só aos da Xunta de Galicia, refírome tamén aos do Estado. As dificultades de obter unha autorización dun organismo do que depende a execución dunha obra, que é praticamente inviable. Cando se fala de Adif, se fala de AENA, se fala de Augas de Galicia, se fala de Demarcación de Costas, se fala de Patrimonio... Asusta pensalo, asusta pensalo. Polo tanto, ese é o nó gordiano da historia, pero non enganemos a ciudadanía, hai 180 millóns de euros nas contas da Deputación que non son da Deputación, teñen nomes e apelidos: do Concello de Dodro, do Concello de Arteixo, do Concello das Pontes, do Concello de Oza-Cesuras, que non executamos polo que sexa, non executamos as obras. Podemos facer outra cousa, que no próximo Pleno collemos eses 180 millóns e dise: señores, para que poidamos dicirle ao voceiro do Partido Popular que executamos perfectamente o orzamento, non hai máis prórrogas posibles. Acabamos de aprobar unha prórroga a Mugardos, agora mesmo votamos todos a favor; por que?, porque entendemos as dificultades. Pero se unha deputación non ten a sensibilidade de entender esas dificultades e se preocupa única e exclusivamente de conseguir un titular de que executa o 80% do orzamento, sen rascar nada máis, iso non é ter escola, iso para mim é ser irresponsable, é ser irresponsable, é negar unha realidade, que os concellos teñen dificultade de execución porque non depende do alcalde ou alcaldesa de quenda, depende doutros organismos.

Polo tanto, podemos coller eses 180 millóns de euros, retirarlos aos concellos e facer un plan que decida o voceiro do Partido Popular; que non vai ser así por responsabilidade, porque temos escola e porque coñecemos moi ben a xestión municipal.

En calquera caso, sen desviar o tiro, sen desviar a motivación da moción, non é nada habitual. Falta unha vez, unha soa vez, e levo de presidente xa uns anos, unha soa vez, onde o Partido Popular votase algo que implicase emendarlle a plana a

un Goberno do Partido Popular fóra da Deputación, falta a primeira vez, a primeira vez. Eu non sei que teremos que traer aquí, non sei que teremos que traer aquí, pero falta a primeira vez. Aquí non se está intentando meter o ollo ninguén, simplemente estamos intentando mostrar unha obviedade, con normalidade con tranquilidade, e que levamos anos demandando dos concellos galegos que non se detraian máis cartos do Fondo Galego de Cooperación Local. Cando se lle fai unha reclamación á Xunta de Galicia, di: vale, concedo esa reclamación, imos facernos cargo da retirada dos niños de velutina, pero non o vou a pagar eu, vano a pagar os concellos galegos sacando os cartos do Fondo de Cooperación Local. Cando o alcalde de Curtis reclama unha singularidade no tratamento a aqueles concellos que teñen cárcere porque ten un sobrecusto, a Xunta de Galicia di: vale, pero imos detraelo e que o paguen o resto dos concellos sacando do Fondo Galego de Cooperación Local. Así faino calquera, faino calquera. Fagamos o esforzo de achegar ata onde poidamos, pero nun momento moi crítico para as arcas municipais que só se acheguen por parte da Xunta de Galicia 12 millóns de euros a repartir entre 300 concellos é unha tomadura de pelo, unha tomadura de pelo. 38.000 euros contra 450.000 da Deputación da Coruña, e non hai máis nada que falar, nin índice de execución, nin produto interior bruto, nin índice de paro, nin prima de risco, non, non. Canta pasta pos enriba da mesa por concello e por habitante, nada máis.

VOTACIÓN

Votan a favor : 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Altántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por mayoría, aproba a seguinte moción:

"Moción que presentan os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG sobre a habilitación de novos fondos para os concellos por parte da Xunta de Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As excepcionais circunstancias sociais e económicas desencadeadas polo virus SARS-COV-2 repercutiron de xeito directo na execución de determinados contratos de obras do sector público, tanto pola paralización inicial de obras pola pandemia como polo incremento de prezos das materias primas.

Así, tralo descenso experimentado no ano 2020, os prezos das materias primas subiron con forza en 2021 debido ao incremento da demanda de materias primas ao calor da recuperación económica, á lenta recuperación da capacidade produtiva a nivel mundial, ao incremento dos custes e retrasos no transporte marítimo, así como o encarecimiento da enerxía. A todo isto se suman agora as derivadas da invasión de Ucraína, determinantes do cese da actividade de importantes produtores de materiais de construcción.

O conflito está a ter un forte impacto en moitos sectores da economía pero ten especial repercusión no sector da construcción de obra pública pola particularidade de que os seus clientes son as diferentes administracións públicas e que a súa actividade ríxese por unha normativa específica, na que non está considerada a

revisión de prezos, debendo asumir o contratista, durante a execución das obras, calquera alteración nas estruturas de custes. Esta situación ameaza con poñer en risco a execución dun número significativo de contratos.

Neste contexto, o Goberno de España vén de aprobar distintas normas urxentes, entre elas figuran as relativas á posta en marcha do mecanismo para a revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras do sector público estatal, aprobadas por sendos Reais Decretos Leis 3 e 6/ 2022, do 1 e do 29 de marzo de 2022, respectivamente.

O pasado día 28 de abril, o Consello da Xunta de Galicia adoptou un acordo que se limitaba a declarar de aplicación os preceptos contidos na normativa estatal á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ao sector público autonómico, ás universidades públicas e ás entidades locais do ámbito territorial de Galicia. Dado que esta normativa vén a ser de obrigado cumprimento para as entidades locais, son estas as que de xeito directo e inmediato deberán de soportar, cos seus recursos, as peticións dos contratistas relativas á revisión de prezos.

Ante este panorama, a Deputación da Coruña xa tomou as medidas dirixidas á aplicación práctica da revisión excepcional de prezos nos contratos de obras suscritos pola Deputación, pero tamén polos concellos da provincia aos que resulte aplicable a normativa estatal. Concretamente desde o goberno da Deputación da Coruña tomáronse as seguintes decisións:

1.- No que respecta ás revisións de prezos que poidan afectar ás obras licitadas e executadas pola propia Deputación, xa contamos coa dispoñibilidade dos recursos orzamentarios necesarios para aplicar os mecanismos de revisión e garantir a licitación e execución dos proxectos.

2.- Coa finalidade de facilitar aos concellos da provincia a posibilidade de aplicar a revisión excepcional de prezos e a súa viabilidade económico-financeira, este equipo de goberno somete a aprobación nesta mesma sesión plenaria un Plan Adicional, dotado de 42 millóns de euros, en virtude do cal os concellos poderán destinar a asignación que neste plan lles corresponda, total ou parcialmente, a atender o custo das obras de contratación municipal (estean incluídas ou non no Plan Único de Obras e Servizos), ás que resulte de aplicación a preceptiva revisión excepcional de prezos.

3.- Aprobaranse igualmente as normas precisas para a tramitación das solicitudes de revisións de prezos no ámbito desta Deputación, inspiradas polos principios de máxima simplificación, celeridade e eficacia, que permitan a súa xestión integralmente por vía telemática, aplicables tanto ás obras licitadas e executadas pola Deputación como polos concellos a través de Plan Único. Do mesmo xeito, elaboraranse unhas normas e guías que sirvan de apoio técnico para a aplicación desta revisión excepcional de prezos por parte das administracións locais.

4.- Ademais desde a Deputación da Coruña trataremos de dar resposta ás consultas do sector sobre as cuestións prácticas máis relevantes, sempre coa maior seguridade xurídica.

Con estas medidas a Deputación da Coruña dá resposta ás demandas do sector da

construcción e atende as dificultades económicas que a revisión extraordinaria de prezos públicos poida xerar nos concellos desta provincia.

Polo exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñen a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia para que de xeito inmediato habilite novos fondos para que os concellos poidan atender os novos gastos ocasionados pola alza dos prezos.
2. Instar á Xunta de Galicia a que incremente as achegas aos concellos a través do Fondo de Cooperación Local."

Sr. Presidente

Moción do Grupo Marea Atlántica sobre a defensa da vivenda pública.

2. Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica pola defensa da vivenda pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o Movemento Galego pola Vivenda pública, a vivenda é hoxe un dos principais factores de exclusión social. Ano tras ano padecemos en Galicia centos de desafiuazamentos que son centos de dramas persoais que afectan en maior medida aos colectivos máis vulnerables. A vivenda é, xunto coa precariedade laboral, unha das causas que explica as dificultades da xente moza para se emancipar dos pais e iniciar proxectos vitais autónomos.

Se no 2008, o estoupidio da burbulla inmobiliaria foi consecuencia dos movementos especulativos no mercado das hipotecas, a actual crise da vivenda é froito da especulación co mercado dos alugueros, que levan subindo de xeito constante nos últimos anos, concretamente, un 25 por cento nos últimos cinco nas sete grandes cidades galegas.

Esta burbulla do aluguer non é máis que o resultado de medidas concretas decretadas polo goberno para facer atractivo o investimento no mercado inmobiliario, xunto coa ausencia de políticas públicas de vivenda. Cómpre lembrar, así mesmo, que esta suba espectacular no prezo da vivenda en aluguer constitúe unha transferencia directa de rendas da clase traballadora a unha clase de propietarios rentistas liderada polos bancos e diversos fondos voitres, o que supón unha enorme perda de poder adquisitivo e calidade de vida para as clases populares.

Ante a imposibilidade de acceder a unha hipoteca e mesmo a un alugueiro no mercado libre, cada vez un maior número de persoas están a demandar unha alternativa con prezos sociais desde a vivenda pública a este problema, o que funcionaría, ademais, como un xeito de regular á baixa os prezos do mercado libre.

A pesar de seren coñecedoras desta realidade, as administracións central e autonómica permanecen completamente pasivas ante as peticións das máis de 11 mil persoas que están a demandar a través do rexistro oficial unha vivenda pública.

Cómpre sinalar, ademais, que desde a chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galicia no 2009, a construcción de nova vivenda de protección oficial de promoción pública foi completamente paralizada. Así, pasouse de iniciar 2.965 vivendas no 2010 a unha media anual de 67 vivendas de protección pública nos últimos 6 anos, unha cantidade a todas luces insuficiente e mesmo ridícula se temos en conta a demanda antes sinalada.

Mais tampouco desde o goberno central se tomaron as medidas precisas para facer da vivenda un dereito e non un artigo de luxo logo do estoupido da burbuilla inmobiliaria de 2008. O rescate de activos inmobiliarios cualificados tóxicos con fondos públicos que deron lugar á creación da SAREB non foi empregado para crear un parque de vivenda pública, senón que este banco actúa hoxe seguindo a mesma lóxica lucrativa que impera na promoción privada de vivenda.

O contexto inflacionista que padecemos hoxe engádelle un argumento máis de urxencia á promoción de vivenda pública, xa que a suba xeral de prezos está empurando a cada vez un maior número de persoas a unha situación de pobreza e exclusión social.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a que, en colaboración coa FEGAMP, leve a cabo unha política de construcción de vivenda pública protexida de promoción pública co fin de atender a demanda rexistrada de 11.000 novas vivendas públicas, así como á demanda futura.
2. Instar ao Goberno do Estado a incorporar as vivendas pertencentes á SAREB ao parque público de vivenda en alugueiro social.
3. Promover unha política fiscal que penalice a vivenda desocupada en mans de grandes propietarios de vivenda co fin de poñela a disposición dos demandantes da mesma.
4. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas.

E desde logo onde non executa a Xunta os seus fondos é no programa de vivenda pública, cun 33%, 135 millóns dun total de 407. Aquí talvez esa xestión tan loada que parece que se mide únicamente na porcentaxe de execución de orzamento, creo que debería haber parámetros más complexos que eses, non é saber canto se gasta, senón en que se gasta. Pero en todo caso, curiosamente na política de vivenda pública a Xunta de Galicia apenas gasta ou gasta xusto un terzo do seu orzamento.

Ben, imos dar lectura, facer a exposición normal da moción, falamos de vivenda, falamos dun dereito que está consagrado no artigo 47 da Constitución e que en Galicia se atopa, atopamos no rexistro da propia Xunta de Galicia 11.000 persoas

que reclaman que se poña á súa disposición vivenda que teña alugueiros accesibles. Eu creo que a ninguén se lle escapa que un dos factores primeiros de exclusión social é o da vivenda, e que en tempo como este de inflación o custo que estamos, o aumento do aluguer que estamos padecendo nas cidades, e tamén nas nosas vilas, comeza a ser xa realmente un problema irribasable e insuperable para moitas familias.

A última cifra anterior ao Goberno de Feijóo na Xunta de Galicia, en 2010 construíronse 2.965 vivendas en Galicia. Eu creo que iso tamén amosa o que comentaba ao principio, que non é só canto se gasta senón, que se gasta realmente pouco, senón os motivos políticos polos que se fai. Esta Xunta de Galicia desde logo non ten entre as súas prioridades investir en vivenda de ningún tipo, tampouco en vivenda pública.

Ben, propónense unha serie de medidas, quero subliñar unha delas, que é a posta á disposición do interese público, polo tanto do alugueiro social, das vivendas da Sareb. Penso que se falou moi pouco neste país do que foi a Sareb e do seu estado agora mesmo.

A Sareb foi talvez unha das operacións que, empregando a linguaxe popular, un verdadeiro asalto, verdadeiro roubo ás arcas públicas. É curioso, gastáronse 35.000 millóns de euros en compra de activos tóxicos, aqueles activos que o mercado era incapaz de absorber; as cifras son, algunas delas, 55.000 vivendas compráronse con estes 35.000 millóns de euros, e é curioso que se ten ás veces nesta mesma sala apelado ao criterio, digamos do mercado, do funcionamento interno do mercado, a lei da oferta e da demanda, iso provoca que cando existe, por exemplo, como no momento actual unha inflación, unha suba de prezos, por exemplo o mercado enerxético, se apela a ese criterio, pero aquí atopabámonos nun problema xusto inverso, atopabámonos nun problema dun risco de deflación. É dicir, basicamente que bancos e grandes *tenedores* de vivenda do noso país e do Estado corrían o risco de ter que vender as súas antigas propiedades a prezo de saldo. E aí apareceu, esta vez si, papá Estado para rescatar intereses moi concretos do risco enorme da deflación. Polo tanto, observamos aquí unha dinámica perversa, que é que cando soben os prezos temos inflación, o Estado apela á lei da oferta e da demanda, cando corremos o risco inverso, que é que uns poucos, nada pobres, perdan a oportunidade de negocio coa que contaban, pois aquí aparece papá Estado ao rescate.

O resultado, dicía daquela o ministro De Guindos, que era case, case un tremendo negocio para o Estado, que as vivendas se ían revalorizar, que iamos recuperar todo o investido, que iamos recuperar no rescate bancario ata o último euro, non se recuperou nada. No último balance que soubemos o ano pasado estabamos falando de 7.500 millóns de euros perdidos.

E tamén, como existía un truco contable á hora de non incorporar á débeda pública todo este rescate encuberto do sector bancario, resulta que Europa vén de dicirle ao Estado español que ten que incorporalo ao cómputo da débeda pública, e iso supón 35 millóns de euros, e pasamos dun 117 a un 124, claro. Estas son finalmente todas aquellas manobras contables e trucos realmente de trileiro que antes ou despois resulta que acaban aflorando.

Nós entendemos que esta é unha situación escandalosa. Non foi nin é, a

verdade, motivo apenas de noticia nin de debate público pola súa transcendencia, e o que pensamos é que xa está ben de aquí, digamos, actuar sempre do mesmo xeito e que temos que aproveitar esta oportunidade para que a Sareb se converta nun parque público de vivendas. Hai outro tipo de medidas que se propoñen tamén na moción, entendemos que debe ser penalizada a especulación coa vivenda, polo tanto, que debe haber políticas fiscales progresivas que penalicen a vivenda baleira, polo tanto, imponéndolle unha taxa máis alta para provocar que se mobilice este parque de vivendas, provocar polo tanto, manipular o mercado incrementando a oferta e provocando a baixada dos prezos subseguiente.

Son aquí en total catro acordos que paso a ler para ir rematando coa miña exposición:

- “1. Instar a xunta de Galicia a que en colaboración coa Fegamp leve a cabo unha política de construcción de vivenda pública protexida de promoción pública co fin de atender a demanda rexistrada de 11.000 novas vivendas públicas, así como a demanda futura.
2. Instar o Goberno do Estado a incorporar vivendas pertencentes á Sareb ao parque público de vivenda en alugueiro social.
3. Promover unha política fiscal que penalice a vivenda desocupada en mans de grandes propietarios de vivenda co fin de poñer á disposición dos demandantes da mesma.

Último punto, dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado”.

Dicir que hai unha emenda presentada polo Grupo Socialista, que nós aceptamos, que ten unha pequena corrección, que se refire ao punto 3 cando en realidade se refire ao punto 2 pero, feita esa corrección material, que é que a emenda se refire ao punto 2 e non ao 3, nós aceptámola.

Nada más e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

De forma moi sintética e breve.

Efectivamente, o dereito de acceso a unha vivenda digna, e máis nun contexto socioeconómico tan volátil de perda de capacidade de poder adquisitivo polo incremento de prezos, por unhas condicións sociolaborais en especial as da xente máis moza de precariedade e de salarios exiguos, pois resulta evidente que contar cun mercado regulado de vivenda para a compra ou alugueiro entra dentro do marco das responsabilidades de calquera Goberno.

Esta chamada de atención coa praticamente inexistente política de facilitación de acceso á vivenda pública, de xeito especial para os más mozos, fai que evidentemente consideremos que resulta esencial instar a Xunta de Galicia a que se implique na posta á disposición de vivenda pública protexida; e dende logo

consideramos que a mobilización das vivendas pertencentes á Sareb para aquelas que reúnen unhas condicións para unha vivenda digna é unha medida esencial e, efectivamente, haberá que activar as medidas que sexan necesarias para que aqueles grandes propietarios de vivenda que especulan e teñen as vivendas baleiras activen e poñan á disposición nun mercado ben regulado e con prezos xustos e accesibles para aquelas persoas que o necesitan.

Entón, o noso voto vai ser a favor desta moción.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día.

Nós non imos apoiar esta moción. Dicía o presidente hai uns minutos que faltaba a primeira vez que este grupo fora a afearlle a conduta á Xunta. Home, ao mellor non é problema do que vota este grupo, ao mellor o problema é do que se propón e que, evidentemente, contrasta bastante co que vén sendo a política que se desenvolve dende o Goberno da Xunta. Apuntaba tamén o voceiro do Partido Socialista, a quen o traizou o subconsciente, dicía: "Desgraciadamente a cidadanía é más intelixente do que algúns cren". Home, desgraciadamente non, afortunadamente, mesmo cando vota ao PP, como está a facer nas eleccións autonómicas dende hai 12 anos na última vez que tivo ocasión dándolle a confianza nunha de cada dúas papeletas que se depositaron en toda Galicia.

Feito este apunte, miren, non podemos apoiar esta moción porque este tipo de mocións xeralmente o que veñen facer é meter no mesmo saco pois pensamos que dúas formas de gobernar que non merecen estar no mesmo saco. Neste sentido, vostede fai referencia, o señor Lema, no primeiro punto á Xunta de Galicia. Mire, a Xunta, a través do IGVS destinou na última década preto de 1.200 millóns de euros. Estes orzamentos continuados deste Goberno da Xunta fixeron posible poñer no mercado neste período un total de máis de 5.000 vivendas. Por certo, non tiña previsto entrar nese detalle, pero xa que vostede quixo falar aquí do grao de execución, home, mencionou incluso datos do bipartito, ben, o bipartito executaba un 78% dos orzamentos do IGVS, a Xunta de media nesta década é un 84; é dicir, neste caso a comparación tampoco é tan mala para vostedes como habitualmente acostuma suceder; pero ben, é dicir, non sei de onde sacou vostede ese dato do 30%, estou disposto a contrastalo, pero evidentemente o dato real é que estamos nun 84% de execución orzamentaria do IGVS. E neste ano 2022 mesmo se incrementou, dos 96 millóns de euros do pasado 2021 a 123 que fai posible poñer á disposición da cidadanía múltiples axudas en materia de vivendas e como baterías de actuacións directas en vivenda que están en marcha neste ano 2022 e que permitirán a construción de 3.200 vivendas de promoción pública.

Polo tanto, penso que neste caso a Xunta está a facer todo o que a conjuntura actual lle permite dentro dos recursos dos que dispón.

Pero, claro, isto únimo co punto 2, no que vostede se dirixe á política de vivenda do Estado. Eu aquí comparto a súa decepción. Entendo ademais que, aínda que vostede segue a facer, utilizando esa expresión inventada hai menos dun mes por Xosé Luís Barreiro Rivas nun artigo de opinión en *La Voz de Galicia*, esa selfieoposición; é dicir, vostedes en lugar de gobernar o que fan é facerse selfies

coma se foran oposición ao propio Goberno do que forman parte, porque vostedes son Goberno de España, e vostede insiste en vir aquí coma se non o fora, pero sono. E eu, de verdade, estou certo de que xa debeu de encontrar o seu lugar a súa formación dentro dese famoso espazo que representa Yolanda Díaz, vano atopar, polo tanto vostedes son Goberno.

Pero eu entendo que estean decepcionados coas políticas de vivenda do seu Goberno, porque ademais empezaron moi ben, vostedes empezaron poñendo como bandeira da política de vivenda, como exemplo un señor que tiña unha vivenda propia en Vallecas e que de repente ten un chalé de luxo en Galapagar. E, claro, como non van estar decepcionados porque logo viron, como o resto da nación, que iso era só para determinada xente do común, non para todos. Polo tanto, está decepcionado e eu enténdoo, e concordamos que é necesaria unha política de vivenda, un xiro na política de vivenda estatal e, polo tanto, neste sentido ademais está pendente resolver as alegacións á futura Lei de vivenda, que preocupan algunas das cousas, como a súa disposición final 5.^a, que modifica a Lei de axuizamento civil para establecer unha maior protección á ocupación, praticamente equiparándoa a aqueles que teñen un contrato que non o poden pagar por unha situación de vulnerabilidade. Para que conste, nós non estamos a favor de admitir que esa ocupación ilegal sexa unha forma de acceso ao parque público de vivendas. Non estamos a favor e apostamos por un principio de tolerancia cero con esa ocupación e, por suposto, que non pode constituír unha forma de acceso prioritaria sobre aquelas situacións de vulnerabilidade que cumplen cos requisitos de acceso á vivenda de promoción pública.

Compartimos tamén a súa preocupación, que vostede acaba de expresar, respecto da cuestión do parque de vivendas da Sareb; é máis, a Xunta de Galicia, Galicia foi unha das primeiras comunidades que negociou a cesión de vivendas por parte da sociedade estatal, fíxoo xa no ano 15. A día de hoxe áinda hai comunidades autónomas que non teñen convenio asinado coa Sareb.

E tampouco compartimos a política que está a desenvolver a Sareb nos últimos meses procedendo ao desaloxo de inmobles de vivendas adxudicadas en alugueiro porque ten o mandato de liquidar os bens recibidos nun prazo que remata en 2027. Dende o Goberno galego advertimos que esta é unha cuestión que non compartimos, pero evidentemente non ten a competencia para obrigar a sociedade a prorrogar contratos que chegaron ao seu fin, nin a manter vivendas en réxime de alugueiro. Unicamente si ten esa potestade respecto das vivendas que están sujetas ao réxime de protección para o alugueiro. Polo tanto, é o Goberno de España quen pode influír nese tipo de políticas e coincidimos aí en que evidentemente ten que cambiar esa política.

Por outra parte, o Plan de vivenda 2022-2025 inclúe por parte da Xunta a posta á disposición de vivendas da Sareb para o seu alugueiro como vivenda social. Este programa prevé axudas evidentemente a comunidades, concellos, para fazer fronte ao pago destas contías e resulta evidente que corresponde ao Goberno de España modificar a actual política que está a desenvolver a Sareb.

E, por último, respecto do punto 3.^º, tampouco podemos estar a favor porque nós, chámenos clásicos, pero estamos a favor de respectar a liberdade e a propiedade privada e, polo tanto, en contra de aumentar os gravames impositivos e tamén do mercado con medidas ademais intervencionistas que non só por

intervencionistas, senón porque ademais xa teñen acreditado que obxectivamente prexudican os cidadáns máis vulnerables. Menor número de vivendas en aluguer, onde hai más permisividade coa ocupación; menor número de vivendas en aluguer e encarecemento do mercado alí onde se intervén o prezo; e políticas intervencionistas que estamos a sufrir paradoxalmente a pagar con maior severidade aqueles cidadáns máis vulnerables.

Polo tanto, por que apostamos? Apostamos por axudas e incentivos sen optar por aumentar impostos e taxas e, evidentemente, estando ao lado da xente. Non esquezamos que aquí en Galicia praticamente o 90% dos propietarios son pequenos propietarios. Polo tanto, non estamos falando de medidas que, intentando combater outro perfil de propietarios, vaian favorecer as situacións doutro perfil de cidadanía que é propietario dunha vivenda.

Polo tanto, hai que seguir traballando e desenvolvendo verdadeiras medidas que axuden a ocupar vivendas baleiras, que se destinan a alugueiro e, polo tanto, nese sentido a Xunta está a desenvolver programas en colaboración cos axentes da propiedade inmobiliaria que desexen adherirse e que serán entidades colaboradoras da Xunta. É unha iniciativa que ademais ofrece aos propietarios das vivendas, axudándolles a rehabilitar as vivendas, a subscribir seguros de impago e tamén multirrisco do fogar, así como asistencia xurídica e tamén mentres pola súa banda son os inquilinos os que poden acceder a axudas ao alugueiro. Polo tanto, esta é a axenda na que nós pensamos que hai que incidir e, polo tanto, non imos poder apoiar neste caso a moción que vostede presenta.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Acaba de darme a alegria do día, señor Rodríguez, dicirme que formo parte do Gobierno do Estado. A verdade é que, despois ten que aclararme de que ministerio máis en concreto, pero hoxe xa pago eu os viños á saída que acabo agora de levar a alegria do día.

Todo ben, todo correcto na política de vivenda da Xunta, hai aquí un baile de cifras, un dos dous ten a razón, porque non estamos falando de estimacións nin de valoracións, senón de cifras. Entón eu, a verdade, é que dicía vostede 5.000 vivendas, eu esas 5.000 vivendas non existen, señor Rodríguez. Dígame vostede cales son, porque nas miñas estimacións son 67 vivendas anuais nos últimos 6 anos, hai unha diferenza enorme, non é que nos equivoquemos por dúas, equivocámonos por 4.000. Entón un dos dous está, vou dicir errado, non digo mentindo, pero un dos dous está errado; entón se me dá vostede despois encantarame saber cal é o lugar onde están esas 5.000 vivendas que eu non vin.

Di vostede política de incentivos, presentaban vostedes a semana pasada en Sanxenxo precisamente a súa política de incentivos para a rehabilitación que inclúe a segunda vivenda. Esta é en realidade as prioridades, axudar a quen xa ten unha vivenda a que reforme tamén a segunda? Eu a verdade é que non acabo de compartirlo.

Falaba vostede tamén diso que a min me ten tamén bastante intrigada a súa

intriga, ou sexa a vostede parécelle que isto do espazo que se está formando político. Eu sei que vostedes resolven estas cuestións moito más fácil, decreta o señor Feijóo quen é o seu sucesor, pero despois atopámonos con que ao día seguinte dá problemas, que tamén un presidente desta Deputación di que que pasa, que hai que intentar buscar solucións. Eu creo que a democracia o que ten é que exixe pactos, exixe votacións e finalmente acaba gañando o que é elixido. Eu creo que vostedes simplifican moito a escolla, non dubido, declárome a min mesmo leninista, que iso tamén ás veces pode funcionar, pero como vostedes son incluso demasiado leninistas para o meu gusto, pois eu creo que ás veces deberían vostedes desconfiar máis no criterio dos seus propios militantes, xa que estamos por falar de cousas que non veñen moito ao caso.

En definitiva, vostedes non propoñen apenas nada, medidas de incentivos... Vostede pensa que a medida fiscal é confiscatoria, eu non sei que ameaza supón para alguén que ter a súa vivenda en alugueiro, non digo a primeira vivenda, digo a terceira ou a cuarta, non poñela á disposición en aluguer, que iso se penalice pola vía fiscal supoña ningunha confiscación, en absoluto, é simplemente unha ferramenta de estímulo a que o tremendo parque de vivenda baleira pase ao mercado e, polo tanto, tire dos prezos do alugueiro cara á baixa, que creo que non é exactamente un gran intervencionismo, non é confiscatorio, non se expropia nada, simplemente se, digamos, facilita ou se estimula que se mobilice o parque de vivenda que existe.

Nada máis, eu esperaba, francamente, un pouco máis de vostede neste caso particular pola estima que teño da súa intelixencia e da súa valía, simplemente creo que a verdade é que non achegou gran cousa a este debate.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Primeiro, hai que aclarar unha cuestión: parece que o nivel de execución dun orzamento é a clave dunha boa xestión. Depende de como os gaste un: se os gasta ben, si; se os gasta mal, non. Podemos recordar a débeda, xa non é que gastara o nivel de execución que tiña o Concello de Madrid na época do señor Gallardón, que acumulou unha débeda de 7.000 millóns de euros, iso non quere dicir que houbera unha boa xestión. En todo caso, aínda non compartindo o argumento que utiliza o Partido Popular, pero xa que o Partido Popular o utiliza, pois voullo utilizar tamén, e voulle ler unha cousa que acabo de atopar agora mesmo mentres vostede interviña, que busquei porque o lembraba pero non o tiña aquí nese momento: "La Xunta dejó de gastar dos de cada tres euros de los fondos para el acceso a la vivienda en el año en que agitó el alarmismo por la ocupación". No ano 2020, dun total de 27,5 millóns de euros que a Xunta de Galicia habilitou para favorecer o acceso á vivenda e para rehabilitación de vivendas, só gastou un euro de cada tres, gastou menos de 10 millóns dun orzamento de 27,5. Polo tanto, teñen un nivel de execución do 34%. Utilizando o argumento do Partido Popular, dende logo a xestión da Xunta a ese respecto é nefasta. E non o digo eu, acábano de dicir vostedes, son vostedes os que utilizar o argumento do nivel de execución. Para rehabilitación de vivenda, eu que son dun concello histórico, e que ten parte histórica, perdón, e por tanto coñezo moi de preto esa problemática, o 90% das axudas quedan sen gastar, entre outras cousas porque cada ano se anuncia un novo plan de rehabilitación de vivendas que se conforma cos fondos do ano anterior porque non se gastan. E por que non se gastan? Pois porque exixe, por exemplo, que teñas licenza e a obra rematada, imaxinemos,

vou poñer un exemplo: se a convocatoria sae no mes de maio, exixen que no mes de agosto teñas a obra finalizada, cando con sorte no mes de agosto podes ter a autorización de Patrimonio, con sorte, iso xa se tes alí algunha amizade para poder tirar dela; se non, o máis seguro é que áinda esteas esperando. Polo tanto, eses fondos que se anuncian quedan sen executar e o ano que vólvese sacar ese plan cos mesmos fondos do ano anterior, e así levamos xa uns cantos; de feito, no ano 2020 ou no 19, o nivel de execución dos fondos para rehabilitación, de 64,5 millóns apenas se gastaron a metade no ano 19, e no ano 20 en torno aos 40 millóns de euros. Volvemos novamente a utilizar o mesmo argumento do nivel de execución, pois loxicamente o suspenso a ese respecto é clamoroso.

E non imos falar, porque eu non quixera entrar no que comentei ao inicio da miña intervención, desta segunda intervención, e é que ás veces gastar moito non é gastar ben. Todos sabemos como funcionaba a Xunta de Galicia e como distribúe os seus fondos, e eu non quixera contar algunha anécdota persoal que tiven no meu concello como alcalde, con algún membro do seu partido, que hoxe se atopa aquí sentado, cando fun pedir fondos para algún investimento e se me dixo que non os había, cando aos dous meses a responsable desa consellería mos deu dicindo que, se non se gastaban, había que devolverlos. Ese é un exemplo de como funcionan e de que a comparativa, se faga como se faga no reparto de fondos públicos, e agora estou volvendo a un tema que non quixera, pois penso que saen vostedes sempre malparados.

En todo caso, no tema que nos ocupa que é este, nós presentamos unha emenda que foi aceptada polo grupo propoñente, que é que neste caso se habiliten aquelas vivendas que sexan aptas para poder ser habitadas, tendo en conta que hai moitas delas que áinda están en esqueleto ou sen utilizar, etc., etc. perdón sen rematar; e tamén lembrar que hai unha lei de vivenda que está actualmente debaténdose no Congreso e que xa inclúe algunas destas cuestións das que hoxe estamos a falar e que espero que sexa Enriquecida con achegas como a que hoxe imos aprobar neste Pleno da Corporación, lamentablemente unha vez máis non contando co voto do Partido Popular e só única e exclusivamente, Sr. Lema, porque se insta a Xunta de Galicia. Se se instase a Unión Europea, a Comunidade Autónoma de Asturias, que está o Partido Socialista, ou o Goberno do Estado, non habería ningún problema, pero no momento en que se nomea a bicha a cousa cambia.

Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor : 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Altántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica pola defensa da vivenda pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o Movemento Galego pola Vivenda pública, a vivenda é hoxe un dos principais factores de exclusión social. Ano tras ano padecemos en Galicia centos de desafiuazamentos que son centos de dramas persoais que afectan en maior medida aos colectivos máis vulnerables. A vivenda é, xunto coa precariedade laboral, unha das causas que explica as dificultades da xente moza para se emancipar dos pais e iniciar proxectos vitais autónomos.

Se no 2008, o estouido da burbulla inmobiliaria foi consecuencia dos movementos especulativos no mercado das hipotecas, a actual crise da vivenda é froito da especulación co mercado dos alugueraes, que levan subindo de xeito constante nos últimos anos, concretamente, un 25 por cento nos últimos cinco nas sete grandes cidades galegas.

Esta burbulla do aluguer non é máis que o resultado de medidas concretas decretadas polo goberno para facer atractivo o investimento no mercado inmobiliario, xunto coa ausencia de políticas públicas de vivenda. Cómpre lembrar, así mesmo, que esta suba espectacular no prezo da vivenda en aluguer constitúe unha transferencia directa de rendas da clase traballadora a unha clase de propietarios rentistas liderada polos bancos e diversos fondos voitre, o que supón unha enorme perda de poder adquisitivo e calidade de vida para as clases populares.

Ante a imposibilidade de acceder a unha hipoteca e mesmo a un alugueiro no mercado libre, cada vez un maior número de persoas están a demandar unha alternativa con prezos sociais desde a vivenda pública a este problema, o que funcionaría, ademais, como un xeito de regular á baixa os prezos do mercado libre.

A pesar de seren coñecedoras desta realidade, as administracións central e autonómica permanecen completamente pasivas ante as peticións das más de 11 mil persoas que están a demandar a través do rexistro oficial unha vivenda pública.

Cómpre sinalar, ademais, que desde a chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galicia no 2009, a construción de nova vivenda de protección oficial de promoción pública foi completamente paralizada. Así, pasouse de iniciar 2.965 vivendas no 2010 a unha media anual de 67 vivendas de protección pública nos últimos 6 anos, unha cantidade a todas luces insuficiente e mesmo ridícula se temos en conta a demanda antes sinalada.

Mais tampouco desde o goberno central se tomaron as medidas precisas para facer da vivenda un dereito e non un artigo de luxo logo do estouido da burbulla inmobiliaria de 2008. O resgate de activos inmobiliarios cualificados tóxicos con fondos públicos que deron lugar á creación da SAREB non foi empregado para crear un parque de vivenda pública, senón que este banco actúa hoxe seguindo a mesma lóxica lucrativa que impera na promoción privada de vivenda.

O contexto inflacionista que padecemos hoxe engádelle un argumento máis de urxencia á promoción de vivenda pública, xa que a suba xeral de prezos está empurrando a cada vez un maior número de persoas a unha situación de pobreza e

exclusión social.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a que, en colaboración coa FEGAMP, lleve a cabo unha política de construcción de vivenda pública protexida de promoción pública co fin de atender a demanda rexistrada de 11.000 novas vivendas públicas, así como á demanda futura.
2. Instar ao Goberno do Estado a que siga traballando para incorporar no prazo mais breve posible ao parque de vivenda en alugueiro social todas aquelas vivendas do SAREB que cumpran as condicións necesarias
3. Promover unha política fiscal que penalice a vivenda desocupada en mans de grandes propietarios de vivenda co fin de poñela a disposición dos demandantes da mesma.
4. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado."

Sr. Presidente

A seguinte moción tamén de Marea Atlántica.

3.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio aos traballadores e traballadoras do metal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os traballadores e traballadoras do sector do metal da provincia da Coruña levan 4 días de folga neste mes de maio reivindicando un convenio digno que garanta o mantemento do poder adquisitivo dos salarios e recolla as necesarias melloras laborais e sociais no sector.

Os días 5, 12, 18 e 19 deste mes de maio os traballadores e traballadoras do metal teñen ido á folga, cuns seguimentos maioritarios de ata o 80% nas empresas de máis de 50 traballadores e coa convocatoria de sendas manifestacións. A última gran convocatoria, a do pasado mércores 18 de maio, sumou ata 5.000 traballadores e traballadoras na cidade da Coruña nunha manifestación que partiu dende a rotonda de Santa Cristina, cortou a Ponte da Pasaxe e Alfonso Molina e continuou ata Monelos, rematando na sede da Confederación de Empresarios de A Coruña, onde se negociou o novo convenio. Esta folga xurde despois de dous anos de negociacións fracasadas cunha última proposta da patronal que significaba eliminar a revisión salarial ligada ao IPC, proposta que podería supor unha perda de ata 8.000 euros anuais por traballador ao final da vixencia do actual convenio.

Sumada á reclamación salarial que busca frear esa perda de poder adquisitivo descrita, os sindicatos convocantes, CIG, CCOO e UGT reclaman tamén o dereito á subrogación para todo o persoal, un dia máis de vacacións, a regulación dos pluses de penosidade, toxicidade e perigosidade, as axudas de custos e viaxes e a limitación

do uso de empresas de traballo temporal (ETTs), tan instaladas noutros sectores e que tamén teñen un peso relevante no metal.

O sector do metal segue sendo un sector estratégico que da emprego a máis de 16.000 traballadores e traballadoras na Provincia da Coruña e que polo tanto merece toda a atención e o apoio desta Deputación Provincial da Coruña.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. A Deputación Provincial da Coruña manifesta a súa solidariedade cos traballadores e traballadoras do sector do metal da Coruña nas súas mobilizacións.
2. A Deputación da Coruña expresa o seu apoio ás xuntas reclamacións dos traballadores e traballadoras do sector do metal da Coruña, sobre todo no que atinxe á revalorización dos seus salarios consonte ao aumento do custo da vida, IPC.
3. Dar traslado deste acordo á Confederación de Empresarios da Coruña e ás centrais sindicais CIG, CCOO e UGT.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, presidente.

Estivemos esta semana pasada e as anteriores asistindo á mobilización do sector do metal da comarca da Coruña. Son en total 16.000 persoas as que traballan nel e que veñen facendo unha reclamación moi básica á súa patronal, que é que se actualice ao IPC a previsión de aumento de salarios para este ano.

Estamos asistindo a un paradoxo evidente, que é que a maioría das unidades de producción, a maior parte das empresas están incrementando todo o que poden os seus prezos, os prezos da súa producción, dos seus produtos, pero que non están actualizando os seus salarios. E é evidente que aquí existe unha distorsión enorme: estase encarecendo a cesta da compra, estase encarecendo tamén os beneficios das empresas, pero non se está levando tamén, compensando esta suba do IPC desde o punto de vista do traballo, desde o punto de vista dos salarios. Entón, basicamente é unha moción que transmite o noso apoio ás súas mobilizacións, mobilizacións, lembremos, secundadas e promovidas polos tres sindicatos maioritarios na nosa provincia: UXT, Comisións e a CIG, que a súa principal petición é esta de actualizar os salarios conforme a subida do IPC. Polo tanto, o que se propón son os seguintes acordos:

“A Deputación da Coruña manifesta a súa solidariedade cos traballadores e traballadoras do sector do metal da Coruña nas súas mobilizacións.

Punto dous. A Deputación da Coruña expresa o seu apoio ás xuntas reclamacións dos traballadores e traballadoras no sector do metal de Coruña, sobre todo no que atinxe á revalorización dos seus salarios consonte o aumento do custo da

vida, IPC.

E por último, dar traslado deste acordo á Confederación de Empresarios da Coruña e ás centrais sindicais CIG, Comisións Obreiras e UXT.

Nada máis e grazas.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente.

Nós entendemos que todas as reivindicacións da clase traballadora que perseguen a mellora das súas condicións laborais deben ser consideradas xustas sempre que respecten a orde constitucional. O ordenamento xurídico español recolle como principio constitucional o dereito á negociación colectiva laboral entre os representantes dos traballadores e empresarios, así como a forza vinculante dos convenios, e igualmente recoñece o dereito dos traballadores e empresarios a adoptar medidas de conflito colectivo. A regulación legal da negociación colectiva atópase na Lei do Estatuto dos traballadores no seu artigo 82, referido a concepto e eficacia. Establece o seguinte: “Os convenios colectivos, como resultado da negociación desenvolta polos representantes dos traballadores e dos empresarios, constitúen a expresión do acordo libremente adoptado por eles en virtude da súa autonomía colectiva. Mediante os convenios colectivos e no seu ámbito correspondente, os traballadores e empresarios regulan as condicións de traballo e de produtividade. Igualmente, poderán regular a paz laboral a través das alegacións que se pacten. E os convenios colectivos regulados por esta lei obrigan a todos os empresarios e traballadores incluídos dentro do seu ámbito de aplicación e durante todo o tempo da súa vixencia”.

O que nós entendemos é que a Deputación da Coruña non pode nin debe inmiscirse nas negociacións que se manteñen entre a patronal e os traballadores, nin nas lexítimas medidas de presión, como poden ser unha folga ou manifestación, que os propios empregados empreguen. En todo caso, querémoslle recordar que as persoas traballadoras teñen á súa disposición tanto a Dirección Xeral de Relacións Laborais como o Consello Galego de Relacións Laborais para calquera consulta técnica ou axuda á negociación coa patronal, en todo caso, o Consello de Relacións Laborais e o Foro de Encontro para o Diálogo Institucional entre as organizacións sindicais e empresariais más representativas. O seu principal obxectivo radica en facilitar acordos en materia laboral e no desenvolvemento das súas funcións, actúa con autonomía respecto á Xunta de Galicia e de calquera outra institución da Comunidade Autónoma. As súas funcións resúmense en catro grandes áreas, pero unha delas, que é a que queremos deixar de manifesto, como promotor da negociación colectiva a través do seu apoio material e técnico ás mesas de negociación e ás comisións paritarias dos convenios colectivos.

En todo caso, nós non podemos apoiar esta moción porque entendemos que neste caso non se insta a Xunta de Galicia, e non a imos apoiar non porque se inste a Xunta de Galicia, senón porque entendemos que excede claramente das competencias que nos afectan a nós como institución. Polo tanto, ímola votar en contra.

Nada máis e grazas.

Sr. García Seoane

Simplemente respecto ao último. Todos os que estamos nos concellos temos traballadores e seguro que en todos os concellos que estamos aquí representados hai traballadores do metal; por tanto, como que non temos competencia en defender os salarios dos nosos traballadores, cando as empresas dan as costas aos traballadores? Faltaba máis que as institucións, neste caso os concellos, non defendamos a xente que está situada nos nosos concellos e que subsiste do seu traballo, que ve minguados os seus ingresos cando todo sobe neste país como unha pota cando está fervendo que se bota por fóra. Pero non se acorda ninguén de subirlles aos traballadores o salario. Por tanto, temos as competencias todas do mundo en defender os traballadores.

Sr. Fernández Piñeiro

Eu opino igual que o Sr. García Seoane neste caso, neste Pleno téñense traído mociones, áinda recentemente, cuestións que non teñen nada que ver coas competencias desta Deputación e non hai ningún problema. Parece que ese tamén é un argumento dependendo de se nos interesa o que se solicita ou non para votar a favor ou en contra das mociones.

É verdade que nós non temos competencia en materia laboral nin en administración laboral, nin moiísimo menos, pero si que estamos de acordo no fondo co que persegue esta moción, e neste caso coas mellores condicións laborais dos traballadores, que, efectivamente, como ben dicía, hai mecanismos para que poidan negocialo coa patronal. Esperamos que se faga así, que cheguen a un acordo que sexa satisfactorio e beneficioso para ambas as dúas partes, porque loxicamente un traballador contento sabemos todos e todas que tamén redunda positivamente na produtividade, na producción. Así que nós neste caso imos apoiar tamén esta moción.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Si, a ver, a Mesa de Diálogo Social ten tres partes: ten a parte que representa o traballo, a parte que representa a patronal e ten unha parte que representa a administración; e a administración non está alí para ver cal é o acordo que sae da relación entre o mundo do traballo e o mundo da empresa. A administración, polo tanto, o poder político, ten que ter tamén un punto de vista, non ten que simplemente santificar o acordo ou desacordo das partes. Entón, eu por iso creo que aquí o adxectivo que se coloca na parte resolutiva de que é unha reclamación xusta é relevante porque a toma de partido da administración xustifícarse desde ese punto de vista, o punto de vista de que hai unha suba do IPC acumulado do ano anterior dun 10% e que se actualiza a un 3% os salarios para este ano, co cal hai unha perda dun 7% de poder adquisitivo dos salarios dos traballadores. Polo tanto, a nós como administración é lóxico que se nos apele porque formamos parte de primeiras dessa Mesa de Diálogo Social. E non podemos permanecer neutrais, senón que temos que ter un punto de vista, temos que ter un criterio. E como a mi me parece que son completamente xustificadas e están completamente, digamos determinadas polo que está a acontecendo na economía, de que está aumentando o IPC pero non se están

revalorizando os salarios, apelo a esta institución como parte que é do poder político, do poder público, a que tome partido neste caso por estas demandas que formulaos os traballadores que son más que xustas e xustificadas.

Nada máis e grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias. Vamos a ver, yo en el punto 1, yo digo lo que pone la moción en la parte resolutiva, no entro...: "A Deputación Provincial da Coruña manifesta a súa solidariedade cos traballadores e traballadoras do sector do metal na Coruña nas súas manifestacións". Yo, no hay ningún problema en manifestar nuestra solidaridad, por supuesto. Y respecto a lo que decía el Sr. García Seoane, bueno en la parte segunda, oye, punto 2, no sé exactamente, ellos tienen una mesa de negociación y tienen que entenderse o habrá que invitarlos a entenderse entre ellos.

Sr. García Seoane, yo tengo una pregunta: evidentemente lo más sencillo para nosotros sería votar a favor de este asunto o abstenernos y se acabó, pero mi pregunta es, señor García Seoane: ¿usted el año que viene le va a subir un 10% el salario a los empleados del Ayuntamiento de Oleiros? Porque los empleados del Ayuntamiento de Oleiros trabajan todos, viven todos en el ayuntamiento de Oleiros o la mayoría. Pregunto por curiosidad, no lo sé. Claro, es que aquí, es muy sencillo. Hace poco usted, señor Lema, trajo otra moción "que las pensiones suban como el 10% del IPC", oiga, pero es que aquí hay una cuestión que se llama que algo sea sustentable en el tiempo, que sea perdurable en el tiempo, y ustedes con ese juego que tienen, lo decía bien mi compañero, el señor Roberto Rodríguez: "somos oposición cuando nos peta y somos gobierno cuando nos interesa". Eso es un tema que nosotros procuramos ser o pretendemos ser lo más responsables posible independientemente de que a veces nos podamos equivocar, infalible no hay nadie. Pero en este caso, por responsabilidad y porque entendemos que no es competencia nuestra pero en absoluto, que es meternos de lleno en una negociación entre dos partes, nosotros no vamos a votar a favor de esta moción, vamos a votar en contra. Ya puede ir corriendo a decírselo para que vengan a protestar contra nosotros también.

Gracias.

Sr. García Seoane

Vamos ver, a esa pregunta que me fai: "¿Usted le va a subir?" Dáse a circunstancia, e dígo con todo o respecto do mundo, porque eu teño unha cadro de funcionarios boísima, porque me preocupei de tela, pero os funcionarios neste país, ao lado dos traballadores de calquera outra empresa, son privilexiados, porque xa son os únicos que quedan aos que non se lles pode botar fóra, que non se lles pode despedir, que teñen garantido que poden comprar unha casa, que poden formar a súa vida. Os demás traballadores lamentablemente, e diso coñezo bastante porque o vivín continuamente no apoio constante na miña vida á clase traballadora en pequenas empresas, que ás veces as pequenas empresas que tamén cumplen, cumplen, pero que ás veces se ven desbordadas pola situación económica do país e outras.

Pero neste caso está habendo unhas subidas tremendas en todo, en todo, aquí xa non queda nada que non subira. Falábase de que subiu o petróleo e subiu o gas, pero aquí subiu todo, e non todo depende do petróleo e do gas; e os traballadores seguen nesas empresas determinadas das que estamos a falar e que están loitando por que se lles aumente o soldo... Eu por exemplo no Concello de Oleiros díxenlle á empresa, eu teño contratadas unhas 20 empresas que prestan servizo no Concello de Oleiros e requíroas para que lles suban aos traballadores. Non me pode pedir a min a empresa de recollida do lixo un aumento do IPC do 8% ou do 9% e non pagarllles aos traballadores unha parte dese salario. Iso si que o fago dentro do Concello de Oleiros, iso fágoo dentro do Concello e métome no medio, e dígolle á empresa que ten que pagarllles aos traballadores a parte correspondente do IPC que me está reclamando a min no seu contrato. Por tanto, hai formas de actuar e xa digo... Ben, contestado.

Sr. Lema Suárez

Eu son os orzamentos do Estado os que determinas a suba dos salarios. E o que non podemos é ser neoliberais á 1.30 h e intervencionistas ás 12.15 h. É dicir, eu o que non entendo moi ben é que aquí se apele aos equilibrios que se dean no xogo de presións entre o traballo e os empresarios nesta negociación, e que de aí nós santificamos o acordo que sexa, polo tanto un Estado cun rol máis ben pasivo, máis ben ausente, que cre nesa liberdade e nesa autonomía de mercado, pero despois resulta que na moción primeira soltamos 35.000 millóns de euros de cartos públicos para rescatar o sector bancario, que se suman aos 60.000 do gasto investido directamente no sector bancario, non pola vía da Sareb, senón pola vía do rescate directo. Entón, ou somos neoliberais e pensamos na autonomía do mercado e demais, ou somos intervencionistas, como din vostedes. O que non podemos é intervir para rescatar os poucos e grandes, e facer abstinencia cando son moitos e pequenos. Creo que aquí é onde se manifesta a lóxica dos intereses de clase de cadaquén deste hemiciclo representa; vostedes representan determinados intereses de clase. Ben, efectivamente eu ata o respecto, os da banca, os dos grandes construtores. Eu representou outros, xa está.

Entón, que sucede? Vostede estame dicindo no debate anterior que 35.000 millóns de euros da Sareb ben gastados estaban e 60.000 millóns de euros do rescate bancario ben gastados estiveron. Vanse incorporar todos eles, xa se incorporaron os do rescate bancario á débeda pública que imos ter que pagar todos por igual, por certo, imos ter que pagar, iso vai ter que ser devolto por todo o mundo por igual, non por quen xestionou mal o seu negocio privado antes de 2008. Entón, vostedes aí interveñen e haberá algunha lóxica que sustente a súa intervención, a que sexa, que non se pode deixar que a economía caia, moi ben, perfecto. Pero agora non obstante din: non, o Estado neutral, mirando a xogada desde a barreira. É que eu non acabo de entendelo; non acabo de entender por que unha norma ás veces se aplica ou unha lóxica ás veces se aplica e outras veces non. Entón, ou somos intervencionistas ou somos neoliberais. Ou sempre funciona a dinámica da oferta e a demanda e da correlación de forzas entre o traballo e o capital, ou o Estado ten algo que dicir.

Eu diríalle que prefiro que o Estado interveña case sempre, que o Estado tenda a intervir; e penso que cando as reclamacións do mundo do traballo son xustas, como neste caso, pois é bo que manifeste a súa solidariedade cunha das partes e non coa outra.

Nada más e grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor : 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Altántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio aos traballadores e traballadoras do metal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os traballadores e traballadoras do sector do metal da provincia da Coruña levan 4 días de folga neste mes de maio reivindicando un convenio digno que garanta o mantemento do poder adquisitivo dos salarios e recolla as necesarias melloras laborais e sociais no sector.

Os días 5, 12, 18 e 19 deste mes de maio os traballadores e traballadoras do metal teñen ido á folga, cuns seguimentos maioritarios de ata o 80% nas empresas de máis de 50 traballadores e coa convocatoria de sendas manifestacións. A última gran convocatoria, a do pasado mércores 18 de maio, sumou ata 5.000 traballadores e traballadoras na cidade da Coruña nunha manifestación que partiu dende a rotonda de Santa Cristina, cortou a Ponte da Pasaxe e Alfonso Molina e continuou ata Monelos, rematando na sede da Confederación de Empresarios de A Coruña, onde se negociou o novo convenio. Esta folga xurde despois de douceños de negociacións fracasadas cunha última proposta da patronal que significaba eliminar a revisión salarial ligada ao IPC, proposta que podería supor unha perda de ata 8.000 euros anuais por traballador ao final da vixencia do actual convenio.

Sumada á reclamación salarial que busca frear esa perda de poder adquisitivo descrita, os sindicatos convocantes, CIG, CCOO e UGT reclaman tamén o dereito á subrogación para todo o persoal, un dia máis de vacacións, a regulación dos pluses de penosidade, toxicidade e perigosidade, as axudas de custos e viaxes e a limitación do uso de empresas de traballo temporal (ETTs), tan instaladas noutros sectores e que tamén teñen un peso relevante no metal.

O sector do metal segue sendo un sector estratégico que da emprego a máis de 16.000 traballadores e traballadoras na Provincia da Coruña e que polo tanto merece toda a atención e o apoio desta Deputación Provincial da Coruña.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. A Deputación Provincial da Coruña manifesta a súa solidariedade cos traballadores e traballadoras do sector do metal da Coruña nas súas

mobilizáños.

2. A Deputación da Coruña expresa o seu apoio ás xuntas reclamacións dos traballadores e traballadoras do sector do metal da Coruña, sobre todo no que atinxe á revalorización dos seus salarios consonte ao aumento do custe da vida, IPC.
3. Dar traslado deste acordo á Confederación de Empresarios da Coruña e ás centrais sindicais CIG, CCOO e UGT."

Sr. Presidente

Hai unha cuarta moción do PSdG e o BNG sobre o acceso á inclusión dixital.

4.Moción do PSG-PSOE e do BNG sobre acceso e inclusión dixital

A Plataforma de Xubilados e Pensionistas de Cigarreiras e Tabaqueiros veñen de trasladarnos a súa preocupación sobre da exclusión financeira das persoas maiores e en xeral sobre dos problemas derivados da súa avanzada edade.

Deste xeito, a devandita Plataforma transmitiuños a súa preocupación polo deterioro na relación con respecto ás persoas de maior edade que están a sentir por parte de moitas das institucións; situación que lles está a crear un real abandono por parte dos poderes públicos, os cales, en última instancia, son os que deben de velar polo cumprimento da nosa responsabilidade de atención á cidadanía e máis especialmente ao colectivo de persoas xubiladas e pensionistas, que non esquenzamos representan xa ao 25% da poboación.

As distintas entidades bancarias gozan de cuantiosos beneficios que se cifran en 25.000 millóns de euros no pasado ano, o que representa xa más do 40% dos obtidos no ano 2019. Moitos destes beneficios non proveñen dunha boa xestión financeira, senón dun constante cobro de comisións e de reducións de persoal, que é a causa definitiva de que os máis necesitados de atención, como son as persoas pensionistas, e especialmente os que teñen movilidade reducida ou algúnsa discapacidade, sufran as consecuencias. A isto hai que engadir os peches de oficinas bancarias e a concentración en lugares alonxados da zona onde estes colectivos teñen domiciliada as súas pensións e recibos de pago.

Dacordo co anterior, as entidades bancarias desvíán e redirixen a súa atención - que debería ser persoal - aos medios ofimáticos; demostrando deste xeito pouca ou ningunha comprensión polos problemas de xestión que xa están a afectar aos seus clientes, cando en realidade han de ser as entidades financeiras as que deben de adaptarse ás necesidades das persoas, que ó fin son os seus clientes, depositando o seu diñeiro nas súas respectivas contas bancarias.

Ante esta realidade o que as persoas de maior edade demandan é un decálogo de compromiso por parte das entidades bancarias, a saber:

1. Unha atención personalizada.
2. Un horario específico.
3. A garantía de poder obter diñeiro en efectivo.
4. Que non existan importes mínimos na retirada en efectivo a través de caixeiro ou ventanilla.
5. Que deixen de cobrarse comisións pola realización de ingresos ou retiradas de cartos en efectivo.
6. A gratuidade das contas onde se perciben as pensións, calquera que sexa a súa cuantía.
7. Axuda persoalizada aos clientes con problemas no manexo das novas tecnoloxías.
8. Atención telefónica persoalizada e individualizada.
9. Acercar as oficinas aos lugares onde foran pechadas e manter preferentemente os caixeiros no interior da entidade bancaria ou nun espacio protexido do exterior para manter a seguridade das persoas especialmente vulnerables.

Ó fío do relatado, no mes de xullo do pasado ano Pedro Sánchez presentaba a Carta de Dereitos Dixitais, un dos compromisos más importantes do goberno socialista, cuxo obxectivo é protexer os dereitos da cidadanía na nova era de Internet e da Intelixencia Artificial, na que estos dereitos presentan vulnerabilidades novas e de extrema gravidade.

A Carta de Dereitos Dixitais non ten carácter normativo, sendo en consecuencia o súa finalidade propoñer un marco de referencia para a acción de todos os poderes públicos; un marco que, sendo compartido por todos, nos permita navegar nun entorno dixital que facilite, aproveite e desenvolva todas as oportunidades e potencialidades da cidadanía.

Pretende, en definitiva, desenvolver políticas públicas más xustas que nos protexan a todos.

Nesta Carta de Dereitos Dixitais, no apartado relativo aos "Dereitos dixitais da cidadanía nas súas relacións coas Administracións Públicas" expresamente se di "5. Ofreceranse alternativas no mundo físico que garanticen os dereitos daquelas persoas que opten por non utilizar recursos dixitais".

Nesta mesma liña está a traballar a Deputación da Coruña a través da súa Estratexia Dixital Provincial que ten como obxectivo prioritario establecer unha estratexia global de traballo no ámbito dixital para os próximos catro anos coa fin primordial de facilitar a prestación dos seus servizos á cidadanía e ás Administracións Locais da provincia, promovendo, mellorando e aproveitando o potencial das tecnoloxías.

Deste xeito un dos principios inspiradores da nosa Estratexia Dixital Provincial é o principio da inclusión e da accesibilidade, é decir, diseñar servizos públicos dixitais de forma que sexan incluíntes e tomen en consideración as diferentes necesidades. Dentro dos retos da Estratexía Dixital Provincial atópase a de acadar unha Administración intelixente e eficiente a través da accesibilidade dixital, traballando no concepto de inclusión dixital da cidadanía, incidindo en tres grandes ámbitos: capacitación e eliminación de barreiras, acceso a redes de alta velocidade, e posta a disposición de servizos públicos electrónicos.

Polo exposto, os grupos provinciais do PsdeG e do BNG propoñen a adopción dos

seguientes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a elaborar dentro do seu abano de competencias exclusivas no ámbito do Consumo, a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencias, unha Carta de Servizos Básicos que protexa, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos de todos os galegos e galegas en canto consumidores e consumidoras.
2. Instar ao Goberno do Estado para que promova un marco normativo que garanta o dereito de toda a cidadanía a non ser excluída no ámbito financeiro no seu ámbito territorial.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo.

Teñen todos os deputados e deputadas a moción, e a problemática xa se ten tocado ademais noutras ocasións neste salón de plenos sobre as dificultades que teñen, sobre todo persoas maiores e demais, para achegarse ás novas tecnoloxías, neste caso a exclusión dixital con moitas entidades bancarias e tamén incluso coas propias administracións, e froito desa sensibilidade que temos con este tema e das conversas que fomos mantendo con distintas entidades deste tipo de colectivos e deste sector pois hoxe traemos esta moción a Pleno coa seguinte proposta de acordo, e é:

"Instar a Xunta de Galicia a elaborar dentro do seu abano de competencias exclusivas no ámbito do consumo, a través do Instituto Galego de Consumo e das competencias, unha carta de servizos básicos que protexa mediante procedementos eficaces a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos de todos os galegos e galegas en canto consumidores e consumidoras.

E no punto dous, instar o Goberno do Estado para que promova un marco normativo que garanta o dereito de toda a cidadanía a non ser excluída no ámbito financeiro no seu ámbito territorial".

Hai unha emenda presentada polo Partido Popular, entendo que é de substitución do punto número 1, na que propón que "Instar o Goberno central, a Xunta de Galicia e o Goberno da Deputación da Coruña e os concellos da provincia a que dentro das súas competencias lexislen e doten nos seus presupostos programas e iniciativas que garantan o acceso de todos os cidadáns ás TIC con asistencia e alfabetización dixital, garantindo a inclusión social e o acceso aos servizos das persoas que opten por non usar os recursos dixitais".

Ben, nós estamos de acordo, pero non en que sexa de substitución. Entendemos que o que abunda non dana, neste caso, e que por tanto poderíamos incluir este punto que vuestedes propoñen como un terceiro punto, pero non eliminando o primeiro tendo en conta que son cuestións distintas. Unha cuestión é que a Xunta, dentro das súas competencias no ámbito do consumo, sobre todo no que se refire ás entidades financeiras e demais, adopte medidas e, loxicamente, habilite fondos para poder colaborar na redución dessa brecha, e outra cousa é que

nas distintas administracións, as locais ou a estatal tamén fagamos o propio, facilitando o acceso a estas administracións e aos recursos que poidamos poñer á disposición da cidadanía non só por medios dixitais, que, como ben sabemos, ás veces complican a súa tramitación para unha parte importante da poboación, senón tamén presenciais e analóxicos. E, polo tanto, neste caso nós estariamos dispostos a aceptar esta emenda sempre que sexa de adición e non de supresión.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Galego Feal

Bo día.

A ver, esa é a pretensión, porque nesa emenda dise que se mantén, que igual está mal expresado no senso de dicir que substitúe o punto primeiro, pero trátase de levala ao punto primeiro e logo manter o segundo e o terceiro tal e como está a moción. Ese é o sentido da emenda. Que a hai que poñer no punto terceiro? Pois tamén a poñemos no punto terceiro, non pasa nada. Ou sexa, se o sentido da emenda é ese, é adicionar a, non substituír a.

Sr. Fernández Piñeiro

A confusión vén porque pon de substitución, pero, ben, aclarado e non hai problema, aceptámola como de adición e inclúese na proposta de acordo como terceiro punto.

Sra. Muíño Filgueira

Tendo en conta que queda engadido este punto á parte resolutiva e que realmente o que recolle a moción é unha realidade na que a falta de mecanismos para eliminar barreiras está deixando fóra do acceso a servizos e de exercer o seu derecho ao consumo unha parte importante da poboación que, non tanto por non querer, senón por diversas razóns de competencia e vinculadas á idade, o que exixen é que se desenvolvan os mecanismos necesarios para garantir o seu acceso aos recursos e servizos en igualdade de condicións, dispoñendo dos requisitos que necesitan para así poder facelo. Evidentemente, a formación dixital e facer chegar esta formación á poboación é un mecanismo, pero contemplando sempre o dereito que xa dalgún xeito se contempla na lei de accesibilidade, de que calquera persoa debe poder acudir e beneficiarse de calquera servizo, poder participar en sociedade, que é o espírito que recolle esta parte dos acordos.

Entendemos que ao ser a emenda, ao ser de adición, queda un abano de acordos más completo e nada más.

(Abandona o salón o Sr. Santos Regueiro)

Sr. Galego Feal

A ver, un pouco, unha vez que está admitida a emenda, un pouco aclarar no senso de que, a ver, é que nosoutros estimamos que este contido da moción, o que é en si a moción, a exposición de motivos, implica provocar esta emenda, non por nada,

senón porque por un lado se está falando da brecha dixital e da inclusión dixital e ao mesmo tempo se está falando de persoas que non teñen acceso, de persoas que si teñen acceso, de colectivos desfavorecidos, de persoa maiores, para despois ao final simplemente neses dous acordos acabar no tema bancario. Entón, o contido da exposición de motivos abarca moito máis alá que o tema bancario. E, por outro lado, están aí as recomendacións da Unión Europea tocante á brecha dixital e á inclusión dixital, o cal vai necesitar facilitar accesos a eses medios dixitais e ao mesmo tempo alfabetizar aquelas persoas que si queiran incorporarse a ese mundo dixital.

Agora ben, tamén, que xa o di a propia moción, hai que garantir o dereito daquelas persoas que polo que sexa, por medo, falta de coñecemento, analfabetismo tecnolóxico, etcétera, etcétera, e vontade persoal de non incorporarse a ese medio, hailles que garantir a asistencia, tanto nos bancos como nas institucións. E precisamente as institucións, chámese Goberno central, Xunta, Deputación ou concellos estamos aí, unha, para reducir esa brecha dixital no sentido de financiar políticas que impliquen un mellor servizo dixital e, ao mesmo tempo, alfabetización dixital, que tamén estamos aquí precisamente para promover esas políticas. E lexislando, non só cartas dixitais, non, lexislando cada un nas súas competencias, incluíndo nos presupostos o necesario precisamente para romper esa brecha e para animar os cidadáns a que utilicen ese contido dixital.

Por outra banda, creo, e non imos entrar en polémica, que sinceramente as competencias que pode ter Consumo da Xunta de Galicia en materia bancaria son más ben escasas e mínimas. Ou sexa, ben, pode elaborar unha carta de dereitos para a inclusión dixital?, perfecto, pero as competencias evidentemente están todas no Banco de España e, se precisamente aceptamos ese contido da moción é porque o que de verdade consideramos transcendentelmente é o punto segundo: instar o Goberno para que promova o marco normativo que garanta o dereito de toda a cidadanía a non ser excluída do ámbito financeiro no seu ámbito territorial, que creo que por aí deberíamos empezar.

Pero ben un pouco, iso, a historia da emenda é esa un pouco porque dentro da moción vai o tema bancario e un pouquiño, copiando o argumentario do médico este de “somos vellos pero non tontos”, pero ao mesmo tempo engadindo empresas, institucións, etcétera, etcétera. Por tanto, creo que a emenda vén completar ben ese contido da moción

Grazas.

Sr. Lema Suárez

Nós imos apoiar a moción tamén coa emenda engadida. Para xustificar o noso voto, dicir que lamentamos que, claro, no seu momento cando se tolerou a desaparición da banca pública non tiveramos en conta esta derivada. Evidentemente, a banca privada non atende a dereitos senón que fai negocios, e existía unha banca pública que se tolerou desde as institucións políticas a súa desaparición á que si lle poderíamos exixir que prestase servizos en contra da lei do lucro, que é a que rexe no sector privado.

Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor : 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Altántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado/a (En virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, por mayoría, aproba a seguinte moción:

"Moción do PSG-PSOE e do BNG sobre acceso e inclusión dixital"

A Plataforma de Xubilados e Pensionistas de Cigarreiras e Tabaqueiros veñen de trasladarnos a súa preocupación sobre da exclusión financeira das persoas maiores e en xeral sobre dos problemas derivados da súa avanzada edade.

Deste xeito, a devandita Plataforma transmitiuños a súa preocupación polo deterioro na relación con respecto ás persoas de maior edade que están a sentir por parte de moitas das institucións; situación que lles está a crear un real abandono por parte dos poderes públicos, os cales, en última instancia, son os que deben de velar polo cumprimento da nosa responsabilidade de atención á cidadanía e más especialmente ao colectivo de persoas xubiladas e pensionistas, que non esquenzamos representan xa ao 25% da poboación.

As distintas entidades bancarias gozan de cuantiosos beneficios que se cifran en 25.000 millóns de euros no pasado ano, o que representa xa máis do 40% dos obtidos no ano 2019. Moitos destes beneficios non proveñen dunha boa xestión financeira, senón dun constante cobro de comisións e de reducións de persoal, que é a causa definitiva de que os máis necesitados de atención, como son as persoas pensionistas, e especialmente os que teñen movilidade reducida ou algunha discapacidade, sufran as consecuencias. A isto hai que engadir os peches de oficinas bancarias e a concentración en lugares alonxados da zona onde estes colectivos teñen domiciliada as súas pensións e recibos de pago.

Dacordo co anterior, as entidades bancarias desvían e redirixen a súa atención - que debería ser persoal - aos medios ofimáticos; demostrando deste xeito pouca ou ningunha comprensión polos problemas de xestión que xa están a afectar aos seus clientes, cando en realidade han de ser as entidades financeiras as que deben de adaptarse ás necesidades das persoas, que ó fin son os seus clientes, depositando o seu diñeiro nas súas respectivas contas bancarias.

Ante esta realidade o que as persoas de maior edade demandan é un decálogo de compromiso por parte das entidades bancarias, a saber:

1. Unha atención personalizada.
2. Un horario específico.
3. A garantía de poder obter diñeiro en efectivo.
4. Que non existan importes mínimos na retirada en efectivo a través de caixeiro ou ventanilla.

5. Que deixen de cobrarse comisións pola realización de ingresos ou retiradas de cartos en efectivo.
6. A gratuidade das contas onde se perciben as pensións, calquera que sexa a súa cuantía.
7. Axuda persoalizada aos clientes con problemas no manexo das novas tecnoloxías.
8. Atención telefónica persoalizada e individualizada.
9. Acercar as oficinas aos lugares onde foran pechadas e manter preferentemente os caixeiros no interior da entidade bancaria ou nun espacio protexido do exterior para manter a seguridade das persoas especialmente vulnerables.

Ó fío do relatado, no mes de xullo do pasado ano Pedro Sánchez presentaba a Carta de Dereitos Dixitais, un dos compromisos más importantes do goberno socialista, cuxo obxectivo é protexer os dereitos da cidadanía na nova era de Internet e da Intelixencia Artificial, na que estos dereitos presentan vulnerabilidades novas e de extrema gravidade.

A Carta de Dereitos Dixitais non ten carácter normativo, sendo en consecuencia o súa finalidade propoñer un marco de referencia para a acción de todos os poderes públicos; un marco que, sendo compartido por todos, nos permita navegar nun entorno dixital que facilite, aproveite e desenvolva todas as oportunidades e potencialidades da cidadanía.

Pretende, en definitiva, desenvolver políticas públicas más xustas que nos protexan a todos.

Nesta Carta de Dereitos Dixitais, no apartado relativo aos "Dereitos dixitais da cidadanía nas súas relacións coas Administracións Públicas" expresamente se di "5. Ofreceranse alternativas no mundo físico que garanticen os dereitos daquelas persoas que opten por non utilizar recursos dixitais".

Nesta mesma liña está a traballar a Deputación da Coruña a través da súa Estratexia Dixital Provincial que ten como obxectivo prioritario establecer unha estratexia global de traballo no ámbito dixital para os próximos catro anos coa fin primordial de facilitar a prestación dos seus servizos á cidadanía e ás Administracións Locais da provincia, promovendo, mellorando e aproveitando o potencial das tecnoloxías.

Deste xeito un dos principios inspiradores da nosa Estratexia Dixital Provincial é o principio da inclusión e da accesibilidade, é decir, diseñar servizos públicos dixitais de forma que sexan incluíntes e tomen en consideración as diferentes necesidades. Dentro dos retos da Estratexía Dixital Provincial atópase a de acadar unha Administración intelixente e eficiente a través da accesibilidade dixital, traballando no concepto de inclusión dixital da cidadanía, incidindo en tres grandes ámbitos: capacitación e eliminación de barreiras, acceso a redes de alta velocidade, e posta a disposición de servizos públicos electrónicos.

Polo exposto, os grupos provinciais do PsdeG e do BNG propoñen a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a elaborar dentro do seu abano de competencias exclusivas no ámbito do Consumo, a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencias, unha Carta de Servizos Básicos que protexa, mediante

procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos de todos os galegos e galegas en canto consumidores e consumidoras.

2. Instar ao Goberno do Estado para que promova un marco normativo que garanta o dereito de toda a cidadanía a non ser excluída no ámbito financeiro no seu ámbito territorial.

3. Instar ao Goberno Central, á Xunta de Galicia, ao goberno da Deputación da Coruña e aos Concellos da Provincia a que, dentro das súas competencias, lexislen e doten nos seus presupostos programas e iniciativas que garantan o acceso de todos os cidadáns ás TIC con asistencia e alfabetización dixital, garantindo a inclusión social e o acceso aos servizos das persoas que opten por non usar os recursos dixitais."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Alfonsín Somoza

Ola, bos días a todos. Moitas grazas, señor presidente.

Na última intervención que tiven neste salón de plenos quítouseme a palabra por terme referido á extremada sensibilidade que amosa o alcalde socialista de Dodro polos cans en detrimento dos nosos veciños. Non quixera que nesta intervención me volva quitar a palabra e, por iso e aínda que é de interese coñecer a opinión do señor González Formoso, non lle vou preguntar que opinión lle merece o feito de que o alcalde de Dodro denuncie a catro veciños de Dodro por ter compartida unha publicación do Partido Popular de Dodro e se lle parece ben que este alcalde socialista pida de 6 meses a dous anos de cárcere e 3.000 € de multa para cada un deses veciños.

Nin tampouco lle vou preguntar como é posible que ao presidente da Deputación da Coruña lle sobre tempo para ir a Ourense, para dicir o que ten que facer e non facer o alcalde de Ourense capital, e non ten nin 5 minutos para interesarse polo que está a pasar en Dodro, que é concello da provincia da Coruña.

Nin tampouco lle vou preguntar como é posible que o presidente da Deputación da Coruña me quite a palabra por referirme ao alcalde de Dodro, pero en cambio o partido que vostede dirixe, o Partido Socialista de Galicia, presente unha moción na Deputación de Ourense para pedir unha moción de censura contra o alcalde de Ourense capital.

E moito menos lle preguntarei se o señor Lage Tuñas e o señor Fernández Piñeiro e vostede mesmo están de acordo coa actuación do señor Castro Tourís, porque do seu absoluto silencio só se pode concluír o seu total apoio.

E, visto que vostede non quere que se fale do alcalde de Dodro, e tanto vostede como o seu partido apoian as denuncias contra os veciños, e para que non me quite a palabra, formúolle a seguinte pregunta: a Deputación da Coruña financia directamente a maior parte do persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Dodro, así como en moitos outros concellos da provincia. Concretamente financia un posto de auxiliar administrativo, un posto de educador familiar e as horas

prestadas de Servizo de Asistencia no Fogar Básico e que prestan tres empregadas. Nesta lexislatura o funcionamento deste departamento en Dodro non está a desenvolver a súa función como viña sendo habitual dende hai moitos anos, ocasionando un grave prexuízo ás familias que necesitan dos seus servizos e que na súa maioría, por diferentes motivos, son especialmente sensibles e precisan absolutamente do apoio destes servizos públicos.

Expónolle brevemente como está a funcionar o Departamento de Servizos Sociais nestes últimos anos e como se están a empregar os fondos que a Deputación da Coruña destina para que os veciños de Dodro poidan dispor duns servizos públicos absolutamente necesarios e prioritarios.

No ano 2020, a pesar de que o POS Social se solicitou para contratar unha traballadora social de reforzo, foi contratada unha traballadora só por dous meses e o resto do POS Social foi xustificado coa compra de diverso material. Dende outubro de 2020 ata xullo de 2021 estivo sen ser cuberta a baixa de auxiliar administrativa, é dicir, que os fondos destinados ao pagamento dese salario non foron empregados.

Dende outubro de 2021 causou baixa a persoa contratada como educador familiar e a día de hoxe áinda non se cubriu o seu posto, a pesar de que era unha baixa laboral anunciada. Do plan de financiamento dos módulos de educadora familiar e auxiliar administrativa e o Servizo de Axuda no Fogar no ano 2021 quedaron sen xustificar 13.000 euros. Do POS Social de 2021 quedaron sen xustificar 27.000 euros dun total de 65.000 euros. Da subvención para a Igualdade concedida no ano 2021 por 16.500 euros, só se utilizou unha mínima parte para contratar unha persoa só por 2 meses.

A pesar de que os veciños de Dodro teñen que esperar dous e tres meses para que lles asignen as horas de Servizo Básico de Asistencia no Fogar, o Goberno actual de Dodro é incapaz de xustificar a totalidade das horas que financia a Deputación. A día de hoxe só está unha auxiliar administrativa traballando no Departamento de Servizos Sociais e estanse a cubrir as baixas da traballadora social e da educadora familiar.

Nesta situación, e tendo en conta que o Goberno da Deputación da Coruña aprobou un POS social dende hai 3 anos para beneficio dos concellos da provincia e mantén o plan de financiamento aos concellos, señor presidente, pregúntolle: que valoración lle merece a vostede e ao seu Goberno o emprego do financiamento da Deputación para servizos sociais que está a facer o Goberno municipal de Dodro presidido polo alcalde socialista?

A seguinte pregunta: coa información dos expedientes que obran en poder da Deputación do financiamento do Concello de Dodro en materia de servizos sociais, considera vostede que os veciños de Dodro están a recibir a atención e servizos para os que vostede e o seu Goberno aprobaron o POS Social?

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Moitas grazas pola pregunta e polo estilo.

Simplemente dicir que creo que hai unha confusión: cando falamos de que a Deputación é a casa de todos os concellos, non significa que isto sexa un pleno dun concello. Eu quero agradecer a todos os deputados e deputadas que hai nesta casa, quero agradecer ao Sr. Castrillón, portavoz da oposición en Narón, que non veña preguntar aquí por que non está limpa unha pasarela en Santa Icía; e quero agradecer enormemente ao Sr. Ben que non veña preguntar a este Pleno por que no Castiñeiriño hai unha papeleira sen recoller; e quero agradecer enormemente ao Sr. Galego, portavoz e líder da oposición en Fene, por que non funciona un semáforo en Limodre. Creo que os veciños e veciñas de Dodro teñen todo o respecto desta casa, teñen todo o apoio económico, técnico e xurídico dende hai décadas desta casa e, polo tanto, calquera información que consideren oportuna teñen aberto o meu despacho e esta institución durante 24 horas, pero tampouco imos a confundirnos de papel. Moitas grazas.

Moitísimas grazas a todos e a todas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:01 horas.